

SESION ORDINARIA DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2018

(Acta Número 12)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de novembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de outubro de dous mil dezaoito, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Neste momento pide a palabra o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez por unha cuestión de orde, séndolle concedida polo Presidente, para manifestar o seguinte:

“Básicamente para manifestar o xa manifestado na Comisión Informativa, porque creo que a decisión que debe tomar este Pleno é anterior ó debate do Pleno de Presupostos”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Imos intentar debater e escoitar as intervencións dos representantes de cada Grupo, porque presentaron emendas, e a continuación tomaremos a decisión”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“En función dos artigos 108, 109, 116, 117, creo que teño dereito a utilizar a palabra para expoñer unha cuestión de orde previa á deliberación dos Presupostos, non sei se unha vez máis vostede fai unha interpretación estilo compadre e elimina a proposta deste Deputado, porque eu creo que o di claro”.

A continuación por parte do Sr. Presidente maniféstase o seguinte:

“Eu non lle quitei a palabra, de feito xa puido falar, pero se quere intervir ten a palabra”.

Toma a palabra o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Básicamente o que fago é solicitar de novo deixar sobre a mesa os Presupostos xa que estamos ante un debate dos máis importantes de calquera Administración Pública; non fai falla mirar para Madrid para ver que é un debate que sempre ten consecuencias, prolóngase, e vemos que é o exemplo máis claro de visualizar os compromisos, propostas de futuro, e incluso a ideoloxía política de quen os propón. Aquí sen embargo dende o primeiro momento trátase de ocultar e minimizar o debate, como diría Jesucristo “aparta de mí este cáliz”.

Por iso dende o primeiro momento utilízanse argucias e artimañas legais, políticas ó fin e ó cabo, co obxecto de furtar o debate sobre a proposta de Presupostos cunha política, eu sei que non lles gusta o termo, pero podíamola definir de trilería porque é o que fan e utilizan.

O que fan é moi sinxelo, aínda que xa o expliquei na Comisión Informativa, non poñen a disposición dos Deputados, e falo por mín, tal e como esixe a lexislación vixente, artigo 108 do Regulamento, e a Lei de Bases de Réxime Local din que “a documentación íntegra dos asuntos incluídos na Orde do Día que deba servir de base ó debate, e no seu caso votación, deberá figurar a disposición dos Deputados dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Corporación”.

Nada disto se fixo, polo cal vostedes que recurren ó Xulgado e incluso teñen unha Sentenza, eu creo que forzada, que por un defecto de convocatoria despois de quince anos convocando da mesma maneira, non se entra no fondo do asunto pero anúlase un acordo dun Consello de Suplusa, creo que debían ser coherentes con eses recursos que plantexan e deixar isto sobre a mesa para volvelo presentar.

A documentación íntegra do expediente ou expedientes da Comisión de Economía, neste caso concreto o proxecto de Presupuesto de 2019 que son cerca de catrocentas páxinas, non puidemos dispoñer del ata o día anterior da Comisión Informativa, e para miralo tivemos tres días, fastidiando a fin de semana, que parece ser que algúns non temos dereito á vida familiar, e o que é aínda máis grave incumprindo tamén o que di o artigo 112 do Regulamento, que vostedes se empeñaron en que fora polo antigo e non polo novo, onde di que “os Grupos provinciais ou os Deputados teñen dereito a presentar emendas de adicións, supresión ou modificación ós ditames ou

propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ó da celebración da sesión correspondente”. O uso e costume desta Casa, o día anterior entendíase dende que estaba aberto o Rexistro, dende as nove da mañá ás catorce horas, a nós obrigousenos a presentar as emendas antes das dez horas, ou sexa que tivemos o luns unha hora para rexistrar as nosas emendas, e os que traballamos e temos que distribuir os traballadores no noso concello tivemos media hora ou tres cuartos de hora para poder chegar aquí e poder presentalas.

Pero é máis, cando se plantexa o tema na Comisión Informativa resulta que se declara de urxencia, pero curiosamente tampouco se vota. Eu creo que as irregularidades e as presuntas ilegalidades que se fixeron nesta convocatoria aconsellarían deixalo sobre a mesa. Aparte chama a atención que nós non podamos dispoñer destes Presupostos cando en outubro se vai ó Parlamento Galego e se monta un aquelarre supoño que con estes mesmos Presupostos, invítase e dáselle ós medios de comunicación as macrocifras, e ós Deputados que temos que votar e coñecelo nada de nada. Creo que isto debe ser, repito, motivo para deixalo sobre a mesa.

Por iso pido que se retire da Orde do Día o Proxecto de Presupostos co fin de darme, neste caso a mín, tempo para estudalo ben, e se inclúa con posterioridade cando se facilite a documentación en tempo e forma e se axusten ós prazos; de non facerse presentarei os recursos que me correspondan xa que creo que esa falla de tempo para preparalo afecta ós meus dereitos fundamentais como Deputado”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Entendo a súa preocupación por iso, e o que teño moi claro é que non se obrigou a ninguén, creo que se chegou alí a un acordo no que mais ou menos todos estabamos de acordo en presentar as emendas ata as dez da mañá do luns. Nese aspecto eu teño a prerrogativa de declaralo de urxencia e imos seguir coa tramitación dos Orzamentos”.

Por parte do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez pregúntase se hai que votar a urxencia.

A continuación por parte do Sr. Presidente dáse a palabra ó Sr. Secretario en funcións, D. Manuel Castiñeira Castiñeira para respostar sobre a procedencia ou non de votar a declaración de urxencia, manifestando o seguinte:

“Neste caso non hai que votar a urxencia, creo recordar que o artigo 110 do Regulamento Orgánico establece que calquera Deputado pode pedir que quede sobre a mesa, agás que o declare de urxencia o Sr. Presidente, esta é a redacción neste momento. Esta norma lóxicamente despraza a regulación do ROF que é distinta”.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIONS DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA, E DE GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2019, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Economía, Recadación, e Facenda, do seguinte teor:

“O proxecto de Orzamento Xeral integrado polo da propia entidade e o de SUPLUSA ascende a:

- A propia entidade:	84.419.745,54 €
- SUPLUSA:	3.249.395,27 €
- Orzamento xeral consolidado:	85.122.056,48 €

Aumenta en 4.344.675,07 € respecto ao de 2018, o que representa o 5,38%.

O ámbito subxectivo ó efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de

avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), tendo en conta a extinción prevista da Fundación TIC con data 31 de decembro de 2018, subrogando a Deputación a prestación dos servizos e actividades da mesma, é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	84.419.745,54 €
- SUPLUSA:	3.249.395,27 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.799.700,20 €
- Consolidación dos 4 entes (LOE)	88.467.006,58 €

Aumenta en 4.763.849,85 € respecto ao de 2018, o que representa o 5,69%.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	Consorcio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S					
Op. non financeiras (1-7)	84.119.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.167.006,58 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.671.750,49 €	- €	- €		5.671.750,49 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	4.894.400,07 €	- €	- €		4.894.400,07 €
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	3.832.421,34 €	- €	890.100,00 €		4.722.521,34 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.571.917,99 €	2.256.529,87 €	4.909.500,20 €	4.711.279,97 €	72.026.668,09 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	82.657,00 €	9.487,60 €	100,00 €		92.244,60 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	- €	692.823,34 €	- €		692.823,34 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	66.598,65 €	290.554,46 €	- €	290.554,46 €	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €				300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €	- €			- €
TOTAL	84.419.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.467.006,58 €

G A S T O S					
Op. non financeiras (1-7)	83.925.511,98 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	87.972.773,02 €
1. GASTOS DE PERSOAL	26.121.608,39 €	1.094.008,48 €	76.960,37 €		27.292.577,24 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	20.410.436,50 €	563.424,16 €	5.720.523,42 €		26.694.384,08 €
3. GASTOS FINANCEIROS	71.100,00 €	- €	100,00 €		71.200,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.696.291,61 €	- €	- €	4.711.279,97 €	12.985.011,64 €
5. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	837.505,77 €	22.063,34 €	2.116,41 €		861.685,52 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	10.657.548,70 €	1.569.899,29 €	- €		12.227.447,99 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.131.021,01 €	- €	- €	290.554,46 €	7.840.466,55 €
Op. financeiras (8-9)	494.233,56 €	- €	- €	- €	494.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €		- €		380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	113.464,33 €	- €	- €		113.464,33 €
TOTAL	84.419.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.467.006,58 €

Cúmprese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 89.272.105,54 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2019-2021).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA.
- O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

O Orzamento da propia Entidade en 2018 estaba cifrado en 79.041.692,15 €, o presente aumenta en 5.378.053,39 €, o equivalente ó 6,80 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>84.119.745,54 €</i>
Oper. Corr. (1-5)	84.053.146,89 €
Oper. Cap. (6 -7)	66.598,65 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>300.000,00 €</i>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €
TOTAL INGRESOS	84.419.745,54 €

GASTOS	
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>83.925.511,98 €</i>
Oper. Corr. (1-5)	65.136.942,27 €
Oper. Cap. (6 -7)	18.788.569,71 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>494.233,56 €</i>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	113.464,33 €
TOTAL GASTOS	84.419.745,54 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 18.788.569,71 € , diminúe en 254.857,55€ respecto ó 2018, equivalente ó 22,26% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	66.598,65 €
-Alleamento de investimentos reais	0,00 €
-Recursos ordinarios:	18.721.971,06 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

O Capítulo 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ó longo do exercicio.

Ó Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2017, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.

- Liquidación do Orzamento de 2018 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2018 referida ó 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro

Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, proponse ó Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2019 que ascende a 85.122.056,48 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 84.419.745,54 €, e as previsións de ingresos e gastos da empresa SUPLUSA, que ascende a 3.249.395,27 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º.- Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ó efecto polo Servizo de Persoal

3º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2019 ascendente a 89.272.105,54 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 4.675.599,13 €.

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2019-2021).

6º.- Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2019.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no B.O.P., todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación e Facenda, e Réxime Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular, e D. Xosé Ferreiro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, e co voto en contra do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta sinalada e propoñer ó Pleno a súa aprobación se procede.

Ante esta proposta preséntanse por parte do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Deputado non adscrito as seguintes emendas:

1º.- Emendas do Grupo Provincial Popular:

“EMENDA NUMERO 1 .- Na páxina 4 da Memoria do proxecto de orzamentos establécese o seguinte *“apertura de residencias e centros públicos destinando 4.321.407,66 € para implantación de prestación de servizos de centros de atención a maiores e centros de día, con convenio de colaboración interadministrativos da Deputación cos concellos”*.

A proposta que se fai para incluír no proxecto de orzamento sería o seguinte *“apertura de residencias e centros públicos destinando 4.321.407,66 para implantación de prestación de servizos de centros de atención a maiores e centros de día, con convenio de colaboración interadministrativos da Deputación cos concellos, ou da xestión dos mesmos por parte de Suplusa”*.

EMENDA 2.- Na páxina 4 da Memoria do proxecto de orzamentos establécese o seguinte *“así como 4.008.743,83 € da achega nas anualidades da construción do Centro de Día e Residencia Comarcal de Becerreá, e centros de atención a maiores e centros de día para Folgoso de Courel, Portomarín, Guitiriz, Pantón, Pobra de Brollón, A Pontenova”*.

A proposta que se fai para incluír no proxecto de orzamento sería o seguinte *“así como 4.008.743,83 € da achega nas anualidades da construción do Centro de Día e Residencia Comarcal de Becerreá, e centros de atención a maiores e centros de día para Folgoso de Courel, Portomarín, Guitiriz, Pantón, Pobra de Brollón, A Pontenova e Cervantes”*.

EMENDA 3.- Incluír no apartado de Subvencións nominativas as seguintes cantidades, para os perceptores e conceptos que se indican:

Perceptor: La Unión de Sarria, Concepto: Adecuación de sede, Importe 45.000 euros, cantidade a detraer de capítulo 1, artigo 12, concepto 22602, consignado 325000, de publicidade e propaganda.

Perceptor: Asociación de empresarios Naves de Balmao, concepto para desenvolvemento de solo industrial importe 145.000 euros, cantidade a detraer de capítulo 1, artigo 12, concepto 22602, consignado 325000, de publicidade e propaganda.

Perceptor.- Sociedade musical rabadense Musico Crisanto, para gastos de xestión e actividades, importe que ascenda de 18.000 a 45.000 euros, este importe que se incrementa, 27.000 euros.

Perceptor Club maquinillas 4x4 Fonsagrada para actividades 3.000 euros, a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Asociación cultural Antaruxas e Sorteiros 3.000 euros, para gastos de actividades a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Asociación a Seimeira, A Fonsagrada 3.000 euros para gastos de actividades, cantidade a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Club Xove F.S. Concepto: gastos de tempada. Importe: 15.000 euros”.

2º.- Emendas do Grupo Provincial do BNG:

“Emenda Número 1:

Proponse destinar a cantidade de 1.500.000 € dos orzamentos do ano 2019 para a continuación das obras da estrada que vai dende Navia a A Fonsagrada, LU-P-1901. No ano 2020 destinarase o diñeiro necesario para o remate desta estrada

Actuación proposta	Importe	Orixe dos fondos	Partida de destino
Continuación das obras da estrada que vai dende Navia a Fonsagrada (LU-P-1901).	1.500.000 €	Esta cantidade financiarase a través de modificacións de crédito con fondos procedentes dos remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez descontado o necesario para o Plan Único	Estradas – 4530 ou a que consideren máis axeitada os servizos técnicos da Deputación
Nos orzamentos do ano 2020 quedarán comprometidas as cantidades necesarias para o remate desta infraestrutura			

Emenda Número 2:

Proponse destinar a cantidade de 500.000 € nos orzamentos do ano 2019 para a aportación da cantidade correspondente á Deputación de Lugo para o inicio da construción do Pavillón dos Deportes de Burela.

Actuación proposta	Importe	Orixe dos fondos	Partida de destino
Aportación da cantidade correspondente á Deputación de Lugo para o inicio da construción do Pavillón dos deportes de Burela	500.000 €	Esta cantidade financiarase a través de modificacións de crédito con fondos procedentes dos remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez descontado o necesario para o Plan Único	A que consideren máis axeitada os servizos técnicos da Deputación

Emenda Número 3:

Proponse destinar a cantidade de 250.000 € nos orzamentos do ano 2019 para a continuación do Paseo do Rato dende a desembocadura do río Fervedoira ata a Campiña, ao longo deste río e polo antigo camiño Real que ía a Meira.

Comprometeranse outros 250.000 € para os orzamentos do ano 2020 para facer o mesmo dende a desembocadura do Fervedoira ata o nacemento do río Rato.

Actuación proposta	Importe	Partida de orixe	Partida de destino
Continuación do Paseo do Rato ata a Campiña	250.000 €	Esta cantidade financiarase a través de modificacións de crédito con fondos procedentes dos remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez descontado o necesario para o Plan Único	Estes fondos incluírse na partida orzamentaria máis axeitada segundo criterio dos servizos técnicos da Deputación
Nos orzamentos do ano 2020 incluíranse outros 250.000 € para a continuación do Paseo do Rato ata o nacemento deste río.			

Emenda Número 4:

Proponse destinar a cantidade de 300.000 € nos orzamentos do ano 2019 para subvencionar á Residencia de Maiores de Sarria coas mesas contías que o resto de residencias de maiores da Deputación

Actuación proposta	Importe	Partida de orixe	Partida de destino
Subvención á residencia de maiores de Sarria	300.000 €	De non ser suficientes os fondos da partida 2315 - Centros de atención a maiores, detraeranse fondos de: 4530- Fomento do Emprego	2315 -Centros de atención a maiores Ou a que consideren máis axeitada os servizos técnicos da Deputación

Emenda Número 5:

Proponse destinar a cantidade de 30.000 € nos orzamentos do ano 2019 para incrementar en 10.000 € cada subvención nominativa aos conservatorios de Viveiro. Vilalba e Monforte:

Actuación proposta	Importe	Partida de gasto	Partida de destino
Aumento da aportación aos conservatorio de Viveiro	+ 10.000 €	3340- Promoción Cultural e partidas vinculadas De ser a execución do gasto neste apartado tal que non foran suficientes os fondos destas partidas, incrementaríanse con remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez completado o Plan Único	3240 - Funcionamento de centros docentes de ensinanza secundaria Ou onde consideren os servizos técnicos da Deputación
Aumento da aportación aos conservatorio de Vilalba	+ 10.000 €		
Aumento da aportación aos conservatorio de Monforte	+ 10.000 €		

Emenda Número 6:

Proponse destinar a cantidade de 316.000 € nos orzamentos do ano 2019 para os proxectos da Área de Cultura que de detallan a continuación

Actuación proposta	Importe	Partida de gasto	Partida de destino
Liña de axudas ás escolas de músicas municipais	100.000 €	3340- Promoción Cultural e partidas vinculadas De ser a execución do gasto neste apartado tal que non foran suficientes os fondos destas partidas,	Esta mesma ou a que consideren oportuno os técnicos da Deputación
Liña de axudas ás ANPAs da provincia para actividades co alumnado	100.000 €		
Programa de acceso de todas as nenas e nenos en idade escolar de Lugo ás piscinas climatizadas existentes na provincia.	70.000 €		

Actuación proposta	Importe	Partida de gasto	Partida de destino
Recuperación da axuda ás pandeiras do Piornedo	4.000 €	incrementaríanse con remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez completado o Plan Único	
Axuda á Asociación Músico Crisanto (incremento nese cantidade a subvención contemplada ata os 60.000 €)	+ 42.000 €		

Emenda Número 7:

Proponse destinar a cantidade de 150.000 € nos orzamentos do ano 2019 para subvencionar aos concellos que teñan en funcionamento, ou vaian ter, un servizo de conciliación da vida laboral e familiar fóra do horario escolar

Actuación proposta	Importe	Partida de orixe	Partida de destino
Instauración dunha liña de axudas aos concellos que teñan en funcionamento ou vaian ter un servizo de conciliación da vida laboral e familiar fóra do horario escolar	150.000 €	4530- Fomento do Emprego	Estes fondos incluíranse nas partidas orzamentarias máis axeitada segundo criterio dos servizos técnicos da Deputación
Estas axudas estarán serán independentes do Plan Único			

Emenda Número 8:

Proponse destinar a cantidade de 300.000 € nos orzamentos do ano 2019 para a restauración e posta en valor da Casa Natal de José María Díaz Castro, en Guitiriz. Ademais, reservaranse outros 300.000 € nos orzamentos do 2020 para a continuación deste proxecto.

Actuación proposta	Importe	Partida de orixe	Partida de destino
Restauración e posta en valor da Casa Natal de José María Díaz Castro	300.000 €	Esta cantidade financiarase a través de modificacións de crédito con fondos procedentes dos remanentes de tesourería do ano 2018, unha vez descontado o	Estes fondos incluíranse nas partidas orzamentarias máis axeitada segundo criterio dos servizos técnicos da

		necesario para o Plan Único	Deputación
(*) Reservaranse outros 300.000 € nos orzamentos do 2020 para a continuación deste proxecto.			

Emenda Número 9: Proponse engadir as seguintes bases de execución ás xa existentes:

1.	Base de execución: Calquera investimento, sexan obras, servizos ou de calquera outra natureza, financiado cos remanentes de tesourería do ano 2018 terá que estar perfectamente concretado e especificado así como aprobado concretamente polo Pleno. Todos os remanentes de tesourería que non estean comprometidos por este orzamentos ou non se invistan por esta vía, serán destinados a incrementar o Plan Único para os Concellos ou, se este estivera xa aprobado, repartiranse para todos os concellos cos mesmos criterios
2.	Base de execución: Todas as subvencións que non estean incluídas nas nominativas destes orzamentos terán que ser aprobadas obrigatoriamente polo Pleno para poder outorgalas
3.	Base de execución: Calquera modificación de crédito que se faga nestes orzamentos terá que ser aprobada polo pleno, sexa cal sexa o seu importe
4.	Base de execución: En ningún caso se poderán diminuír as cantidades destinadas ás concorrencias competitivas de Cultura e Deporte nos orzamentos do ano 2018. Tampouco se poderán diminuír as cantidades destinadas nos orzamentos do 2018 aos programas xenéricos de libre concorrencia de Cultura e Deporte, tal como eran o Musiqueando, o Buxiganga, etc.

Estas bases serán ensartadas no capítulo ou lugar que consideren oportuno os servizos técnicos da Deputación para a consecución dos obxectivos que se desprenden da súa redacción.

O Servizo de Intervención procederá a cambiar o que sexa necesario nas bases existentes para adaptalas ao contido destas bases propostas, de producirse unha contradición”.

3º.- Emendas do Sr. Deputado non adscrito:

“ENMENDA Nº 1:

Modificación da base de execución 1ª, ÁMBITO E VIXENCIA, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Establecer a competencia para a resolución das dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases no Pleno da Deputación a proposta da Presidencia, logo do informe de Secretaría ou de Intervención, segundo proceda.

En consecuencia proponse substituír o punto nº 3 desta base polo seguinte texto:

3. *Estas bases terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral destinadas á regulación do réxime local. As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas polo Pleno da Deputación, a proposta da Presidencia, logo do informe de Secretaría ou de Intervención, segundo proceda.*

ENMENDA Nº 2:

Modificación da base de execución 2ª, PRORROGA DO ORZAMENTO, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Restablecer a competencia para a declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como a súa reposición a dispoñible, no Pleno da Deputación Provincial de Lugo tal como establece o artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

En consecuencia proponse substituír o parágrafo cuarto desta base polo seguinte texto:

Será competencia do Pleno a declaración de créditos non dispoñibles coa finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

ENMENDA Nº 3:

Modificación da base de execución 4ª, RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E FONDO DE CONTINXENCIA, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Establecer a competencia para a aplicación do Fondo de Continxencia, conxuntamente coa correspondente transferencia de crédito, no Pleno da Deputación Provincial de Lugo.

En consecuencia proponse substituír o derradeiro parágrafo desta base polo seguinte texto:

A aplicación do Fondo de Continxencia requirirá á aprobación do Pleno da Deputación, conxuntamente coa correspondente transferencia de crédito.

ENMENDA Nº 4:

Modificación da base de execución 5ª, NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Modificación dos niveis de vinculación xurídica dos créditos de tal modo que se asegure unha execución fiel do orzamento aprobado.

En consecuencia proponse substituír os tres primeiros parágrafos desta base polo seguinte texto:

Os niveis de vinculación xurídica que se establecen son os seguintes:

- A) *No Capítulo Primeiro, os niveis de vinculación xurídica virán determinados polo CAPÍTULO e o PROGRAMA DE GASTO.*
- B) *Nos restantes Capítulos, os niveis de vinculación virán determinados polo ARTIGO e o PROGRAMA DE GASTO, agás cada un dos créditos dos subconceptos pertencentes ao concepto 226, Gastos Diversos e en cada un dos programas, que terán a vinculación xurídica coa que aparecen nos orzamentos, estando vinculados en si mesmos a nivel de subconcepto.*

ENMENDA Nº 5:

Modificación da base de execución 6ª, MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Establecer, sen excepcións, a competencia para a aprobación das modificacións de crédito no Pleno da Deputación, de tal modo que se asegure unha execución fiel do orzamento aprobado.

En consecuencia proponse substituír o derradeiro parágrafo desta base polo seguinte texto:

Cada unha das modificacións indicadas será obxecto de expediente administrativo coa tramitación que se determina no referido Real Decreto, sendo órgano competente para a súa aprobación en tódolos casos o Pleno da Deputación.

ENMENDA Nº 6:

Modificación da base de execución 14ª, ANTICIPOS DE CAIXA FIXA, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Restrinxir o ámbito das aplicacións orzamentarias cuxos gastos se poderán atender con este tipo de fondos e establecer un límite razoable e adecuado a contía global dos anticipos de caixa fixa.

En consecuencia proponse:

a) Substituír o punto 2 desta base polo seguinte texto:

2. *Ámbito: as aplicacións orzamentarias cuxos gastos se poderán atender con este tipo de fondos serán as que resulten dos conceptos da clasificación económica que se relacionan de seguido:*

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN
	<i>Reparac., mantem. e conservac. edificios e outras contrucións</i>
	<i>212 Reparac., mantem. e conservac. maq., instalac. e ferra.</i>
	<i>213 Reparac., mantem. e conservac. material de transporte.</i>
	<i>214 Reparac., mantem. e conservac. mobiliario e aparellos.</i>
	<i>215 Reparac., mantem. e conservac. eq. proceso de información.</i>
	<i>220 Material de oficina.</i>
	<i>221 Subministracións.</i>
	<i>222 Comunicacións.</i>
	<i>223 Transportes.</i>
	<i>224 Primas de seguros.</i>
	<i>225 Tributos.</i>

b) Substituír o punto 3 desta base polo seguinte texto:

3. *Contía: A contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá exceder a cantidade de 36.000 €. Individualmente, as provisións iniciais de fondos para anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores á cifra de 3000 €.*

ENMENDA Nº 7

Modificación da base de execución 15ª, NOMINAS E OUTROS GASTOS DE PERSOAL, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019

Sustituese o punto 4 Produtividade: que queda redactado como sigue:

A cantidade global destinada a produtividade ascende a 672.952,51 € para o persoal funcionario e a 82.937,59 € para o persoal laboral, e corresponde o Pleno, a proposta do Presidente, a distribución da dita contía segundo o determinado no Acordo Marco Único e no Convenio Colectivo e os criterios que se establezan polo pleno a proposta do Presidente, segundo acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación.

Suprímese o punto 5º

ENMENDA Nº 8:

Na BASE 16ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN

Eliminación do texto:

“1.1. As retribucións ós membros da Corporación, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día 4 de novembro de 2015, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 258, de data 10 de novembro 2015, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar.”

Pasando a ser substituído polo texto:

“1.1. As retribucións ós membros da Corporación, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día 4 de novembro de 2015, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 258, de data 10 de novembro 2015, ou daqueles acordos adoptados polo Pleno que o poidan complementar, ou substituír no seu lugar, entre eles, tamén aqueles que establezan retribucións aos Deputados Provinciais non adscritos.”

Introdúcese un novo apartado 1.3 respecto a asignación económica aos deputados non adscritos:

“1.3. A asignación económica aos deputados non adscritos realizarase conforme aos acordos vixentes do Pleno.

ENMENDA Nº 9:

Modificación da base de execución BASE 20ª, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E VALIDACIÓN, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Acadar un maior coñecemento e control polo Pleno da Deputación dos expedientes de validación de gasto

En consecuencia propónse engadir un derradeiro parágrafo nesta base co seguinte texto:

Dos expedientes de validación de gasto aprobados pola Xunta de Goberno ou órganos de natureza análoga en entidades dependentes da Deputación Provincial, unha vez levantado o reparo polo Presidente, o Goberno Provincial dará conta pormenorizada no seguinte Pleno ordinario, detallando a lo menos:

- Identificación do acredor.*
- Importe da prestación realizada.*
- Data ou período de realización.*
- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente.*

ENMENDA Nº 10:

Na BASE 24ª: SUBVENCIONES

Eliminación do texto:

“4. Órganos competentes:

Nominativas: O órgano competente para a súa concesión é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

En concorrencia: O órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno a proposta do Delegado correspondente. A convocatoria será subscrita polo Ilmo. Sr. Presidente. O órgano competente para acordar a concesión das devanditas subvencións é a Xunta de Goberno. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente, agás as delegadas na Xunta de Goberno por Decreto de 16.08.2017, e as que no futuro se deleguen.

Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.”

Pasando a ser substituído polo texto:

“4. Órganos competentes:

Nominativas: O órgano competente para a súa concesión é o Pleno da Deputación a proposta do Delegado correspondente. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

En concorrencia: O órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é o Pleno da Deputación a proposta do Delegado correspondente. A convocatoria será subscrita polo Ilmo. Sr. Presidente. O órgano competente para acordar a concesión das devanditas subvencións é o Pleno da Deputación. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente, agás as delegadas na Xunta de Goberno por Decreto de 16.08.2017, e as que no futuro se deleguen.

Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Pleno da Deputación a proposta do Delegado correspondente. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.”

- ELIMINASE PUNTO 6
- Introducción de unha cláusula 24ª BIS. CONVENIOS QUE INCLUAN COMPROMISOS FINANCEIROS, co seguinte texto:

24ª BIS. CONVENIOS QUE INCLUAN COMPROMISOS FINANCEIROS

“A competencia para a aprobación e disposición do gasto relativa a convenios regulados no Capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, que inclúan e leven aparelado compromisos financeiros por parte da Deputación Provincial, corresponderá en todo caso ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo.”

ENMENDA Nº 11:

Modificación da base de execución BASE 35ª, EJERCICIO DA FUNCION FISCALIZADORA, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Suprímense os puntos 3 e 5.

ENMENDA Nº 12:

Modificación da base de execución BASE 36ª, ALCANCE DA FISCALIZACION DE GASTOS E INGRESOS, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019.

Substitúese o paragrafo primeiro e o punto 1 polo seguinte:

1.- GASTOS.

A fiscalización dos gastos será plena.

O punto 2.- INGRESOS non sofre alteración.

ENMENDA Nº 13:

Elimínase a base de execución BASE 37ª, PROCEDEMENTO DE FISCALIZACION PLENA POSTERIOR, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 por non ser necesario o pasarse a fiscalización plena.

ENMENDA Nº 14:

A DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira: No ámbito da fiscalización en materia de contratos e encomendas a medios propios aplicaranse transitoriamente as Bases de Execución 2018 inicialmente aprobadas, cando sexa de aplicación a normativa anterior á LCSP.

Elimínase por innecesaria.

ENMENDA Nº 15:

Modificación do orzamento de gastos da clasificación económica do gasto, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019. Procederase por parte do servizo encargado da elaboración do orzamento a axustar o resto das clasificacións orzamentarias para adaptalas a esta modificación estas modificacións comunicadas o Pleno na próxima sesión.

RESUMO ECONÓMICO, CAPITULOS, ARTICULOS, CONCEPTOS E SUBCONCEPTOS.

Substitúese as partidas 449 e 44900 polas seguintes:

449 outras subv. a ent. públicos e soc. mercantís da entidade local..... 4.377.532,38 €

44900 Transferencia a sociedade urbanística provincial..... 4.377,532,38 €

Esta modificación faise para subsanar un erro no orzamento presentado no que non figura o orzamento aprobado por SUPLUSA en sesión 12 novembro 2018. De non facer este axuste o Orzamento estaría descuadrado contablemente xa que faltarían 1.128.137,11 € que foron aprobados en SUPLUSA e que non aparecen no orzamento consolidado.

O incrementar estes 1.128.137,11 € temos que reducir os gastos da entidade (Deputación Provincial) en igual cuantía xa que de non facelo o orzamento non cuadrarían os ingresos cos gastos consolidados.

Dado que se descoñece os este Deputado os gastos comprometidos e dado que a pesar de solicitar deixalos na mesa co fin de cumprir cos prazos establecidos na Lexislación vixente, e continuar coa súa aprobación de maneira irregular e presuntamente ilegaleputación Provincial siga sen orzamento reducirase a cantidade de 1.128.137,11 € da partida de “gastos en investimentos xestionados por outros entes públicos” (65009), pertencente o programa 2315 “Centros de atención a maiores”.

Instase os funcionarios encargados de elaborar o orzamento a que para o próximo pleno presenten unha modificación orzamentaria para poder restaurar nesta partida a cantidade indicadas facendo os recortes nas partidas que estimen oportunas para non afectar a gastos comprometidos.

ENMENDA Nº 16:

Manterase o orzamento da Sociedade Urbanística Provincial. (SUPLUSA) tal como foi aprobado pola propia entidade en fecha 15 de novembro de 2018, e que acompaña a este Orzamento de 2019 .

- OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN (SUBV. DONAC. LEGADOS E OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN)..... 4.377.532,38 €

ENMENDA Nº 17:

Mantense o importe do estado de previsións de ingresos e gastos da Sociedade Urbanística Provincial que aparece polo aprobado pola propia entidade na súa sesión de 12 de novembro de 2018, para o ano 2019, que será incorporado na súa totalidade por un importe de 4.377.532,38 €.

Restandolle a diferencia o da propia entidade por importe de 1.128.137,11 €, nas partidas que figuran na enmenda nº 13, polo que o Orzamento xeral consolidado non sofre variación.

ENMENDA Nº 18:

ENGADIR, NAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS:

Modificación da Relación de Subvencións nominativas do Proxecto de Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 incluíndose a seguinte subvención nominativa na relación da proposta de subvencións nominativas:

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARIA
S.D. BECERREÁ	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	10.000,00 €	3410.48900

Con esta inclusión o importe total de subvencións nominativas con cargo a aplicación orzamentaria 3410.48900 pasaría a ser de 1.439.000,00 €.

ENMENDA Nº 19:

Na Pax. 87, ADMINISTRACIÓN XERAL.

Onde dí:

Programa 9200, Administración Xeral

No concepto 226. Gastos Diversos 440.000,00 €

Subconcepto 22602 .Publicidade e propagandas.....325.000,00 €

MODIFICALO, sacando 150.000 €, do subconcepto 22602, que quedaría así :

Programa 9200, Administración Xeral

No concepto 226. Gastos Diversos 440.000,00 €

Subconcepto 22602 .Publicidade e propagandas.....175.000,00 €

E A DIFERENCIA, (150.000 €) ENGADILO NO PROGRAMA 9430, TRANSFERENCIAS A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS.

De maneira que quedaría así:

Programa 9430, Transferencias a outras Entidades Locais

No Capitulo 4, Transferencias corrientes	174.041,00 €
Concepto 461. Restauración Casa Médico, para edificio usos Múltiples.....	150.000,00 €
Concepto 467 A Consorcios.....	24.041,00 €”

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Hoxe este Goberno provincial presenta a proposta do Presidente relativa ao Proxecto de Orzamento para 2019. Un Orzamento de 88,4 millóns de euros, que responde por igual ás necesidades dos máis de 300.000 lucenses dos 67 concellos da nosa provincia, centrando o conxunto de investimentos para tódolos veciños no reforzo das súas políticas de emprego, de benestar, e da dinamización económica e social a través do impulso do conxunto do tecido produtivo, das infraestruturas e dotacións públicas, así como do fomento do deporte, do turismo e da cultura.

O aumento destes 4,7 millóns de euros con respecto ó ano pasado é consecuencia fundamentalmente do incremento da participación nos ingresos do Estado previstos para o 2019, así como da implantación da prestación dos servizos nos centros de atención a maiores e centros de día segundo os convenios asinados entre os concellos e a Deputación, que ó mesmo tempo tamén son outra forma de xerar emprego.

Mantéñense as achegas e investimentos ós concellos co Plan Único, que se prevé executar ó longo do exercicio tanto coas dotacións iniciais do presente Orzamento como coas modificacións financiadas cos remanentes de tesouraría, estimando que estes non vaian ser inferiores, así para créditos iniciais destinamos no orzamento once millóns, e o noso obxectivo é que se manteña coma o ano pasado, chegando como mínimo a uns vinte millóns ou incluso superar esta cantidade, destinando o 70% dos remanentes como mínimo para o Plan Único.

Tamén agardamos contribuir á reactivación do mercado laboral continuando coas liñas de inserción laboral, que na actualidade están en marcha a través das programacións de xeración directas de emprego como son o Ben Empregado, Depuemprego, Tecendo Emprego, Primeira Oportunidade, ou Emprendendo no rural, cunhas dotacións a incorporar no 2019 de máis de 4,4 millóns de euros, e 5,4 millóns de euros que xa están previstos no Orzamento.

Outras das actuacións dirixidas á reactivación da economía e do emprego na provincia de Lugo centralizadas no pulo ó sector gandeiro son o centro de recría xa posto en marcha, e a construción da granxa experimental do Campus Terra; este proxecto conta cunha achega da Deputación a incorporar de máis de 590.000 euros, destinando a maiores 140.000 euros neste Orzamento.

Asi mesmo aumentan tamén as dotacións destinadas como transferencias correntes para outras actividades en agricultura e gandeiría de ata 200.000 euros. Dedicamos 10.000.000 de euros para Benestar, aumentando esta partida en catro millóns con respecto ó ano pasado, destinando 4.300.000 euros para a construción de centros de atención a maiores de Becerreá, Folgoso do Courel, Portomarín, Guitiriz, Pantón, Pobra do Brollón, A Pontenova e Cervantes; e para a apertura de residencias e centros de día públicos para a terceira idade dedicamos tamén outros 4.320.000 euros para a implantación da prestación dos servizos nos centros de atención a maiores e centros de día que a día de hoxe teñen asinado ese convenio de colaboración administrativa; porque cando preto do 30% da poboación da provincia é maior de 65 anos, e cando desta porcentaxe máis de 20.000 superan os 84 anos, ofrecer servizos sociais e de proximidade ten que ser unha prioridade.

Por iso dende a Deputación contamos tamén coa Teleasistencia gratuita que ofrecemos ós veciños da provincia, e que chegamos a atender a máis de 1.600 maiores; atendemos tamén a outros 2.300 maiores de toda a provincia a través do Servizo de Axuda no Fogar, para elo levamos destinado nesta lexislatura máis de 6,3 millóns de euros.

Para infraestruturas neste Orzamento imos dedicar máis de 17 millóns de euros. Á execución material do Plan Extraordinario de rehabilitación do firme de estradas provinciais 2017-2019, que contaba cun orzamento de 15 millóns de euros, a día de hoxe se están a materializar se

ben queda máis do 50% por incorporar, e son máis de 8,2 millóns de euros. Por outra banda estes 17,6 millóns de euros engloba ese Plan Único de Cooperación cos Concellos que está dotado con 4,2 millóns de euros, que era o POS inicial, asumindo así tamén 1,2 millóns de euros de achegas dos concellos. E tamén os convenios plurianuais con concellos en materia de urbanismo, de pavimentación de vías públicas, ou redes de sumidoiros.

Inclúense fondos para potenciar o turismo e rehabilitar infraestruturas tales como o proxecto da tirolina na Ribeira Sacra, o Mirador de Mondoñedo, ou a Casona do Incio, ós cales se achegan 800.000 euros.

En materia de educación pública a Deputación destina 1,6 millóns de euros para a prestación das actividades e servizos que viña realizando coa Fundación TIC; 48.000 euros a centros docentes de ensinanza secundaria; mantén tamén a colaboración co Campus Universitario de Lugo, colaborando coa USC con case medio millón de euros; e colabora tamén coa Fundación Rof Codina e a Facultade de Relacións Laborais e a UNED.

Así mesmo destinamos máis de catro millóns de euros ó deporte; incluimos 140.000 euros para a construción do rocódromo; 5,4 millóns para cultura e museos; 1,2 millóns para o Centro de Artesanía.

En definitiva todo isto supón que a proposta do Presidente do Orzamento de 2019 inclúa 48,6 millóns de euros que representan case o 55% para investimentos nos 67 concellos da provincia, cuxo obxectivo é fomentar o emprego, o benestar, a mellora das dotacións públicas e das infraestruturas, así como dos servizos básicos; a dinamización económica e social, coa finalidade de aumentar as oportunidades dos nosos veciños e atender as súas demandas.

A prioridade do Presidente sempre foi aprobar as contas provinciais, e así o podemos corroborar cos acordos a que se chegou ó longo desta lexislatura, con tódalas dificultades que isto supón cando contamos cun goberno en minoría e cunha complexa composición na Corporación Provincial sen precedentes, pero cremos que con diálogo e con paciencia seremos capaces de conseguilo, creo que é importante chegar a acordos coas demais forzas políticas porque os veciños

desta provincia necesitan, cando estamos a falar de que adicamos máis do 55% do noso Presuposto precisamente a investimentos, este Presuposto para atender as súas demandas; porque falamos de Plan Único, falamos de infraestruturas, de servizos, e ó final son moitos os exemplos en tódolos concellos: as melloras de estradas, melloras de equipamentos, puntos de atención á infancia, residencias, ó final son servizos que se traducen en mellorar a calidade de vida fundamentalmente no rural porque a provincia de Lugo é rural.

Por iso pedimos a tódolos Grupos que, en uso da súa responsabilidade, colaboren para aprobar este Orzamento e para poñer a disposición dos nosos veciños os fondos provinciais”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Encántame que sempre que hai un debate un pouco complicado me dea a palabra de primeiro; unha deferenza que adoito agradecer.

Como adoito agradecer que nos teña entregado hai breves momentos o informe de Intervención; como comprenderá estudar cerca de trinta emendas en dous minutos aquí antes do Pleno creo que redunda na falta de tempo que tivemos os Deputados para estudar estes Presupostos.

Hai unha cousa a favor dos Presupostos, despois de escoitar esta exposición bucólica e pastoril da Deputada de Facenda, onde parece ser que imos solucionar os problemas de toda a provincia, cando o que nos trae aquí son basicamente os Presupostos de 2016, sacamos un par de partidas e é o mesmo que nos trae dous anos despois; iso si, tratando de controlar a través das Bases de Execución o Presuposto porque para o ano que ven hai eleccións municipais e europeas, e hai que utilizar os recursos públicos cunha política caciquil e clientelar como fixeron este ano a ver o que poden rascar.

No ano 2016, oitenta e oito millóns trescentos sete mil cento sesenta e seis con setenta e nove; 2019, oitenta e oito millóns catrocentos sesenta e sete mil seis con cincuenta e oito euros, equivócanse aproximadamente en trescentos mil euros; iso si, Suplusa tiña en 2016 5.020.864,40 e

este ano, nunha emenda á totalidade que ante unha falla de decencia política porque nunca ocorreu nesta Casa, o Presidente da Deputación, que non tivo valor, igual cós conselleiros pertencentes a Suplusa, de ir emendar ese Presuposto ó Consello de Suplusa que é onde o teñen que facer, pero hai cousas para as que se necesita valor, é máis fácil mandar notas de prensa ó periódico mentindo e enganando, como a que publicaron onte onde dicían que este Deputado non adscrito non tiña presentado emendas. Isto recórdame, os que somos mestres, cando os pequenos no colexio tapan os ollos para non ver e pensan que a cousa desaparece, pois non; igual ca no conto de Monterroso que dicían que cando abriron os ollos o dinosaurio seguía alí, pois o Deputado non adscrito nesta lexislatura segue aquí.

Con esta proposta veñen rirse unha vez máis dos Deputados desta Institución; Presupostos que terían que repercutir, como di a Deputada de Economía, na mellora da vida dos veciños desta provincia, só repercuten nos intereses do Grupo social arribista que, como ben dixo a Deputada, goberna en minoría esta Institución. Máis do mesmo, clientelismo e caciquismo con selo social, cheo de argucias e artimañas contables que imos tratar de evitar coas emendas presentadas; que volven vender quince millóns de euros en estradas cando en teoría, se houbera boa xestión, tiñan que estar liquidados o ano anterior e quedarían as baixas correspondentes.

É verdade que equiparamos os gastos de propaganda, 8 millóns de euros aproximadamente, datos que non queren dar oficialmente a pesares de pedirlos reiteradamente, co que van gastar en carreteras, porque se deron conta de que se ven un ano coma este, e por certo onte presentaron a maquinaria disposta para a neve cando a nevada grande xa pasou hai un mes, pode vir algunha máis pero hai que andar un pouco máis áxil; tamén é verdade, Sr. Argelio, que a nevada sorprendeunos a todos; pero a realidade está aí, tarde, mal, e arrastro.

Din que atenden ás peticións dos veciños, eu estiven mirando por aí e nas Bases, e aqueles famosos Presupostos participativos, desaparece a participación; voules dicir exactamente o que di a memoria deste Presuposto, na prioridade 1 absolutamente nada; na prioridade 2 di “..atendendo precisamente ás peticións dos cidadáns”, e que eu saiba nin se lles escoitou, nin se lles pediron, nin nada deles se sabe; na prioridade 3, outra das preocupacións dos veciños de Lugo desta Deputación, que eu saiba a ningún veciño se lle preguntou cales eran as súas preocupacións e

menos a estes Deputados que tamén temos un elemento importante que é presentar emendas ós mesmos, aínda que sexa con esforzo e sacando tempo de onde non o hai.

Outra tomadura de pelo máis e cúmprese cos peores presaxios, tratar de facer uns Presupostos electorais para un grupo de amigos; só hai que ver os convenios que se veñen aprobando por Decreto habitualmente saltándose incluso as normas de información ó Pleno, por exemplo 130.000 euros para adquisición de terreos nun municipio desta provincia, ¿de quen será o terreo?; noutro 351.722, outro de 8.000 euros, outro 40.000, 70.000 noutro, nin un só concello que non sexa do Partido Socialista. Isto é a distribución equitativa subxectiva do goberno social arribista.

E logo outra trampa máis, utilización das partidas de persoal, asunto do que ó mellor hoxe temos que falar longo e tendido porque despois de escoitar algunhas declaracións algún non sei como ten vergoña para estar presidindo esta Institución, porque hai que ser cínicos e incoherentes. Obviamente cando un mira os Presupostos ninguén discute as partidas de persoal, crese que son as axustadas ó soldo, seguridade social, etc., para pagarlles produtividade ós funcionarios desta Institución, pois non, aquí tamén hai trampa, porque collemos os Decretos do Presidente, incluso o último dos que me chegaron onte onde liquidan 100.000 euros dunha pasada: retribucións básicas persoal laboral fixo, subvencións para fomento de emprego, administración xeral de cultura e seguridade social, e así ata sumar aproximadamente dous millóns de euros; outra trampa máis.

E teño que falar agora do que dixo vostede o sábado onde fan unha selección de persoal para as residencias, isto é totalmente indecente, porque dicir a estas alturas que a Deputación non ten nada que ver na contratación de persoal de Suplusa é unha desvergoña total e absoluta.

Na memoria dos Orzamentos sempre se facía referencia ás cantidades que correspondían a Suplusa, e agora fan o mesmo texto ca en 2016 pero anúlano, e eu entendo, probablemente o Sr. Secretario ou a Interventora me poden desmentir porque a miña ignorancia administrativa e xurídica é moita, que o presuposto que se manda de Suplusa debía incorporarse aquí, e se alguén o ten que emendar debería ser emendado ou no propio Consello ou aquí a través de emendas; o Presidente de *motu proprio*, respectando o dereito de participación, incorpora o presuposto que a el

lle dá a gana, quitou 1.200.000 euros como podía telo quitado todo, porque dada a tirria, dado o que lles irrita o presidente de Suplusa supoño e a propia Suplusa, o mellor era eliminalo, de feito xa teñen presentada unha demanda no Xulgado para eliminar Suplusa e que os Deputados membros do Consello asumamos tódolos gastos da súa irresponsabilidade durante os anos que gobernaron, vostede por certo dous anos e medio antes de entrar eu”.

O Sr. Presidente indícalle ó Sr. Martínez Núñez que deberá ir rematando a súa intervención.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Din que aprobamos un Presuposto de Suplusa sen validez, eu ata agora creo que os acordos de Suplusa foron todos válidos e vostedes non conseguiron acabar con eles.

Obviamente se non me dá máis tempo non podo falar das emendas, pero aquí míntese e engánase ós concellos e ós cidadáns deses concellos que teñen residencias que vostedes din que van abrir, usurpándolle 1.200.000 euros a Suplusa; míntenlles e enganan ós veciños do Incio; míntenlles e enganan ó persoal desta Deputación; míntenlles e enganan ó persoal seleccionado en Suplusa; e míntenlle e enganan á totalidade dos veciños desta provincia que esperan unha Deputación para todos e teñen unha Deputación sectaria, partidista, e secuaz; agora creo que debe entender porque nun momento determinado reprobaron a D. Darío Campos, é certo que da igual porque o que vostedes piden en Madrid para os reprobados non o aplican aquí, porque ademáis teñen nesta provincia a dous dos cargos máis importantes do Partido Social arribista, a Alcaldesa de Lugo e o propio Presidente da Deputación, reprobados, por algo será”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Antes de comezar quixera preguntar se os seis minutos de intervención son para a proposta de Orzamento e para as emendas ou haberá turnos separados”.

O Sr. Presidente manifesta que o tempo de intervención son seis minutos no primeiro turno e tres no segundo coma para tódolos asuntos.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En todo caso, despois de oír aquí intervencións de máis de media hora por cousas menos importantes, que nos dean só seis minutos para definir a nosa postura con respecto ó proxecto de Orzamentos onde se decide o destino de máis de oitenta millóns de euros paréceme case que unha tomadura de pelo.

Antes de comezar, para ver a importancia que teñen estes Orzamentos e incluso para constatar o que nós pensamos do que son as Deputacións, gustárame que souberan os cidadáns desta provincia que o diñeiro que aquí repartimos, descontado os concellos de máis de 20.000 habitantes, neste caso o concello de Lugo, nos tocaría a cada habitante desta provincia catrocentos corenta euros por habitante. O Orzamento desta Deputación, imaxinando que fora repartido por criterios de habitantes, a un concello coma o meu, Outeiro de Rei, con 5.000 habitantes, tocaríannos 2.200.000 euros; que cada cidadán pense se realmente o que lle aporta a Deputación, tanto a nivel individual ás persoas desta provincia como a cada concello en particular, é equivalente a ese esforzo que pagamos todos cos nosos impostos; nós cremos que non, e é unha razón máis pola que entendemos que mellor antes que tarde hai que rematar dunha vez con estas Institucións e derivar as súas competencias ós concellos e á propia Xunta de Galicia, cousa que debería estar feita hai anos.

Para avaliar este proxecto de Orzamentos nós queremos deixar claro en primeiro lugar, e enlazando co final da intervención da Deputada de Economía, que está moi ben pedir a colaboración dos Grupos, pero para iso hai que pedirllas a aportación dalgunha idea ou algunha suxestión, neste caso ó BNG non se lle pediu absolutamente nada en ningún momento, non tivemos ningunha comunicación ata o pasado luns onde se nos deu un pequeno resumo e o mércores pasado cando se nos entregou o propio proxecto de Orzamentos.

Nese sentido, e non quero que sirva de precedente, pero hai que dicilo así, coincidimos en parte coa intervención do Sr. Martínez porque é totalmente imposible para aqueles Grupos que non temos grandes medios para poder traballar nunha fin de semana ler os case catrocentos folios do Orzamento e preparar as emendas oportunas; é máis, aínda é moito máis dificultoso vista a propia estrutura destes Orzamentos compostos por un montón de pozos escuros, totalmente opacos, onde non se sabe para nada que diñeiro hai metido aí; por exemplo máis de oito millóns de euros para abrir residencias, qué residencias?, cantas?, de que maneira?, é totalmente imposible sabelo, e moito menos nunha fin de semana onde non se pode acudir ós propios servizos técnicos da Deputación para poder preguntar; co cal é completamente imposible facer un traballo que, dende o punto de vista do BNG, merecerían as 26.000 persoas que nos votaron para estar aquí, e sinceramente non vexo posibilidade de defender os seus intereses neste caso co tema dos Orzamentos.

En todo caso é unha decisión política do Partido Socialista decidir, neste caso o BNG que facilitou a aprobación dos últimos dous Orzamentos desta Institución, non contar este ano co noso Grupo para nada; é unha decisión política que asumimos, perfectamente lexítima e dentro da liberdade que ten o Partido Socialista que pode facer o que considere oportuno, pero aínda así que se atinxa ás consecuencias e logo non veñan apelando á responsabilidade dos Grupos para apoiar esta proposta de Orzamentos.

Despois está o fondo dos propios Orzamentos, que tampouco podemos compartir, en primeiro lugar porque de entrada xa non cumpre nin os acordos anteriores, nin tan sequera se contemplan as partidas económicas para aqueles acordos que se aprobaron neste Pleno e que seguen sen dotación económica nestes Orzamentos.

Non hai un proxecto global de cara a onde se quere chegar con estes Orzamentos, non hai un proxecto de provincia, unhas veces din que o tema das residencias hai que pechalo porque non se pode seguir, logo ó ano seguinte proponse outra e ó seguinte outra máis, unha cuestión sen rumbo onde hoxe dise unha cousa e mañá outra. E falando de residencias, creo que tódolos que estamos aquí somos perfectamente conscientes de que mentres a Xunta non se implique dun xeito

directo nas residencia isto é un sensentido, poderanse abrir tres ou catro, pero é imposible que economicamente a Deputación poda soste quince ou dezaseis residencias, e todos, recoñezámolo ou non, sabemos iso. En todo caso non hai un proxecto unificador, unha folla de ruta, un rumbo a onde se quere chegar, e iso queda bastante claro nesas cuestións e noutras que citei.

Aparte diso, volvemos ter un Orzamento onde non se sabe a onde van dirixidos os cartos; e logo vendo ese informe de Intervención que nos pasaron hai uns minutos onde se nos dí, neste caso ó BNG, que non se pode facer unha proposta a unha conta que xa existe; pero se nesa conta hai un pozo sen fondo onde hai diñeiro para todo, e logo por enriba non se pode cargar un gasto concreto habendo ese diñeiro nesa conta, así calquera fai Orzamentos.

Dende o BNG presentamos unha serie de emendas divididas en dous bloques; un primeiro bloque onde están dirixidas directamente a cuestións que aprobou este Pleno, case todas ou algunha delas, unha precisamente ven hoxe a este Pleno, ou viría nos próximos; estamos falando de rematar a estrada de Fonsagrada a Navia que foi aprobada por este Pleno; tamén de iniciar a construción do pavillón de Burela que aprobou este Pleno; da ruta do río Rato ata a Campiña, supoño que haberá que volver traer ós veciños ó Pleno para ver se diante deles volven votar en contra de que se faga; estamos falando de reconstruír e poñer diñeiro realmente na Casa Díaz Castro en Guitiriz; tamén de financiar as escolas de música municipais da provincia que se aprobou neste Pleno e segue no esquecemento; estamos a falar de levar ós nenos e nenas da provincia en idade escolar ás piscinas climatizadas que hai na provincia, tamén aprobado neste Pleno e tamén segue no esquecemento; tamén de subvencionar as actividades concretas extraescolares que organizan as ANPAS para os nenos; axudar ós concellos a levar a cabo os servizos de conciliación en horario non escolar, axudar ós que xa os teñen ou queiran poñer en marcha; estamos falando de financiar ese proxecto de instalacións para a asociación Músico Crisanto, proxecto pioneiro porque agrupa a tres concellos que se poñen de acordo para levar adiante unha escola de música impresionante; ou estamos falando de que neste caso a residencia de Sarria sexa subvencionada igual ca o resto de residencias municipais que financiou a propia Deputación.

Logo temos un segundo bloque de emendas que están orientadas a que este Pleno poda fiscalizar o gasto dos cartos públicos que fai a Deputación. Cando debatíamos aquí sobre o Plan

Único falabamos de que había que avanzar cara á transparencia no gasto do diñeiro público, a que todo o mundo soubera como se gastan os cartos desta Deputación e se fixera da forma máis obxectiva posible; fixemos un avance pero queda moito por facer, os cartos que se gastan en subvencións excepcionais a dedo do Presidente ou con quen el acorde ese reparto segue sendo un número moi considerable. Nós lóxicamente temos a forza que temos e votaremos o que corresponda en cada momento, pero creo que ese tipo de excepcionalidade ten que vir ó Pleno.

Isto non é nada novo, o BNG cando propuxo o Plan Único dicíamos que era unha copia do que se estaba propoñendo por parte do BNG nas Deputacións da Coruña e en Pontevedra; o que estamos propoñendo con respecto ás modificacións de crédito ou a calquera subvención que non vaia neste proxecto de Orzamentos é o que está en vigor na Deputación da Coruña, iso é o que propoñemos aquí e o que intentamos plasmar nunha base de execución, porque nos parece o máis lóxico, razoable, democrático e transparente, e dende logo votar en contra diso é moi difícil de xustificar ante o conxunto da cidadanía; para nós é algo vital que foi pasando estes anos por intentar chegar a un acordo pero que neste momento é algo ó que non estamos dispostos a renunciar.

En canto ás emendas económicas, somos conscientes de que en moitos casos non estamos a definir a partida económica de onde queremos sacar o diñeiro para poñelo para iso, pero tamén somos conscientes de que o diñeiro existe e, igual que se fala aquí de que o Plan Único vai ser de vinte millóns e pico de euros e só van catorce e faise unha declaración de intencións de que se vai complementar cos remanentes de tesouraría, nós facemos exactamente o mesmo nas nosas propostas; é dicir, somos conscientes de que esas propostas teñen que ir financiadas con remanentes de tesouraría, estamos facendo unha declaración de intencións.

Non se quererán aceptar as emendas, nin sequera votalas, vale, pero que quede claro que é intención política de aceptar esa intencionalidade ou non, e dende o BNG seguiremos insistindo nesa mesma liña para traer a este Pleno que se financien todo este tipo de propostas que, insisto, a gran maioría foron aprobadas por este Pleno e imprescindible para o conxunto da provincia levalas a cabo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sen dúbida o primeiro punto desta sesión plenaria ten a maior importancia para o ano 2019, e permítanme tamén facer unha análise da súa importancia en termos de remate de mandato dunha lexislatura 2015-2019, porque o instrumento fundamental de calquera Institución para poder materializar o seu proxecto, ben sexa da man dos concellos, da man dos veciños ou das asociacións, en definitiva da man de tódolos lucenses, é o Orzamento. Oitenta e cinco millóns, dos cales entorno a vinte e oito, o 31%, a gastos de persoal, e o resto é diñeiro público que dun xeito acertado ou desacertado se inxecta na provincia para responder ás necesidades dos nosos concellos e dos tecidos asociativos.

Dicía o Deputado non adscrito que o Orzamento semellaba moito ou practicamente era idéntico ó de 2016, parezo interpretar das súas palabras como que botaba en falta un avance, unha evolución ou un crecemento ó que non debemos renunciar como administración que queremos innovar e facer mellor as cousas, e certamente é así, este Orzamento practicamente é idéntico ó do ano 2016.

O ano 2016 marcou un antes e un despois nese acordo que hoxe, cada vez que debatemos os Orzamentos, volvo acompañarme do mesmo, un documento que permitiu coa sinatura dos Voceiros, tanto do Presidente coma o Voceiro do Grupo Provincial Socialista, a Deputada que lles fala representando ó Partido Popular, e o Deputado non adscrito, marcaba un desterramento da época do besteirismo, da época do reparto máis sectario que tivo esta Institución, e esta é unha opinión persoal pero creo que a podo refrendar con números, e comezaba cun reparto equitativo e mais ou menos con criterios.

Ese compromiso para un plan de obras e servizos; para o servizo de axuda no fogar que dende o ano 2012 estaba absolutamente abandonado por parte desta Institución, ese compromiso para políticas de investimento en emprego; todo iso cuns mínimos cúmprese no Orzamennto do ano 2016, pero é verdade que o día a día neste mandato, como todos coñecemos, bastante convulso, foi

marcado por novos compromisos que fomos adquirindo uns e outros, uns con máis coherencia ca outros.

Pero en todo caso neste Pleno ten especial importancia o asunto no que agora vou profundizar e que marcou a emenda número un do Grupo que represento. Nomeadamente tamén permítanme que saúde ás persoas que foron seleccionadas para traballar nas residencias por parte da Sociedade Urbanística Provincial, que creo que algunha delas se encontra entre nós.

Este debate de Orzamentos ten que centrarse moitísimo no investimento que esta Institución fixo para construír residencias, un investimento que superou os quince millóns de euros; vemos na memoria, eu non sei se a exposición foi bucólica ou pastoril pero si que coincido en que foi excesivamente positiva, un pouco alonxada da realidade especialmente se analizamos o que estou a analizar, o investimento en residencias, ata agora esta Institución demostrou que sabe construír residencias, dependendo do momento a uns gústanlle máis como quedan rematadas e a outros gústanlle menos, vimos episodios bastante desagradables cambiando pechaduras coma se estiveramos máis cerca do escenario do lonxano oeste ca de administracións democráticas e respectuosas, pero dentro do que cabe creo que ninguén dubida hoxe de que esta Institución sabe construír residencias, do que dubidamos e do que temos que blindar nestes Orzamentos é que saiba xestionalas.

Asumiuse un compromiso no ano 2010 para dotar destes servizos ós concellos, aínda que moitas veces se utilizou este proxecto única e exclusivamente, e sobre todo agora e tamén nos últimos capítulos de Besteiro, porque máis ou menos o enfoque de todo isto ven mudando dependendo de que nos acheguemos ou nos alonxemos de citas electorais, foi a arma arrojadiza principal en contra da Xunta de Galicia, pasamos a considerala a única responsable e por iso tomabamos a decisión de investir en residencias, logo era a responsable de que non abrisen porque non daba permisos, cando tiña permisos querían prazas concertadas, cando daba prazas concertadas querían convenios excepcionais, e agora non queiran á Xunta para nada; agora plantéxase un escenario rompendo absolutamente co pasado, ese marco temporal foi en febreiro do ano 2018, onde saímos de Castroverde nun escenario de entendemento e de compromiso de apertura de residencias, etc., e dámonos a volta e revisamos os propios actos.

Todo iso, que non debe eclipsar o resto das cantidades económicas dos Orzamentos, queremos expoñelo en primeira persoa á hora de avanzar a nosa postura sobre o de facilitar os Orzamentos. Os Presupostos son mellorables, boto en falta, e coincido plenamente, un proxecto de provincia; boto en falta que lidere dunha maneira comprometida, firme, e priorizando o que puidera ser un sector estratéxico da Deputación Provincial colaborando cos concellos; discrepo da vontade de eliminalas, como eu sempre digo que esta Institución, a lo menos no tempo que levo eu aquí, si que me permitiu coñecer dous Bloques Nacionalistas Galegos totalmente distintos, uns que se encontraban absolutamente felices de gobernar a Institución e que estaban contentos da utilidade e da importancia que tiña para a provincia, agora que non cogobernan a queren eliminar; e teño que dicir que aí si que hai bastante coherencia moitas veces tamén co equipo de goberno, cando estamos nunha Institución que gobernamos e estamos moi contentos aplaudimos os investimentos e defendemos a xestión de Suplusa, pero cando perdemos o control hai que reventalo.

Por iso este Grupo dende que se constituiu esta Corporación intentou, a pesares de ser certamente complexo, ser coherente. Este Grupo presentou unha emenda no punto un onde queriamos que quedara dunha maneira clara, e por suposto respectando a Lei, que os concellos que asinaran convenios coa Institución provincial puideran elixir a entidade para xestionar as súas residencias, hai concellos que xa dixeron públicamente que queren romper todo o construído dende o ano 2010, respectamos a autonomía local, e hai concellos que dixeron que queren executar ese convenio que asinaron no ano 2010; iso pasa pola xestión en mans dunha sociedade pública que depende da Institución provincial.

Esa foi a emenda número un, que o diñeiro que vai consignado nestes Orzamentos e que ascende á cantidade de 4.321.407,66 euros para xestionar as residencias, que os concellos poidan elixir a entidade para facelo.

Por que pedimos isto?, que tampouco se trata de ningún capricho; o primeiro argumento é por coherencia; o segundo argumento é porque a Deputada que lles fala e mais o resto de compañeiros que formamos parte do Consello de Administración estamos a defender isto nun Tribunal, varios Deputados denunciáronnos polos acordos que adoptamos para executar eses

compromisos que adquiriu a Institución dende o ano 2010, incluso obrigándonos, ou iso pretenden pero espero que non sexa así, a que respondamos co noso patrimonio persoal, é obvio que chegado este momento non nos imos encontrar cunha situación de que un Tribunal nos dea a razón, e estamos traballando para elo, e despois non poidamos executar o acordo porque resulta que os Orzamentos da Deputación baleirou de partida orzamentaria para poder xestionar.

Se isto é así por un lado seremos coherentes, por outro lado defendemos o que estamos defendendo no Xulgado; e en terceiro lugar, que por poñelo de último non é menos importante, sesenta familias que participaron nun proceso de selección, que pasaron unha proba e aprobaron, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia, poderán alo menos, se algún dos concellos que citei mantén a súa palabra, ter unha opción laboral, e respectarémolles os seus dereitos.

Esa é a emenda máis importante. Incluímos tamén unha emenda dun compromiso que adquiriran públicamente porque, e aí coincido tamén co voceiro do BNG, ás veces os compromisos de titulares se despois non están nas achegas económicas, e viamos ó Alcalde de Cervantes dicindo que tiña a xestión xa en marcha para facer unha residencia naquel concello e na memoria vemos que non o citan, aínda que só sexa por responsabilidade debería ser citado, e especialmente así nolo trasladou o noso representante do Partido nese concello.

Pedimos tamén algunhas axudas económicas coincidindo co BNG nalgunhas delas. E respectamos a acción de goberno, nós aspiramos a gobernar esta Institución algunha vez, non sei se no 2019 pero imos traballar para que sexa así, pero queremos ser respectuosos co Presidente, porque se un Presidente goberna non pode facilitarlle uns Orzamentos que o deixe absolutamente espido de ningunha competencia nas Bases de Execución, ou facilito os Orzamentos ou non os facilito, ou cumprimos o acordo do 2016 ou non o cumprimos.

E todo iso evidentemente facendo un exercicio non sei se de paciencia pero dende logo de memoria selectiva de moitas cousas e dunhas deslealdades, que no segundo turno probablemente concretarei, que fomos recibindo durante todo este mandato; pero temos que facer un esforzo, e podería reproducir o que se dixo no debate de 2016, Cogami, Asociación Síndrome de Down, tódalas asociacións de Lugo que fan un gran traballo social na nosa provincia, moitos concellos que

estamos esperando por esa axuda económica porque temos moitos concellos pequenos que necesitan a Institución provincial, técnica pero tamén economicamente, para prestar os servizos de xeito mellor día a día.

En definitiva, os veciños e veciñas da nosa provincia, cando desgrazadamente vemos estes días no Congreso como supostamente ata se chegan a escupir, que todos os que temos algún tipo de responsabilidade pública sentimos vegoña allea, demándannos altura de miras e esforzos en intentar facilitar os Orzamentos.

Con coherencia e cunha petición creo que bastante fundamentada, a exposición do Grupo Provincial do Partido Popular é a que intentei explicar”.

A continuación intervén o Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Eu quero poñer en valor precisamente a actitude que nos acaba de amosar a voceira do Partido Popular, dado que como remataba a primeira intervención creo que por responsabilidade de tódolos que estamos aquí e dos que temos responsabilidades de goberno, ou dos que fomos elixidos polos nosos veciños pero estamos na oposición, precisamente por esa responsabilidade adquirida cos nosos veciños favorecer que o diñeiro público que pagamos todos cos nosos impostos chegue a eles e vexan todas as súas infraestruturas e os seus servizos.

Quero poñer en valor aquí o traballo feito durante estes últimos tres anos, non foi unha situación fácil para ninguén pero para o goberno tampouco, e a día de hoxe estamos orgullosos do traballo feito; fomos capaces de poñer a disposición dos veciños desta provincia máis de douscentos vinte e un millóns de euros, e eu creo que iso é tamén un traballo feito grazas ós traballadores desta Institución, porque moitas veces aprobando o Orzamento xa case a mediados de ano fomos capaces de bater records de execución orzamentaria chegando tódolos anos a un 80%, e iso sen dúbida tradúcese en beneficio de tódolos veciños.

Falaban de trampas, de opacidade, e eu creo que teñen a disposición os Decretos, tamén as actas das Xuntas de Goberno, e aí precisamente é onde se aproban practicamente a totalidade dos investimentos e non hai nada que ocultar; pero hai que dicir a verdade, porque falaban dos Decretos nos que se aprobaban axudas para os concellos gobernados polo Partido Socialista, e eu formo parte da Xunta de Goberno e precisamente nestas últimas Xuntas foron varios os convenios que se aprobaron con diferentes concellos do Partido Popular.

Creo que aquí houbo un antes e un despois, e sen dúbida é a forma de facer política deste Presidente, contando con tódolos concellos, facendo unha distribución equitativa, e gobernando para toda a cidadanía con independencia de quen governe nos seus concellos; tódolos veciños temos as mesmas necesidades con independencia de onde vivamos, e dende a Deputación traballamos por intentar satisfacer algunhas das súas necesidades.

Polo que respecta á publicidade e á propaganda, eu creo que é necesario destacar que hai moitas programacións que fai a Deputación e que evidentemente sen darlle difusión non terían sentido porque ninguén participaría, non se poden devaluar os termos “propaganda” e “publicidade” como uns queren porque realmente é fundamental en calquera ámbito, e máis sobre todo naquelas iniciativas nas que o que se intenta é favorecer a participación dos veciños.

Indicar tamén que, a pesares de que un Deputado fale ou non do tono, eu creo que é importante facer o que ós veciños lles dixemos que iamos facer que era traballar, intentar chegar a acordos cos diferentes Grupos Políticos para mellorar os seus servizos e as súas infraestruturas, e ninguén pode dicir que este Presidente non o intentou facer; intentamos traballar para resolver os problemas da xente, tamén intentamos chegar a entendemento cos diferentes Grupos, e non só nesta Casa senón que creo que é de destacar que cando un goberna con maioría é capaz de chegar a acordos coa oposición, porque ó final todos somos veciños e precisamente se nos elixiron foi para intentar mellorar a calidade de vida deles.

Destacar o ton e o acordo para favorecer a aprobación deste Presuposto do Partido Popular, e pedirlle ó BNG que dalgún xeito intente colaborar porque a nós nos gustaría desenvolver todos estes proxectos que plantexan, moitos deles como a estrada de Fonsagrada a Navia xa se investiron

dous millóns de euros, e no paseo do Rato se está a elaborar o proxecto e xa se falou coa Confederación, pero evidentemente cando un goberna o que está claro é que os políticos non podemos entorpecer e intentar retrasar calquera trámite para sometelo a unha votación plenaria, porque eu entendo que estaríamos perdendo a axilidade, e xa os trámites burocráticos moitas veces os veciños nolos botan en cara como para aínda encima ralentizalos”.

Intervén o Sr.Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“A ver se podo resumir de maneira rápida e urxente as emendas que se presentaron. Comigo non falou ninguén, pasoume coma ó Bloque, tamén entendo que os Deputados que somos “putativos”, e perdoen a expresión, non conte ninguén con eles, pero tampouco me preocupa.

O que si lle suxeriría á Deputada de Economía e Facenda é que buscara no diccionario da RAE a palabra “equitativa” e que o mirara coa realidade do que fan, porque creo que hai bastante disparidade. E despois preocupación polos veciños, que os citou cincuenta e tres veces, pois tenos aí arriba, porque vostedes acaban de conculcarlles os dereitos dende hai meses cunha política que non sabemos onde os leva nin que motivos tiveron.

En canto ás emendas, voume centrar naquelas que teñen algún problema segundo o informe da Interventora que obviamente o lin por enriba, algunha quizá coa premura tampouco a expliquei correctamente; na número un, seis, sete, oito e dezanove non hai nada que obxectar, co cal dou por feito que están ben; dí na número dous que hai un motivo legal para eliminala, entonces retíroa; na tres, catro, cinco, nove, dez, once, doce, trece e catorce, non di que son ilegales pero dende o meu punto de vista danse desculpas para que o Pleno non as aprobe, como son maior lapsus de tempo ou maior carga de traballo, pois moita carga de traballo non debe haber cando dende aquí van funcionarios de Intervención a outros concellos, se houbera aquí carga de traballo probablemente tiveran que facer primeiro a de aquí e despois a de fóra.

Despois di que a dez é reiterativa, e a quince, dezaseis e dezasete, pois si, son reiterativas porque obviamente incluso reiterándolles as cousas, aprobándoas en Pleno, figurando nos acordos que se toman nas Comisións, incluso figurando nas Bases, vostedes fan da súa capa un saio e

métennola dobrada ós Grupos da oposición incumprindo sistematicamente a Lei, e vólvolles pedir perdón pola expresión; entón hai que reiteralas para ver se a base de reiteracións se enteran.

Na dezoito a explicación da Interventora non coincide coa intención da miña emenda, por iso lles pasei unha explicación que se é así a substituír, que é que a partida de promoción do deporte onde hai 1.449.500 euros, subconcepto 48900, outras transferencias 1.449.500, subconcepto 48900 quedaría 1.439.500, e no 48901 poñeríanse os 10.000 euros, co cal a partida non sufriría ningunha modificación e obviamente o Presuposto seguiría equilibrado en gastos e ingresos.

Despois, dende o meu punto de vista, hai un pequeno problema porque parece ser que o Partido Popular e mais eu tiramos da mesma partida presupostaria, porque cando ves un millón de euros en publicidade dará igual cen mil euros arriba ou abaixo, isto pasa porque non o falamos e non nos coordinamos; visto iso, eu voules dar varias partidas das que poden deixar as do PP alí e poñer a miña ou ó revés, porque noutras Administracións cando xorden estes problemas a Secretaría e Intervención, e incluso o grupo de goberno, xúntanse e deciden de onde quitan e onde poñen porque incluso a miña cifra podía vir mal.

Por exemplo na páxina 70, área de gasto, programa 3380 hai 180.000 euros, podía ser no subconcepto 22609 quitar eses 150.000, co cal quedarían 30.000 para festas populares porque eu creo que para sardiñas e chourizo debía chegar; ou na páxina 76 o 4190 outras actuacións, agricultura, gandería e pesca, 384.404,55 e quedarían 234.404,55, é unha partida bastante importante; ou incluso na páxina 94, fondo de continxencia, isto non imos explicar o que é porque é bastante complicado, e a unha mente coma miña cústalle, pero cando vexo 837.505,77, quítanselle 150.000 e quedan case setecentos mil euros; podíamos falar de máis partidas pero non tiven moito tempo, pero na páxina 67 subvencións, programa 3340 con 793.500 euros e quitándolle os 150.000 quedarían 643.500. Por tanto teñen opcións para, de motu propio e de acordo cos Grupos correspondentes, solucionar ese problema con esa emenda que non ten ningún tipo de problema.

Feitas estas aclaracións, tamén se me di pola Interventora que descoñece a intencionalidade das miñas emendas, pois está moi clara, darlle a razón ó Presidente da Deputación, a D. Darío Campos o reprobado, que dicía que aceptará as emendas que non afecten á integridade das contas; entón eu entendo que as emendas respecto a niveis de vinculación e transferencias de crédito non é que afecten á integridade das contas, que seguen equilibradas en gastos e ingresos, mire se en tan pouco tempo facemos marabillas dende a oposición, ademáis a garanten; ou sexa a preocupación que ten o Sr. Darío Campos de que respecten a integridade das contas, as emendas deste Deputado garanten esa preocupación xa que evitan modificar á lixeira e fan recaer no Pleno calquera modificación de calado que se quixera facer no Presuposto, noutras palabras garante que se executara o aprobado polo Pleno e non un Orzamento, como se nos fixo este ano e anteriores, modificado vía Decretos, ocultando gastos solicitados legalmente, porque eu aínda non sei e teño solicitado que me expliquen canto custan os catamaráns dende que deixou de explotalos Suplusa, non recibín a contestación, debe ser unha cousa de segredo de estado maior.

Non estou, como tamén dixo a voceira do Grupo Popular, en contra de que o Presidente dispoña dunha partida razoable para aqueles gastos ou aqueles problemas que haxa, pero utilizar tódolos días convenios interadministrativos cos concellos, básicamente de amigos ideolóxicos, creo que se debe acabar, e segundo pedimos a nivel nacional que desaparezan as modificacións nas bases do Presuposto aquí debe desaparecer esa modificación vía Decretos que encima non ten ningún control e, repito, converte este Presuposto, por moito que diga o Presidente e a súa voceira de Economía, nun Presuposto caciquil e clientelar”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Neste turno de intervención vou adiantándome e pedindo desculpas ó conxunto da cidadanía, porque estou convencido de que hoxe co sentido do voto do BNG imos equivocarnos moitas veces, e explícome.

Debe haber algo así como trinta ou corenta emendas, que tivemos que pedir media hora antes de empezar o Pleno que nos pasaran as dos outros Grupos porque non as tiñamos, o resultado

é que as temos aquí enriba da mesa e estivemos cinco minutos antes mirándoas no móbil fóra, porque non tivemos acceso a esas emendas que presentan os outros Grupos, quero pensar que as nosas tampouco as tiñan os demais. E ímonos ver obrigados agora a votar cousas que non vimos, co cal eu estou convencido de que en moitas ocasións imos meter a pata, imos votar de xeito equivocado porque é imposible saber o que estamos votando; propóñense subvencións a asociacións que eu nunca na vida oín, que posiblemente a merezan, ou non, pero o normal sería nunha administración mínimamente sería que con isto enriba da mesa se convocara unha comisión dalgún tipo e se puideran estudar as emendas, falar das que son contradictorias, ver como se van debater para poder saber o que estamos votando, porque non imos saber o que votamos, iso que quede claro.

En canto ás nosas emendas, eu insisto no que intentei introducir na primeira intervención, facía referencia o Sr. Martínez á partida 3340 promoción cultural, case 800.000 euros, agora dísenos que non podemos facer aí unha proposta de 300.000 euros a maiores, cando nesa partida se lle asignan cantidade de subvencións excepcionais que non van no Orzamento; pero é máis, ó mellor esas subvencións asígnanselle con diñeiro do Museo, das chamadas partidas vinculadas, cousa que é unha auténtica toleada; é dicir, non podemos propoñer que se gaste algo máis desa partida, posiblemente se nos impida, pero logo desa partida gastan diñeiro do Museo e doutras, por poñer un exemplo, é unha tomadura de pelo todo este sistema, estáselles tomando o pelo ós veciños e veciñas desta provincia, como as Deputacións en xeral, que é xa o concepto de Deputación, pero aquí en particular.

Despois de oír a intervención da Deputada de Economía eu creo que o peixe xa está vendido, os acordos previos estaban feitos, non co BNG, porque non se falou con nós en ningún momento nin se nos pediu que fixeramos suxestións sequera, a pesares de ter facilitado nos últimos dous anos a aprobación dos Orzamentos; non pasa nada, decisión política do Partido Socialista, preferiu pactalos co Partido Popular, incluso estiveron reunidos unha hora antes de vir para aquí, teñen toda a lexitimidade e todo o dereito do mundo a pactar o que crean oportuno entre os dous, alá vostedes e cadaún fará as súas valoracións políticas, co cal imaxino que se fará o paripé de que son moi malos pero ó final aprobaranse. Hai que recordar que no ano 2016, cando fixeron o mesmo, repartíronse o diñeiro entre eles pero ninguén propuxo un Plan Único, é verdade que foi

diñeiro para tódolos concellos, pero quen decidiu canto e a cales?, dúas persoas na soedade do seu despacho como acostumamos a dicir.

E tamén quero que quede clara outra cousa, nós non dicimos que se eliminen as subvencións excepcionais, só dixemos que había que poñer orde na excepcionalidade das subvencións, e propoñemos o que está facendo o BNG no goberno da Deputación da Coruña, igual có tema do Plan Único; non é que o fagamos agora porque estamos na oposición, é unha decisión política que se tomou no seu momento e que estamos executando onde estamos no goberno e que tamén propoñemos onde estamos na oposición, porque é o que hai que facer.

Sen estar en contra de que Pantón teña unha residencia, o que dende logo compartimos cos nosos compañeiros e compañeiras de Pantón é que estamos a falar dun pelotazo urbanístico total e absoluto, onde me da a impresión de que hai connivencia, comprar unha parcela por 90.000 euros, incluso se fala de comprar outra ó lado no centro da vila, cando xa hai os terreos ó lado do centro de día estamos convencidos de que unicamente pode responder a intereses económicos de persoas concretas; Pantón necesita unha residencia con urxencia, pero estamos pagando un pelotazo urbanístico con cartos públicos, e dicímolo aquí alto e claro.

En definitiva, nós non vimos que ás persoas desta provincia estes Orzamentos lles produzan un beneficio equivalente a 440 euros, a miña é unha familia de catro persoas e non vemos que a Deputación nos aporte 1.300 euros que é o que nos tocaría de beneficio pola Deputación. E dende logo ó meu concello, onde son concelleiro, non vemos que a Deputación nos aporte 2.200.000 euros, ou cantidades similares, de beneficio para o propio concello. Por tanto en principio, a non ser que se aproben as nosas emendas, non imos votar estes Orzamentos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Da intervención do primeiro turno interpreto que esa emenda, nos termos que reproducín, é aceptada polo goberno.

Cando aludiamos a espírito de consenso, e cando este Grupo remataba a primeira intervención dicindo precisamente que se intentaba discernir o que nos separaba do que nos unía, comentaba que outras Institucións que abandonan o debate político e se entenden como realmente de cooperación e asistencia ós concellos sen maior debate ou discrepancia, moitas veces poñemos de exemplo a Deputación da Coruña, creo que neste último Pleno tamén houbo algún inconveniente porque se recurtaban dunha maneira inxustificada fondos ós concellos.

Pero en todo caso se ben é certo que este goberno, durante a súa última estrutura quedando en minoría, requiriu nos asuntos máis importantes do apoio do Grupo que represento, creo que con total humildade procede recordar que a proposta para investimento en estradas de quince millóns de euros foi unha proposta que asinou, rexistrou, e debateu o Grupo que represento. Dí o voceiro do Bloque Nacionalista Galego que presentaron o Plan Único no ano 2016, ía un reparto equitativo por áreas cunha cantidade económica, eu non sei se o BNG tiña a intención de facer un Plan Único, é certo que puido ata darlle o nome e que nos gustou a todos, pero si sabemos que nos oito anos anteriores non fixo ningún Plan Único para ningún concello; e eu, que ademáis residía nun concello que gobernaba o BNG, disfrutaba e beneficiábame de importantes e cuantiosos convenios excepcionais que se asinaban dende esta Institución co ex Alcalde de Mondoñedo do BNG, non en van coincidía co Deputado en repetidas ocasións polas rúas da miña cidade, tamén se reunían; iso dígoos en positivo porque aínda que electoralmente non o rendibilizaron no ano 2015 si é verdade que para os veciños foi unha aportación positiva, e ademáis agradézolle todo o traballo que tivo o Deputado do BNG por Mondoñedo a través dos convenios excepcionais ou nominativos que redundaron no beneficio de Mondoñedo e eu, con total humildade, lle dou as grazas.

Foi tamén un proceso de debate para que a provincia tivera cancelas, e tamén foi unha iniciativa que levou este Grupo; por non dicir que se liderou a xestión pública do Consorcio de Bombeiros cunha moción que apoiaron tódolos Grupos, e cambiando dende logo unha folla de ruta no que entendíamos que tiña que ser unha xestión mellorada; houbo moito debate neste mandato sobre un servizo tan importante como era o parque de bombeiros e tampouco nos doeron prendas en liderar un cambio de rumbo, ás veces incluso con criterios que non eran compartidos por outros compañeiros.

Pero mentres que todo iso era así e o intentábamos defender da mellor maneira posible, moitos Alcaldes nosos, eu mesma, cando viamos os medios de comunicación atopabámonos con titulares e con fotos tan desleais, tan pouco institucionais, tampouco elegantes coma esta: “a Deputación investiu 1.500.000 euros para mellorar a calidade de vida de Taboada”, e resulta que están todos na foto menos o Alcalde, algo pouco elegante, e acompañados do voceiro do Partido Socialista que tamén digo con total humildade, e non me refiro a Taboada, que moitos deles no investimento de estradas enteráronse que se ía facer cando chegaron as máquinas alí. E ademáis de Taboada, podo citar Bóveda, Carballedo, As Nogais, Riotorto, en definitiva todos aqueles concellos onde vostedes non gobernan; e despois deste escenario de consenso de aprobación do Plan Único, ás veces ía o Presidente, outras era substituído polo Secretario Xeral do Partido Socialista, e dábanse un paseño co voceiro de turno dicindo que foi todo grazas ás súas xestións. Iso aparte de faltar á verdade é duns exemplos de deslealdade que, como digo eu algunha vez, teñen unha actitude na negociación do seguinte xeito: cando sentamos na mesa por riba sorrín e intentan dar a man, e por debaixo intentan dar patadas. Ese é un escenario pouco elegante e ademáis, e dígoo con toda a humildade, non creo que lle saquen moita rendibilidade política.

Pero centrándonos no que é responsabilidade de xestión, a realidade é que estes son os últimos Orzamentos deste mandato, e eu creo que os veciños merecen ter unha foto fixa do que pasou aquí, algunhas cousas xa as viron, incluso algunhas as sufriron, e outras aplaudíronas; eu son das que opino que os veciños aplauden a aprobación dos Orzamentos porque interpretan que é diñeiro para resolver problemas, e nós tamén o interpretamos así. Pero a realidade é que o Presidente desta Institución colleu a Deputación Provincial con débeda cero e a deixa cun 19%, isto díó a memoria dos Orzamentos.

A realidade é que aprobamos un plan de estradas de 15 millóns de euros e reconece que falta por executar máis do 50%, que todo hai que dicir que era o primeiro paso porque de feito a nosa moción era máis ambiciosa, se non recordo mal eran 30 millóns de euros en varias anualidades, de pouco serve poñer millóns no papel se despois a execución e xestión redúcese pola metade e o que estaba previsto que se executara nun ano imos no segundo e non se chegou á metade.

E a realidade é, porque tamén merecen ter un recoñecemento hoxe aquí, a Casona do Incio que dende o ano 2008 veñen prometendo 200.000 euros nos Presupostos, e que contén os veciños do Incio que antes de maio irán por alí, sacarán unha foto e prometeranlles que van rehabilitar a Casona do Incio; fixérono no 2011, no 2015, e van facer no 2019, pero iso é a foto e o titular, antes ían unhas persoas e agora irán outras, pero a mensaxe será a mesma. E a realidade é que no 2008 chegan a esta Institución adquirido ese inmovble, comprometidos cun territorio, resulta que en vez de ir a máis foron a menos, os Orzamentos de 2008 tiñan entorno a 240.000 euros e agora volven prometerlles 200.000, polo medio pasaron algunhas cousas, un día ían tirar todo cunha pá dicindo que ían construílo, outro día dicían que se ía rehabilitar; en definitiva, pasaron dez anos, a Casona está moito peor, e agora poñen na memoria como un exemplo en positivo que lle quitan 40.000 euros dos que tiña no 2008 dun edificio que está moito peor.

Pecho co exemplo da Casona, porque podía pechar co das residencias que van 15 millóns de euros, acordo do ano 2010, oito anos despois e ata a data nin unha praza creada, no ano 2015 inauguráronse, no ano 2019 intentarán dicir que están abertas. A pesares de todo iso, pero que nós temos a obriga de dicirlle a verdade á xente, evidentemente pedirllas que rectifiquen este tipo de prácticas, cremos que a provincia necesita Orzamentos e se as nosas emendas son aprobadas, como dixemos na primeira intervención, como fixemos no ano 2016, acordo que ademáis non o tomou en solitario o Grupo que represento senón tamén incluso unha xunta directiva, porque creo que nos acordos desta envergadura hai que darlle participación a tódalas persoas que forman parte do noso proxecto político.

Coas nosas aportacións intentaremos rematar un mandato absolutamente excepcional, e non dende o punto de vista positivo, pero que nós dende que tomamos posesión no ano 2015 ata que rematemos no 2019 só nos imos mover, por moito que lles pese, por unha máxima que é a coherencia, de feito a posibilidade de emendar este Orzamento permítenos incrementar na partida de ingresos, se os concellos o elixen, o orzamento que previamente aprobamos en Suplusa.

Dito isto, seguiremos a traballar por defender os intereses dos nosos veciños, e tamén intentaremos traballar para que o goberno corrixa aquilo que entendemos que debe mellorar. Son uns Orzamentos que non faría o Partido Popular, pero tamén entendemos que non podemos deixar

á provincia sen Orzamentos porque teñamos exclusivamente un goberno en minoría ou un goberno que non é capaz de chegar a eses 23 dos 25 que refrendaron ese acordo de 2016”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Destacar que as emendas estaban a disposición dos Deputados en Actas dende onte. E en canto á xestión que estiveron describindo do que facía o Goberno dicir que se a Deputación a día de hoxe ten débeda é precisamente porque se están arranxando as estradas, todo non é compatible, ou temos as carreteras sen mellorar e sen facer o seu mantemento e a súa mellora ou nos endebedamos para mellorarlles estas infraestruturas ós nosos veciños.

Aquí quero destacar o traballo feito tanto no Servizo de Vías e Obras, porque tódolos proxectos se fixeron por técnicos desta Deputación, como polo Servizo de Contratación; son 67 proxectos, despois tamén hai que elaborar novos proxectos para destinar esas baixas e dende logo é un traballo inxente que estiveron a facer moitos dos técnicos desta Casa; pero quedo co positivo que é que os veciños desta provincia van contar co Orzamento para 2019, do cal lles imos achegar precisamente en investimentos case un 55% dese Presuposto.

E evidentemente non me queda máis tamén que agradecer a postura do Grupo Popular; eu creo que é importante poñer en valor a política e a responsabilidade que asumimos cando nos elixen os veciños, e deixar á marxe actitudes partidistas e que sexamos capaces, aínda que haxa diferentes cuestións que nos separan, de chegar a acordos. Creo que é algo a destacar do Presidente da Deputación a vontade de acadar acordos, e polo tanto agradecerlle ó Partido Popular esa capacidade para que entre todos podamos facer posible poñer estes 88,4 millóns de euros a disposición dos veciños”.

A continuación o Sr. Presidente anuncia que se vai proceder en primeiro lugar á votación das emendas presentadas por cadaún dos Grupos Provinciais do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego, e do Sr. Deputado non adscrito.

En primeiro lugar procédese á votación das emendas presentadas polo Grupo Provincial Popular, coas modificacións indicadas pola voceira do dito Grupo, e efectuada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 23 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista, e do Sr. Deputado non adscrito; abstencións, 2 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobadas por maioría as emendas presentadas polo Grupo Provincial Popular ós Orzamentos da Deputación de 2019 que, coa modificación indicada, quedan redactadas do seguinte xeito:

“Modificacións que se introducen na memoria da Presidencia, apartado prioridade número tres, en relación coa apertura das residencias e centros de día. Este parágrafo queda redactado da seguinte maneira”:

A apertura de residencias e centros de día públicos para a terceira idade, dedicando 4.321.407,66 € para a implantación da prestación de servizos de centros de atención a maiores (residencias e centros de día) con convenio de cooperación interadministrativo entre a Deputación e os respectivos Concellos, respectando o réxime xurídico, a forma de xestión e a entidade elixida polos Concellos para facelo, dentro do marco legal.

Modificación na redacción dese mesmo parágrafo da memoria da Presidencia cun apartado singularizado, en relación coas achegas orzamentarias para a construción de centros de atención a maiores (residencial e centros de día) que queda coa seguinte literalidade:

4.008,743,83 € de achegas na anualidade (2019) para a construción de centro de día e residencial comarcal de Becerreá, centro de atención a maiores e centros de día para Folgoso do Courel, centro de atención a maiores de POrtomarín, Guitiriz, Pantón, a Pobra do Brollón, A Pontenova e Cervantes.

Engádegase dun novo apartado a memoria de Presidencia (para evitar modificar a estrutura orzamentaria formada), do seguinte teor literal:

Tramitaranse como subvencións directas, ao abeiro da lexislación en materia de subvencións, antes de rematar o mes de abril de 2019 as seguintes axudas:

Perceptor: La Unión de Sarria, Concepto: Adecuación de sede, Importe 45.000 euros, cantidade a detraer de capítulo 1, artigo 12, concepto 22602, consignado 325000, de publicidade e propaganda.

Perceptor: Asociación de empresarios Naves de Balmao, concepto para desenvolvemento de solo industrial importe 145.000 euros, cantidade a detraer de capítulo 1, artigo 12, concepto 22602, consignado 325000, de publicidade e propaganda.

Perceptor.- Sociedade musical rabadense Musico Crisanto, para gastos de xestión e actividades, importe que ascenda de 18.000 a 45.000 euros, este importe que se incrementa, 27.000 euros.

Perceptor Club maquinillas 4x4 Fonsagrada para actividades 3.000 euros, a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Asociación cultural Antaruxas e Sorteiros 3.000 euros, para gastos de actividades a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Asociación a Seimeira, A Fonsagrada 3.000 euros para gastos de actividades, cantidade a detraer de 1.12.226.22699.

Perceptor Club Xove F.S. Concepto: gastos de tempada. Importe: 15.000 euros”.

Neste momento intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Queremos que conste en acta que o BNG abstense neste caso porque non temos nin idea do que estamos votando, saberano os dous que estiveron reunidos antes de entrar no Pleno, pero os demais non temos nin idea”.

A continuación efectúase a votación das emendas presentadas polo Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, dando o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 2 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e ó Sr. Deputado non

adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitadas por maioría as emendas presentadas polo Grupo Provincial do BNG ós Orzamentos da Deputación de 2019.

Seguidamente procédese á votación das emendas presentadas polo Sr. Deputado non adscrito, dando o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 1 (emitido polo Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitadas por maioría as emendas presentadas polo Sr. Deputado non adscrito ós Orzamentos da Deputación de 2019.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Dicir que nos abtemos tamén nas emendas do Deputado non adscrito pola imposibilidade material de saber o que poñen”.

Finalmente procédese á votación do proxecto de Orzamento da Deputación para o ano 2019, coa inclusión na proposta das emendas modificadas e aprobadas que foron presentadas polo Grupo Provincial Popular; efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 3 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e ó Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobado por maioría o proxecto de Orzamento da Deputación para o ano 2019 e documentación que o acompaña, ao que e engaden as emendas do Grupo Provincial Popular anteriormente transcritas e aprobadas por maioría:

3.- EXECUCIÓN DO ACORDO DO PLENO DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DE DATA 31 DE XULLO DE 2018, POLO QUE SE APROBOU INICIALMENTE A EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN TIC, E A ASUNCIÓN DAS SÚAS

COMPETENCIAS, ACTIVIDADES E SERVIZOS POR PARTE DO ORGANISMO PROVINCIAL. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO.

Logo de ver o Informe-Proposta en relación co asunto epigrafiado, do seguinte teor:

“En relación coa execución do acordo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo, de data 31 de xullo de 2018, polo que se dispuso a extinción da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, en adiante Fundación TIC, e a asunción de competencias actividades e servizos e ao persoal de dita fundación, acordándose igualmente a xestión directa de dito servizo, procede informar:

Antecedentes de feito

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“Primeiro.- Aprobar que a Deputación de Lugo asuma as competencias, actividades e servizos e ao persoal da Fundación TIC, cunha plena equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores da tic cos empregados públicos da Deputación na proporción que permita a masa salarial.

No relativo ás actividades, previo a data 1 de xaneiro de 2019, o pleno da corporación aprobará un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo momento a disposición da provincia, e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense.

Segundo.- Aprobar inicialmente a extinción da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), con efectos do día 31 de decembro de 2018.

Terceiro.- Comuníquese ao Padroado da Fundación TIC para o seu acordo e posterior ratificación polo protectorado segundo o artigo 37, apartado 3 dos Estatutos da Fundación TIC

“... a extinción da Fundación requirirá o acordo do Padroado ratificado polo protectorado. Se non houbese acordo do Padroado ou este non fose ratificado polo protectorado, a extinción da Fundación requirirá a resolución xudicial motivada, que poderá ser instada polo protectorado ou polo Padroado, segundo os casos”

Cuarto.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios para xeral coñecemento.

Quinto.- Xestionar directamente por parte da Deputación Provincial de Lugo as competencias, actividades e servizos, os bens materiais, e o persoal do Ente.

Sexto.- De conformidade co artigo 88.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións Locais (“ao disolverse a institución, a corporación sucederlle universalmente”) e artigo 38 dos Estatutos da Fundación TIC que di:

(“1.- A extinción da fundación, agás nos supostos nos cales teña lugar como consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizado polo padroado co control e asesoramento do protectorado. No caso de inexistencia do Padroado, o protectorado designará de oficio os liquidadores.

2.- O Padroado -como órgano de liquidación- deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario e do balance de situación da Fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.*
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que se deban levar a cabo coas limitacións previstas.*
- c) Cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.*
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.*

3.- Aos bens e aos dereitos resultantes da liquidación da Fundación daráselles o destino decidido polo Padroado.

4.- Tras seren aprobadas as actuacións de liquidación polo Padroado e de adxudicar o haber resultante, de acordo co previsto no artigo anterior, estas seranlle comunicadas ao protectorado, que verificará as cancelacións e promoverá as inscricións que procedan, entre elas a extinción da Fundación, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego”).

A Deputación Provincial de Lugo sucederá universalmente dende o 1 de xaneiro de 2019 en todas as obrigas, contratos, relación laborais, bens e dereitos da Fundación TIC.

Sétimo.- Facultar a Presidencia para a constitución das Comisións Técnicas que sexan precisas para o cumprimento deste acordo.

2º.- Para a execución de dito acordo, por Decreto da Presidencia de data 18 de outubro de 2018, foi autorizada unha delegación de funcións do Secretario Xeral, don Manuel Castiñeira Castiñeira, no Secretario Xeral Adxunto, don José Antonio Mourelle Cillero, no referente a execución dos acordos adoptados na citada sesión plenaria celebrada o 31 de xullo de 2018.

3º.- Por decreto da Presidencia de data 26 de outubro de 2018, dispúxose o seguinte:

PRIMEIRO.- A constitución das seguintes comisións técnicas, coa finalidade da execución do acordo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo de data 31 de xullo de 2018.

- *Comisión técnico jurídica*
- *Comisión técnico económica*

SEGUNDO.- Determinar que o obxecto das Comisións será o seguinte:

COMISIÓN TÉCNICO JURÍDICA

- a) Elaboración do regulamento do servizo*
- b) Elaboración do inventario de bens*
- c) Equiparación dos traballadores*

COMSIÓN TÉCNICO ECONÓMICA

- a) Balance de situación y demais operacións económicas*
- b) Condicións salariais dos traballadores*

TERCEIRO.- Dispoñer que a composición das Comisións será a seguinte:

-COMISIÓN TÉCNICO JURÍDICA:

Secretario da Fundación TIC

Xerente da Fundación TIC

Secretario Xeral Adxunto da Deputación Provincial de Lugo

Xefe do Servizo de RR.HH da Deputación Provincial de Lugo

-COMISIÓN TÉCNICO ECONÓMICA:

Interventora da Fundación TIC (e da Deputación Provincial de Lugo)

Xerente da Fundación TIC

Secretario Xeral Adxunto da Deputación Provincial de Lugo

Xefe do Servizo de RR.HH da Deputación Provincial de Lugo

4º.- Con base no Decreto sinalado no punto anterior, con data 6 de novembro de 2018, a Comisión Técnico Xurídica e a Comisión Técnico Económica, celebraron reunións co obxecto de determinar a documentación precisa para a execución do acordo, así como para o análise da situación na que se encontraba dita execución.

5º.- Con data 15 de novembro de 2018 celébrase unha reunión conxunta das Comisións Técnico Xurídica e a Comisión Técnico Económica na que se estudia a documentación aportada e se establece o cauce procedimental para a adopción do acordo de execución polo Pleno da Corporación.

6º.- Con data 19 de novembro de 2018 procedeuse a negociación cos representantes sindicais da Fundación TIC das condicións laborais na que se produciría a subrogación do persoal pertencente a dito ente. A proposta presentada pola Deputación Provincial de Lugo foi asinada pola Delegados/as de persoal da Fundación TIC, así como pola UGT, sindicato que ostenta a representación unitaria do persoal da mencionada Fundación, o 19 de novembro de 2018.

De dita proposta deuse coñecemento, expreso e formal, a todos os empregados/as da Fundación TIC.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O art. 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, BAIXO O EPÍGRAFE información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo, establece no seu punto terceiro que:

“ En caso de que unha Administración Pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, virá obrigada á subrogación do persoal que o prestaba, si así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral”.

SEGUNDA.- O apartado primeiro da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 3/2017, 27 de xuño, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2017 baixo o epígrafe “Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público”, establece que:

“Un. Con efectos dende a entrada en vigor desta Lei e vixencia indefinida, as Administracións Públicas do artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, non poderán considerar como empregados públicos do seu artigo 8, nin poderán incorporar en dita condición nunha Administración Pública ou nunha entidade de dereito público:

b) Ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que se integren nunha Administración Pública.

Ao persoal referido nos apartados anteriores seranlle de aplicación as previsións sobre sucesión de empresas contidas na normativa laboral”.

TERCEIRA.- A regulación exposta foi radicalmente modificada pola Sentencia do Tribunal Constitucional de 31 de outubro de 2018 pola que se declara inconstitucional o apartado un da DA 26ª da Lei de Presupostos de 2017, xa que segundo a argumentación do Tribunal, o contido dese apartado non integra o contido esencial da norma presupuestaria e a súa constitucionalidade depende de que atope o encaixe no denominado contido eventual das leis de orzamentos . Polo tanto, razoa o Tribunal, debe examinarse “a inmediatez da conexión da norma controvertida có obxecto do presuposto, a habilitación de gastos e a estimación de ingresos”

E, unha vez feito dito exame o Tribunal Constitucional resolve que o contido do apartado un da DA 26ª, non pode ser calificado como unha medida de contención do gasto público, porque “tales traballadores serán retribuídos pola Administración pública en calquera caso, pois non a outra conclusión conduce a aplicación do réxime laboral (sucesión de empresas). Por elo, continúa o razonamento, o que fai estrictamente a norma é incorporar unha precisión do disposto no art. 8 EBEP, o que conduce á conclusión de que se trata dunha medida regulatoria, de carácter sustantivo, que de acordo coa doutrina consolidada do Tribunal, non pode encontrar acomodo nunha lei de presupostos”

CUARTA.- Polo tanto e, unha vez declarado inconstitucional o apartado un da citada Disposición Adicional 26, a regulación realizada polo art. 130.3 da Lei de Contratos do Sector Público non deixa xénero de dúbidas sobre a obrigabilidade da subrogación do persoal da Fundación TIC, ao decidirse, por acordo Plenario de 31 de xullo de 2018, prestar directamente o servizo.

E, unha vez decidida a prestación directa do servizo e a subrogación do persoal adscrito ao mesmo, non cabe senon determinar as condicións na que dita subrogación ten que facerse. E non cabe senon que a subrogación sexa coa cualidade de empregados públicos, unha vez desaparecida a limitación contida na citada Disposición Adicional 26, subrogación cuxas condicións concretaránse na parte dispositiva do presente acordo, e que virá avalada pola realización dos correspondentes procesos selectivos dos traballadores, nos que foron respetados os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

QUINTA.- Polo que se refire á execución do acordo do pleno da Deputación Provincial de Lugo, de data 31 de xullo de 2018, temos que poñer de manifesto que, en relación coas actuacións nel contempladas, teñen que facerse en dous momentos diferentes do procedemento de extinción, a saber, unhas delas é preciso facelas con anterioridade a que se produza a citada extinción, o 31 de decembro de 2018 (condicións da subrogación dos traballadores e aprobación do regulamento so servizo), mentras que outras (elaboración do inventario de bens e balance de situación e demais

opracións económicas), terán que facerse no procedemento liquidatorio, que sexa realizado polo propio Patronato, como órgano liquidador.

Polo tanto o presente acordo refírese a esas actuacións que terán que realizarse con carácter previo. Polo contrario, outras actuacións reflexadas no acordo, é preciso adialas a fase de liquidación.

SEXTA.- Polo que se refire a aprobación do regulamento do servizo, seu contido adáptase a regulación que, para as disposicións de carácter regulamentario, fanse no Título VI da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tal e como se recolle no art. 129 do regulamento, a Deputación Provincial de Lugo actúa de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, eficiencia. Por outra banda no Preámbulo do regulamento xustifícase a súa adecuación a ditos principios.

Non é de aplicación ao presente suposto o disposto no art. 133 en relación coa participación dos cidadáns no procedemento de elaboración do regulamento xa que nos encontramos nunha das excepcións recollidas no apartado 4 do citado precepto que establece que “poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas presupuestarias ou organizativas”, suposto que nos ocupa.

SÉTIMA.- Polo que se refire a tramitación do citado regulamento o procedemento ven recollido no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que establece os seguintes trámites:

a) aprobación inicial polo Pleno.

b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

c) resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

OITAVA .- Polo que se refire as consecuencias xurídicas da disolución da Fundación TIC o artigo 88.2 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, dispoñe que ao disolverse a Institución, a corporación sucederalle universalmente”.

NOVENA.- No que atinxe á situación dos traballadores/as da Fundación TIC é de aplicación a Directiva 2001/23/CE, de 12 de marzo de 2001, sobre mantemento dos dereitos dos traballadores no caso de traspaso de empresas, centros de actividade ou partes de empresas ou de centros de actividade.

DÉCIMO.- No ordenamento xurídico nacional é de aplicación o disposto no art. 44, apartados 1 e 2, do RDL 2/2015, de 23 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que sinala que “ o cambio de titularidade dunha empresa, dun centro de traballo o dunha unidade productiva autónoma non extinguirá, por si mesmo a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social do anterior, incluíndo os compromisos de pensións, nos termos previstos na súa normativa específica, e, en xeral, tantas obrigas en materia de protección social complementaria houber adquirido o cedente.

2. A os efectos do previsto neste artigo considerarase que existe sucesión de empresa cando a transmisión afecte a unha entidade económica que manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados a fin de levar a cabo unha actividade económica, esencial o accesoria.

NOVENA.- En relación co órgano competente para a adopción dos acordos, esté corresponderalle ao Pleno da Deputación de Lugo, de acordo co disposto no art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DÉCIMA.- Por último sinalar que por Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de data, do 12 de novembro de 2018 ratificouse o acordo de extinción da

Fundación para el Desarrollo de las Tecnologías de la Información y de la Comunicación (TIC) e se dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Orde que foi publicada no Diario Oficial de Galicia, de data 19 de novembro de 2018.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- A aprobación inicial do Regulamento do servizo de audiovisuais da Excma. Deputación Provincial de Lugo, do teor seguinte:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Preámbulo

Unha vez aprobada a extinción da Fundación TIC e a subrogación da actividade e do persoal por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, procede facer unha regulamentación do funcionamento do servizo, en cumprimento do acordado polo Pleno da Deputación Provincial en data 31 de xullo de 2018.

O Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, pola magnitude e importancia das súas funcións, así como as esixencias da organización propia e do seu funcionamento esixe un Regulamento que estableza a súa incardinación na organización administrativa da Deputación de Lugo, coa explicación das súas competencias.

A aprobación do regulamento consolida un servizo de carácter transversal, dependente do Presidente da Institución Provincial, cuxo obxectivo será servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O funcionamento do servizo debe cumprir cos principios de eficacia e de economía, racionalizando a estrutura e eliminando custes. Por isto permite afondar na potenciación da

formación práctica, na produción, promoción e asesoría técnica aos Concellos en materia audiovisual.

Nesta liña racionalizadora, debe entenderse o establecemento do funcionamento do servizo e a súa inserción na estrutura da Deputación.

Por outra banda as funcións e competencias reguladas en relación co servizo eran anteriormente contempladas nos Estatutos da Fundación TIC cuxa extinción foi acordada pola Deputación de Lugo.

De acordo co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o exercicio da potestade regulamentaria desenvolvida polo presente regulamento faise de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

Neste preámbulo xustifícase a súa adecuación a ditos principios e, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, o regulamento xustifícase por una razón de interese xeral como é a regulación do Servizo de Audiovisuais da Deputación, cuxo fin é o desenvolvemento de iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo e o patrimonio material e inmaterial da mesma, identificando claramente os fins perseguidos de promover e levar a cabo actividades dirixidas ao fomento da educación e a investigación e ao desenvolvemento do audiovisual, sendo o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución

En virtude do principio de proporcionalidade o regulamento contén a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que no existen outras medidas menos restritivas de dereitos, o que imponían menos obrigacións aos destinatarios.

Por outra banda, o regulamento exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional, autonómico e da Unión Europea, xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidumbre, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións polos destinatarios.

En consecuencia a necesidade deriva da asunción por parte da Deputación de Lugo, das actividades anteriormente desenvolvidas pola Fundación Tic e do cumprimento do acordo do Pleno da Deputación de Lugo de data 31 de xullo de 2018. Pola súa banda, a seguridade xurídica é precisa para que todas as actividades do servizo sexan realizadas dunha forma regulamentada o que redundará nunha maior e mellor prestación do servizo aos cidadáns e aos Concellos da Provincia de Lugo. Como é obvio, o feito de que a actividade do servizo sexa desenvolvida con base nunhas

normas previamente coñecidas e publicadas redonda nunha maior transparencia da súa actividade. Por último, como é lóxico, a eficiencia da prestación do servizo verase incrementada polo feito de que, a actividade estea expresa e proporcionalmente regulamentada e non se faga sen unha planificación previamente establecida.

Por tanto, de cara a alcanzar os fins descritos, e, en virtude da potestade regulamentaria, da Deputación Provincial de acordo con previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en exercicio da potestade de auto organización recollida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, e con cumprimento do disposto no Título VI da Lei 39/2015, de 1 de outubro se propón ao Pleno da Deputación de Lugo a aprobación do:

REGULAMENTO DO SERVIZO AUDIOVISUAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Artigo 2.- Fins da actividade do servizo.

O Servizo de Audiovisuais é un servizo impulsado pola Deputación de Lugo co obxectivo de desenvolver iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo, o patrimonio material e inmaterial da mesma e promover e levar a cabo actividades dirixidas ao fomento da educación, a investigación e o desenvolvemento do audiovisual.

Artigo 3.- Organización.

O servizo estrutúrase nas seguintes áreas funcionais:

- a) Centro de Formación de Audiovisuais
- b) Centro de Produción de Audiovisuais

- 1.- O Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo está dirixido pola xefatura do servizo, as unidades administrativas, que se determinan na relación de postos de traballo, así como o persoal que preste os seus servizos nos centro anteriormente descritos.
- 2.- O servizo depende organicamente da Área de Presidencia.
- 3.- O persoal depende orgánica e funcionalmente da xefatura servizo.
- 4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo.
- 5.- A xefatura do servizo será de acordo co establecido na Relación de persoal da entidade, aprobada por acordo do Padroado, cuxa actividade é asumida pola Deputación de Lugo.
- 6.- O servizo está constituído polos docentes, técnicos e persoal de administración e servizos e estruturado nos centros nos que se divide, e que están conectados entre si, cun funcionamento transversal.

Artigo 4.- Funcións.

Son funcións do Servizo de Audiovisuais.

- a) Fomentar, promover e executar os estudos, propostas, programas, certames, intercambios e contactos nacionais e internacionais, congresos, seminarios, xornadas, publicacións, bolsas e calquera outro tipo de actividades dirixidas a poñer en valor o audiovisual na provincia de Lugo.
- b) Prestar apoio técnico, formativo e promocional para que todas aquelas accións vinculadas co audiovisual, contén con recursos que lles permitan superar as dificultades iniciais que pode supor a promoción destas iniciativas.
- c) Impulsar accións dirixidas a desenvolver proxectos para difundir o labor dos colectivos con dificultades de integración social, ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas e empresas audiovisuais, mediante a realización de actividades neste ámbito.
- d) Fomentar, promover e executar accións destinadas á alfabetización dixital dos lucenses.
- e) Divulgar as actividades e actuacións da Deputación de Lugo a través de contidos audiovisuais.

- f) Favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual colaborando na realización de actividades de promoción da provincia de Lugo e os seus Concellos.
- g) Prestar asesoramento e apoiar, de acordo co instrumento xurídico apropiado en cada caso nas materias da súa competencia.
- h) A responsabilidade directa da xestión de centros educativos de formación e de ensinanza en todas as súas ordes, regrada e non regrada, directamente ou a través de convenios, contratos ou formas de xestión que sexan realizados pola Deputación provincial de Lugo.
- i) Xestionar as colaboracións que a Deputación provincial de Lugo acade, de xeito especial coas administracións e entidades con responsabilidade e competencias no audiovisual, no campo da educación, da produción e da formación en materia audiovisual.

En ningún caso a actividade do Servizo de Audiovisuais terá como destinatarios a organizacións políticas ou organizacións sindicais.

CAPÍTULO II- CENTRO DE FORMACIÓN DE AUDIOVISUAIS.

Artigo 5.- Fins do Centro de formación de audiovisuais

O Centro de Formación de Audiovisuais realizará, con base nos fins xerais do servizo as actividades de formación e educación no eido do audiovisual.

Artigo 6.- Funcións do Centro de formación de audiovisuais.

As funcións a desenvolver polo Centro de Formación de Audiovisuais serán:

1. Manter unha oferta académica vangardista e de calidade.
2. Ampliar a formación dos alumnos, ex alumnos e usuarios mediante o desenvolvemento dun programa formativo complementario e extraescolar máis en sintonía co novo modelo das industrias audiovisuais.
3. Potenciar a formación para o emprendemento propoñendo a celebración de xornadas de encontro con empresas, incluíndo na oferta académica competencias emprendedoras na formación como un estímulo para posteriormente desenvolver este tipo de aptitudes e comportamentos para o emprendemento, con accións que busquen a formación en competencias básicas, competencias laborais, cidadás e competencias empresariais dentro do sistema educativo formal e non formal e a súa articulación co sector produtivo.

4. Promover o intercambio de experiencias cos “Campos Mixtos”: Intensificar as relacións coa universidade e con outros centros nacionais implicados na formación dentro do campo da comunicación e audiovisual.
5. Diseñar fórmulas que faciliten a inserción laboral atendendo ás necesidades do ensino e aprendizaxe de todos os participantes na educación e Formación Profesional.
6. Asesorar aos centros educativos na educación en comunicación audiovisual.
7. Promover actividades formativas de alfabetización dixital do colectivo dos maiores.
8. Diseño e proposta dun plan de formación propio para o persoal do servizo mediante un programa formativo que permita manter unha constante actualización dos coñecementos teóricos e prácticos en materia audiovisual.

CAPÍTULO III- CENTRO DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS

Artigo 7.- Fins do centro de produción de audiovisuais.

O Centro de Producción de Audiovisuais realizará, con base nos fins xerais do servizo as actividades de produción, difusión e divulgación.

Artigo 8.- Funcións do Centro d eproducción de audiovisuais

As funcións a desenvolver polo Centro de Producción de Audiovisuais serán:

1. Difusión da cultura e posta en valor do patrimonio material e inmaterial dos Concellos, que por si sós e de formada illada non poden asumir.
2. Impulsar accións dirixidas a desenvolver proxectos para difundir o labor dos colectivos con dificultades de integración social, ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas, mediante a realización de proxectos audiovisuais.
3. Sen prexuízo das funcións do servizo de comunicación da Deputación, reservada ao gabinete de comunicación, corresponde ao servizo xerar, para difundir e distribuír, contidos audiovisuais que faciliten o coñecemento dos programas de actuación da Deputación de Lugo.
4. Colaboración cos Concellos da provincia na realización de actividades de promoción como un instrumento para favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual.
5. Dar asesoramento e apoio en materia audiovisual e técnica aos Concellos que así o soliciten.
6. Captación de producións audiovisuais, nacionais e internacionais, a favor desta provincia.

7. Colaboración en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de pre-produción e rodaxe a provincia de Lugo.
8. Crear producións propias xerando materiais innovadores de uso educativo ou divulgativo e reforzar o valor da comunicación local e autonómica.
9. Potenciar o banco de recordos “Memoria dixital Lugo”.
10. Recuperación, catalogación, custodia, dixitalización, distribución e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual da Deputación de Lugo.
11. Xerar melloras na calidade das instalacións e dos recursos materiais que redunden na mellora das actividades do servizo.

CAPÍTULO IV- DESTINATARIOS DAS ACTIVIDADES DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Artigo 9. Destinatarios da actividade do Centro de Formación de Audiovisuais.

Os destinatarios da actividade formativa do Centro de Formación serán os seguintes:

- a) En relación coa formación regrada, os solicitantes que reúnan os requisitos establecidos pola normativa ditada polos órganos competentes en materia de educación.
- b) En relación coa formación no regrada, alumnos , ex alumnos da Escola de Imaxe e Son da Fundación TIC, así como persoas maiores, na forma que se determine en cada unha das convocatorias.

Artigo 10. Selección dos beneficiarios do Centro de formación.

- En relación coa ensinanza regrada, o criterio de selección será estar en posesión da titulación esixida para o acceso á formación profesional de grao superior. Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo.
- En relación coa ensinanza non regrada, os criterios de selección serán os que se determinen na correspondente convocatoria.

Artigo 11. Destinatarios da actividade do Centro de Produción de Audiovisuais.

Los destinatarios da actividade do Centro de Produción, serán os seguintes:

- a) Alumnos e ex alumnos do centro educativo.
- b) Asociacións sen ánimo de lucro.
- c) Colectivos con dificultades de integración.
- d) Entidades culturais, deportivas, públicas e privadas.
- e) Empresas de produción audiovisuais e creativas.
- f) Medios de comunicación audiovisual.
- g) Centros educativos, de todos os distintos niveles.
- h) Concellos da provincia de Lugo.

Artigo 12. Selección de destinatarios do Centro de Produción de Audiovisuais e normas de tramitación.

Os criterios para a determinación das actuacións a realizar polo Centro de Produción de Audiovisuais serán os seguintes:

- 1º.- As actividades do Centro de Produción de Audiovisuais irán dirixidas, con carácter prioritario, a atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais.
- 2º.- A actualidade do contido da información en relación cos fines do servizo.
- 3º.- Iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo e o seu patrimonio material e inmaterial da mesma.
- 4º.- Orde temporal da solicitude.

Tódalas actividades realizadas polo servizo así como a súa priorización de acordo cos criterios anteriores serán realizadas en función da dispoñibilidade dos medios materias e persoais adscritos, sempre baixo os criterios de outorgar a máxima atención á totalidade dos Concellos da provincia.

As solicitudes da realización das actuacións por parte do Centro de Produción de Audiovisuais e realizaranse mediante formato electrónico, e a súa denegación deberá ser comunicada, en dito formato, aos solicitantes.

Artigo 13.- Selección de destinatarios de apoio técnico.

Cando se solicite o apoio técnico (medios persoais e/o materiais) por Concellos e entidades, os criterios para a súa autorización serán os seguintes:

- a) Con carácter prioritario atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais
- b) Disponibilidade de medios persoais e materiais
- c) Adecuación de medios ás actividades solicitada

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDO.- Proceder a apertura dun período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias, determinado que no caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o presente acordo ata enton provisional.

TERCEIRO.- Determinar que os criterios polos que terá que se rexerá a integración do persoal da Fundación TIC, no momento da súa extinción, e decir a partires do 1 de xaneiro de 2019, serán os seguintes:

CRITERIOS PARA A INTEGRACIÓN DO PERSOAL LABORAL DA FUNDACIÓN TIC NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A integración do persoal laboral da Fundación TIC rexerase polos seguintes criterios:

1.- A integración non extinguirá a relación laboral. A Deputación Provincial de Lugo quedará subrogada nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social da Fundación, e, en xeral, cantas obrigas en materia de protección social complementaria houbera adquirido a Fundación TIC.

2.- Os traballadores da Fundación TIC que accederon a condición de empregados desta Fundación pública despois de superar o correspondente proceso selectivo, mediante convocatoria pública nos que se respectaron os principios de igualdade, mérito capacidade e publicidade, formalizando o correspondente contrato laboral fixo, con posterioridade a este proceso, a súa integración na Deputación provincial realízase como empregados públicos provinciais, na condición de persoal laboral fixo, materializándose na incorporación ao Cadro de persoal e Relación de postos de traballo, nas mesmas condicións retributivas que acrediten no momento da disolución da Fundación TIC, prevista para o 31 de decembro de 2018.

Os empregados da TIC que non acrediten esta condición incorporaranse na que corresponda conforme ao contrato laboral subscrito e vixente na data de integración.

3.-As relacións laborais dos traballadores integrados rexeranse polo disposto no Convenio Colectivo Único para persoal da Deputación Provincial de Lugo, salvo no disposto nos seguintes capítulos:

- Capítulo VII: Permanencia e asistencia no traballo.
- Capítulo VIII: Condicións profesionais.
- Capítulo IX: Sistema retributivo.
- Capítulo X: Condicións económicas.

Xustifícase esta exclusión transitoria nas peculiaridades e diversidade do réxime de prestación de servizos do colectivo de empregados que se integran, o que esixe un estudo e negociación que non é posible realizar no tempo que media ata a disolución da Fundación.

No que afecta ós aspectos contidos nos apartados anteriores, seguirán rexéndose polo disposto nos convenios colectivos que regulan a actividade laboral deste colectivo tal como ven sendo actualmente.

4.- A Deputación Provincial de Lugo, comprométese a adoptar as medidas necesarias para a plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Entidade, así como para a plena equiparación de condicións na proporción que permita a masa salarial desta Entidade e a normativa que resulte de aplicación, antes do 31 de decembro de 2019”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación e Facenda, e Goberno Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular, D. Xosé Ferreiro Fernández, do Grupo Provincial do BNG, e D. Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

Ante esta proposta, por parte do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, preséntanse dúas emendas, do seguinte teor:

.- Emenda nº 1, de engádega:

“No apartado 4:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo.

Engadir, en dito apartado:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

A estes efectos, deberá presentar mensualmente o plan de programas, contidos e servizos audiovisuais a desenrolar en cada mes, debendo ser aprobado polo Pleno da última sesión inmediatamente anterior ao mes ó que se refira o plan.

Dito plan deberá vir acompañado das solicitudes formuladas polas persoas, asociacións ou entidades... demandantes destes servizos”.

.- Emenda nº 2, de engádegas:

“Engadir, despois do articulado do Regulamento, que di:

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Dada a especificidade e a singularidade que ten a entidade integrada na Deputación de Lugo, o director ou persoa que dirixa, coordine, ou desempeñe a dirección da actividade realizada pola entidade integrada terá que acudir a unha comisión informativa, que estará composta por todos os grupos, entendéndose a estes efectos que o deputado non adscrito terá a consideración de grupo político.

Esta comisión que se reunirá unha vez ó mes previa a celebración do pleno, e que será convocada polo Presidente, coincidindo coas Comisións Informativas, e na que se dará conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión. Añádese unha Disposición adicional despois do articulado do Regulamento”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Todo o mundo coñecemos que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo na sesión de 31 de xullo de 2018 adoptou, entre outros, os acordos, despois dunha intensa tarefa de traballo e de diálogo cos traballadores e traballadoras da Fundación TIC, que consistían en aprobar que a Deputación de Lugo asuma as competencias, actividades e servizos e ao persoal da Fundación TIC, cunha plena equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores da TIC cos empregados públicos da Deputación na proporción que permita a masa salarial.

Tamén no relativo ás actividades, previo ó 1 de xaneiro de 2019, se aprobaría un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo momento a disposición da provincia, e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense.

Aprobouse tamén inicialmente a extinción da Fundación TIC, e comunicouse ó Padroado da Fundación para o seu acordo e posterior ratificación polo protectorado segundo a normativa vixente, e tamén esa sucesión universal dende o 1 de xaneiro en tódalas obrigas, contratos, relación laborais, bens e dereitos da Fundación TIC; aparte de facultar á Presidencia para a constitución das comisións técnicas que sexan precisas para o cumprimento deste acordo.

O 13 de setembro de 2018 o Padroado da Fundación TIC por unanimidade, e polo tanto co voto favorable da maioría absoluta esixida polos seus Estatutos, acordou a extinción da Fundación TIC con data 31 de decembro de 2018, e esa sucesión pola Deputación de tódalas súas obrigas e dereitos. A extinción foi ratificada pola Xunta de Galicia o 19 de novembro de 2018, publicouse no DOGA con esa data, polo tanto é a data de efectos e de valor xurídico administrativo; e polo tanto xa estamos en período de liquidación da Fundación.

Despois disto, por Decreto da Presidencia de 26 de outubro de 2018 dispúxose a constitución das dúas comisións técnicas para abordar xa esta recta final da extinción da Fundación TIC, unha xurídica e outra económica; unha comisión técnico xurídica que debería elaborar o regulamento do servizo, elaborar o inventario de bens, e a equiparación dos traballadores; e unha técnico económica que debería facer balance da situación e demais operacións económicas e tamén das condicións salariais dos traballadores.

O 19 de novembro procédese á negociación cos representantes sindicais da Fundación TIC das condicións laborais nas que se produciría a subrogación do persoal pertencente a dito ente. A proposta presentada pola Deputación foi asinada polos delegados de persoal da Fundación TIC así como pola UGT, sindicato que obtema a representación unitaria do persoal da mencionada Fundación. De dita proposta deuse coñecemento expreso e formal a tódolos empregados e empregadas da Fundación TIC.

O acordo cumpre coa lexislación vixente, e cabe mencionar que o Tribunal Constitucional o 31 de outubro de 2018 declara inconstitucional o apartado 1 da Disposición Adicional Vixésimo Sexta dos Orzamentos do ano pasado, e sitúanos nun novo marco para a asunción dos traballadores por parte da Deputación de Lugo, que ata o 1 de xaneiro son da Fundación TIC. Polo que se nos permite que a subrogación sexa coa calidade de empregados públicos, que non podían selo antes unha vez desaparecida a limitación contida na citada Disposición Adicional Vixésimo Sexta que anula esa sentenza do Tribunal Constitucional, avaliada pola realización dos correspondentes procesos selectivos dos traballadores nos que foron respectados os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, que así consta tamén no expediente que hoxe ven a Pleno que ten sido así. Polo tanto a Deputación de Lugo podemos asumir como empregados públicos ós traballadores da Fundación TIC.

Tamén hai un pronunciamento nese acordo sobre a aplicación do convenio colectivo a 31 de decembro de 2019, o 1 de xaneiro as relacións laborais dos traballadores integrados rexeranse polo convenio colectivo único para o persoal da Deputación, agás no disposto nos seguintes Capítulos por limitacións administrativas, por limitacións de índole xurídica, e tamén pola singularidade da actividade: a permanencia e asistencia no traballo, as condicións profesionais e o sistema retributivo e as condicións económicas; permanecen nesa situación cun carácter transitorio e debido ás peculiaridades e á diversidade do réxime de prestación do servizo que esixe un estudo e negociación que non é posible realizar no tempo que falta para a disolución.

A regulación establecida polo Pleno de 31 de xullo con respecto á integración do persoal foi radicalmente modificada coa Sentenza do Tribunal Constitucional de 31 de outubro de 2018, polo que materialmente é imposible realizar ese estudo no novo escenario antes da disolución da Fundación. Pese a esas limitacións incorpóranse en todo o demais ó convenio da propia Deputación.

En canto á tramitación do regulamento o procedemento ven recollido no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e establece os seguintes trámites: Aprobación inicial polo Pleno, hoxe é o día desa aprobación inicial; información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de 30 días; e resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas.

Este será o único servizo da Deputación que contará cun regulamento de funcionamento destas características; faise, como tamén o esixe así a Lei, de acordo ós principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia; e o feito de que a actividade dos servizos audiovisuais sexa desenvolvida en base a unhas normas previamente coñecidas e publicadas redundará tamén nunha maior transparencia da súa actividade.

O servizo estruturarase nas seguintes áreas funcionais: o Centro de Formación de Audiovisuais, que realizará, con base nos fins xerais do servizo, as actividades de formación e educación no eido audiovisual; e o Centro de Produción de Audiovisuais, que realizará, con base nos fins xerais do servizo, as actividades de produción, difusión, e divulgación.

Os destinatarios da actividade serán en relación coa formación regrada, os solicitantes que reúnan os requisitos como ata agora; e en relación coa non regrada, alumnos e ex alumnos da Escola de Imaxe e Son da Fundación TIC, así como persoas maiores na forma que se determine en cada unha das convocatorias.

Tamén os destinatarios da actividade do Centro de Produción neste caso serán os alumnos, os ex alumnos, asociacións sen ánimo de lucro, colectivos con dificultades de integración, entidades culturais, deportivas, públicas e privadas, empresas de produción audiovisual e creativas, medios de comunicación audiovisual, centros educativos de tódolos distintos niveis, e concellos da provincia de Lugo.

Hai unha emenda presentada a esta proposta na que se solicitan unha serie de cuestións, fundamentalmente que tódolos meses se aprobe polo Pleno a actividade a desenvolver polo servizo que se crea coa asunción por parte da Deputación de Lugo da actividade e do persoal da Fundación TIC, que cremos que non é axeitada para un correcto desenvolvemento da actividade que se pretende do propio servizo, e polo tanto invitamos ós membros da Corporación a rexeitala no momento da votación.

Deixando claro que este será un servizo máis da Deputación, a primeira pregunta que xorde é dende cando o traballo dun servizo vai a unha Comisión Informativa ou a un Pleno con carácter mensual?, non sei se a idea pode ser que traíamos a cada Pleno o traballo de tódolos servizos e aquí o deseñemos a un mes vista. É como se se lle esixe a calquera servizo da Deputación, da Xunta, ou dun concello calquera que envíe o día un de cada mes as actividades, obxectivos, e demais, de todo o mes.

En segundo lugar este servizo dará cobertura e difusión a actividades de asociacións e colectivos sen ánimo de lucro ás que non chegan os medios de comunicación masivo, e aceptar esta emenda significaría que quedaría eliminada a cobertura de calquera actividade que unha asociación non teña prevista, pechada ou solicitada con máis dun mes de antelación; sendo o noso obxectivo axudar, con isto poñeríamos claramente atrancos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Con respecto a esta proposta que se trae a Pleno en principio a intención deste Grupo é facilitar a continuación do procedemento que foi aprobado no Pleno de 31 de xullo pasado con respecto a esa transformación da Fundación TIC. Cremos que vai ser un proceso longo, lóxicamente non vai rematar nesta lexislatura polo cal vai ter moito que dicir a próxima Corporación.

En relación coa emenda, non somos moi coñecedores da mesma salvo polas verbas do representante do Grupo Socialista, entón na segunda intervención poderemos clarificar un pouco máis a nosa postura”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Con respecto á emenda, evidentemente consultaremos cal é a razón pola que non se lle ten facilitado ós Grupos Políticos, despois de terse rexistrado o 26 de novembro con número de

Entrada 31308; é unha emenda presentada polo Deputado Provincial non adscrito, realmente son dúas emendas que din que “baixo a dependencia directa do Presidente correspóndelle ó xefe do servizo coordinar e dirixir o servizo de audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo”, e engadir sobre isto “a estes efectos deberá presentar mensualmente o plan de programas, contidos e servizos audiovisuais a desenvolver en cada mes, debendo ser aprobado polo Pleno na última sesión inmediatamente anterior ó mes ó que se refira o plan; dito plan deberá ir acompañado das solicitudes formuladas polas persoas, asociacións, ou entidades demandantes destes servizos”.

Propón tamén a incorporación dunha Disposición Adicional dada a especificidade e a singularidade que ten a entidade integrada na Deputación de Lugo, “o director ou persoa que dirixa, coordine ou desempeñe a dirección da actividade realizada pola entidade integrada, terá que acudir a unha comisión informativa que estará composta por tódolos Grupos, entendéndose a estes efectos que os Deputados non adscritos terán a consideración de Grupo Político. Esta comisión que se reunirá unha vez ó mes previa á celebración do Pleno, e que será convocada polo Presidente coincidindo coas Comisións Informativas, e na que se dará conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión”. Engádese unha Disposición Adicional despois do articulado do regulamento.

Isto é o que rezan as dúas emendas que entendo que van no mesmo sentido de que o deseño do traballo estea pechado ó acordado nunha comisión que se celebre con carácter mensual; e pola singularidade da actividade que creo que todos coñecemos, oxalá fosemos quen incluso de prever a actualidade social, económica, cultural, e política cun mes de antelación, consideramos que é absolutamente ineficiente e que vai totalmente en contra dos principios de operatividade, eficiencia, e capacidade de cobertura que debe desenvolver este servizo e que viña desenvolvendo ata agora a Fundación TIC.

Polo demais, o acordo está nos termos que se teñen acordado e desenvolvido cos traballadores, e polo tanto pedimos ese apoio para esta parte substancial do proceso que o converte nun momento irreversible. Se realmente damos este paso teremos dado un salto contitativo e cualitativo moi importante no que é a xestión dos recursos públicos, incluso no que é a política de persoal das Administracións públicas, e poderemos continuar cara a ese afán e cara a ese obxectivo

que nos temos marcado de equiparar plenamente ós traballadores da Fundación TIC cos traballadores da Deputación Provincial de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Manifestar que nós non temos esa emenda; e aproveitar ademáis para ver se se pode cambiar o sistema e que cando se presenta algo relativo ó Pleno que nolo fagan chegar inmediatamente igual que se fai coas mocións, refírome a todo tipo de emendas, preguntas, rogos, etc.; creo que non custa moito traballo e estou convencido que non é culpa dos funcionarios do departamento de Actas, en todo caso é decisión política de dicir que todo o que chegue referente ó Pleno se nos mande a tódolos Grupos Políticos.

En todo caso manifestar o noso voto favorable a esta proposta”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“No mesmo sentido cá primeira intervención, a intención lóxicamente é levar adiante e colaborar coa execución do acordo plenario; nese sentido anunciamos a abstención”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para dicir que presenteí dúas emendas, aparte xa do apoio ós traballadores e á proposta, para coñecer como funciona este servizo e que teñamos información tódolos membros da Corporación sen ningún problema, algo do que ata agora non dispoñemos, nin das decisións que se toman, nin porque se fan, incluso nin quen as toma”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Insisto, evidentemente a emenda, como ten que ser sometida ó criterio do Pleno da Corporación consideramos, polas razóns expostas nos puntos anteriores, que debe ser rexeitada en aras de perseguir unha mellor eficiencia do servizo.

En canto á proposta creo que se vai conseguir materializala, e polo tanto creo que imos ser exemplo de que cando se ten un diálogo honesto, sensato, e perseguindo obxectivos comúns cos traballadores, as administracións públicas e tamén os traballadores poden saír beneficiados desta situación sen lesionar e sen colisionar tampouco con ningún outro dereito ou con ningunha outra capacidade de prestación de servizos. Polo tanto eu creo que hoxe é un día para felicitarse non só polos traballadores e traballadoras da Fundación TIC, senón de felicitarse pola capacidade que ten o diálogo como instrumento para mobilizar e para dinamizar a nosa sociedade”.

Rematado o debate, por parte do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, e a petición da Voceira do Grupo Provincial Popular D^a. Elena Candia López, dase lectura ás emendas presentadas.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Para reiterar que non coñeciamos o contido desas emendas, pero en todo caso, como nos parece que inciden na transparencia e no mellor funcionamento de dito servizo, imos votar a favor”.

Procédese en primeiro lugar á votación das emendas presentadas polo Sr. Deputado non adscrito, e efectuada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 2 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobadas por maioría as emendas presentadas.

A continuación procédese á votación da proposta, coa inclusión na mesma das emendas anteriormente aprobadas, e efectuada a votación o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta coa incorporación á mesma do seguinte engadido que se corresponde coas emendas presentadas polo Sr. Deputado non adscrito e aprobadas por maioría:

.- Emenda nº 1, de engádegas:

“No apartado 4:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo.

Engadir, en dito apartado:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

A estes efectos, deberá presentar mensualmente o plan de programas, contidos e servizos audiovisuais a desenrolar en cada mes, debendo ser aprobado polo Pleno da última sesión inmediatamente anterior ao mes ó que se refira o plan.

Dito plan deberá vir acompañado das solicitudes formuladas polas persoas, asociacións ou entidades... demandantes destes servizos”.

.- Emenda nº 2, de engádegas:

“Engadir, despois do articulado do Regulamento, que di:

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Dada a especificidade e a singularidade que ten a entidade integrada na Deputación de Lugo, o director ou persoa que dirixa, coordine, ou desempeñe a dirección da actividade realizada pola entidade integrada terá que acudir a unha comisión informativa, que estará composta por todos os grupos, entendéndose a estes efectos que o deputado non adscrito terá a consideración de grupo político.

Esta comisión que se reunirá unha vez ó mes previa a celebración do pleno, e que será convocada polo Presidente, coincidindo coas Comisións Informativas, e na que se dará conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión. Añádese unha Disposición adicional despois do articulado do Regulamento”.

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS PUNTUAIS DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COMO CONSECUENCIA DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.

1. ANTECEDENTES

Por acordo plenario desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2017, aprobouse inicialmente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo, sendo aprobada definitivamente en sesión de 29 de maio de 2018, sendo publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de 20 de agosto de 2018.

2. MOTIVACIÓN DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

As modificacións introducidas no Cadro de Persoal, aprobado xunto cos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2019, deben ser trasladadas e ter o seu reflexo na Relación de Postos de Traballo, consignando, por unha banda, a amortización dos postos de traballo, correspondentes ás prazas que se amortizaron; e por outro, consignando os postos correspondentes ás prazas que se crean no cadro de persoal.

Igualmente deben ser incluídos na RPT os postos de traballo derivados da integración do persoal provinte da Fundación TIC, sen prexuízo de que quede pendente de axustar a plena homologación mediante a tramitación do correspondente expediente de modificación puntual e singular da Relación de Postos de Traballo.

3. POSTOS QUE SE AMORTIZAN:

Nº	POSTO DE TRABAJO	GR/SUB	RÉXIME XURÍDICO
I225	TÉCNICO RELACIÓNS INTERADMINISTRATIVAS	A/A1	RF
813	VIXILANTE GUÍA MUSEO	C/C2	RF
757	VIXILANTE GUÍA MUSEO	C/C2	RF
1301	AUXILIAR RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	C/C2	RF
600	OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES	C/C2	RF
30	OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES	C/C2	RF
500	VIXILANTE SAN PAIO DE NARLA	AP	RF
622	VIXILANTE REDE MUSEÍSTICA	AP	RL
948	VIXILANTE PAZO TOR	AP	RF
1089	PORTEIRA	AP	RF
I152	PEÓN ESPECIALISTA AGROPECUARIO	AP	RL
I153	PEÓN ESPECIALISTA AGROPECUARIO	AP	RL
1470	PEÓN GRANXA	AP	RL

4. POSTOS QUE SE CREAN E INCORPORACIONES A DISTINTOS SERVICIOS E UNIDADES

As modificacións da Relación de Postos de Traballo responden ás necesidades de adecuar a estrutura organizativa ás necesidades actuais. En consecuencia podemos distinguir as seguintes modificacións realizadas como consecuencia das variacións no cadro de persoal:

1.7. SERVICIO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Nº	DENOMINACIÓN	RX	CD	CE	TP	FP	GR	ESC	TIT	SIT
1630	TAX ENTRADA	F	20	536,78	N	C	A1	AX/T	1	VD

2.5 PARQUE MÓBIL

Nº	DENOMINACIÓN	RX	CD	CE	TP	FP	GR	ESC	TIT	SIT
1634	MAQUINISTA-CONDUCTOR ENTRADA	RL	12	356.26	N	C	C2		4	VD
1638	PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA	RL	11	336.53	N	C	AP		5	VD
1639	PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA	RL	11	336.53	N	C	AP		5	VD
1640	PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA	RL	11	336.53	N	C	AP		5	VD

4.3. SERVICIO XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Nº	DENOMINACIÓN	RX	CD	CE	TP	FP	GR	ESC	TIT	SIT
1631	TAX ENTRADA	F	20	536,78	N	C	A1	AX/T	1	VD

1632	TC. SUPERIOR INFORMATICA E PROGRAMACIÓN	F	20	536,78	N	C	A1	AE/TSP	6	VD
1633	TC. SUPERIOR DESENVOLVEMENT O APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	F	17	484,37	N	C	B	AE/TAUX	13	VD

POSTOS NON ADSCRITOS DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Nº	DENOMINACIÓN	RX	CD	CE	TP	FP	GR	ESC	TIT	SIT
1642	TAX	F	23	1.103,54	N	C	A1	AX/T	1	VD
1643	TC. SUP. FP INFORMATICA	F	19	658,87	N	C	B	AE/TAUX	13	VD
1646	ADMINISTRATIVO	F	18	599,04	N	C	C1	AX/AD	3	VD
1647	ADMINISTRATIVO	F	18	599,04	N	C	C1	AX/AD	3	VD
1648	ADMINISTRATIVO	F	18	599,04	N	C	C1	AX/AD	3	VD
1649	ADMINISTRATIVO	F	18	599,04	N	C	C1	AX/AD	3	VD
1645	AUXILIAR	F	16	484,37	N	C	C2	AX/AUX	4	VD
1635	AUXILIAR ENTRADA	R.F	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD
1636	AUXILIAR ENTRADA	R.F	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD
1637	AUXILIAR ENTRADA	R.F	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD
1641	AUXILIAR ENTRADA	R.F	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD
1644	AUXILIAR ENTRADA	R.F	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD

CAMBIOS RÉXIME XURÍDICO POSTOS DE TRABALLO

Modifícase o réxime xurídico dos postos número 1.417, 1.418 e 1.419 denominados Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, pasando de RF a RL

Así mesmo, modifica o réxime xurídico o posto número 1624 denominado Arquivista Bibliotecaria, RL, pasando a RF coa denominación de Técnico Superior Arquivística Entrada.

POSTOS DE TRABALLO A INTEGRAR NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN EXECUCIÓN DO ACORDO DE DISOLUCIÓN DA FUNDACIÓN TIC,s

Nº	POSTO DE TRABALLO	REXIME XURÍDICO
1	DIRECTOR/A CPP	R.L.
9	DOCENTES	R.L.
1	AUXILIAR REALIZACIÓN	R.L.
1	AXUDANTE PRODUCCIÓN	R.L.

1	EDITOR/A AUDIO	R.L.
1	XEFE/A TÉCNICO/A	R.L.
1	OPERADOR/A DE CÁMARA	R.L.
4	OPERADOR/A REPORTEIRO/A DE CÁMARA	R.L.
1	REALIZADOR/A	R.L.
2	REDACTOR/A PRODUCTOR/A	R.L.
2	REDACTOR/A	R.L.
1	DOCUMENTALISTA	R.L.
1	AXUDANTE ELÉCTRICO	R.L.
1	OPERADOR/A REPORTEIRO/A DE CÁMARA	R.L.
2	CELADOR/A	R.L.
2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	R.L.
1	EMPREGADO SERVIZOS XERAIS	R.L.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación e Facenda, e Goberno Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular, D. Xosé Ferreiro Fernández, do Grupo Provincial do BNG, e D. Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

A esta proposta preséntase unha modificación, que textualmente di o seguinte:

“Á vista da proposta de data 15 de novembro de 2018, sobre modificacións puntuais da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo como consecuencia da modificación do Cadro de Persoal para o ano 2019 que consta no expediente; constatándose:

Que no Cadro de Persoal se adoptou a decisión de non amortizar a praza número 677 denominada “Técnico de Relacións Interadministrativas”, grupo A1 e limitar a creación de prazas de Auxiliar Administrativo ó número de 4 en lugar de 5, proponse adecuar no mesmo sentido o contido da Relación de Postos de Traballo e, en consecuencia, modificar o texto antes relacionado, no sentido seguinte:

POSTOS QUE SE AMORTIZAN:

POSTOS NON ADSCRITOS DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO

Nº	DENOMINACIÓN	RX	CS	CE	TP	FP	GR	ESC	TIT	SIT
1644	AUXILIAR ENTRADA	RF	12	356,26	N	C	C2	AX/AUX	4	VD

POSTOS QUE SE MANTENEN:

Nº	POSTO DE TRABAJO	GR/SUB	RÉXIME XURÍDICO
I225	TÉCNICO RELACIONES INTERADMINISTRATIVAS	A/A1	RF

Por outra parte, constatándose que no Cadro de Persoal figuran dúas prazas de “Editor de Vídeo” consecuencia da integración do persoal da Fundación TIC no Cadro de Persoal da Deputación, e que, na Relación de Postos de Traballo non figuran os correspondentes postos, propónse a seguinte inclusión:

Nº	POSTO DE TRABAJO	REXIME XURÍDICO
2	EDITOR DE VIDEO	RL

“

Intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Acábanlles de pasar agora un engadido á proposta; saben que a proposta leva a amortización dalgúns postos de traballo e a creación de outros, e a incorporación na RPT de tódolos postos de traballo da Fundación TIC. Había algunha cousa que modificar, e cambiamos unha amortización que se facía dun técnico de relacións interadministrativas, que nos parecía que non era necesario pero fixéronnos ver que si. E a maiores lóxicamente houbo que quitar nas propostas de creación un administrativo de entrada. Tamén se inclúen, non sei se porque estaba incluído no Cadro de Persoal e non estaba na RPT, dous postos de editor de vídeo, que se nos esqueceu poñelos.

Entonces a proposta segue a ser a que se levou ás comisións coa incorporación e coa substitución destes dous apartados que lles comento”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Imos favorecer a aprobación desta proposta coa abstención, facendo fincapé na importancia desa rectificación; non imos entrar en máis análise pero dende logo este Grupo manifestou no momento de ver a proposta a súa disconformidade dunha maneira bastante enérxica; rectificar é de sabios, e unha ver corrixido facilitamos esa organización que vostedes plantexan hoxe aquí”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu vou dicir o que aquí non se dixo nin ningún se atreve a dicir. A actuación e a presentación desta modificación puntual que discutimos o outro día nas Comisións Informativas é unha mostra máis da política e actuación barriobaixeira, rancorosa, e mafiosa, do Grupo social arribista. Outra cousa é que se chegue a compromisos de última hora, lexítimos e claros, e a componendas de “eu douche isto e ti dasme o outro”, é o seu problema.

É unha demostración clara de que aquí a proposta ía facer unha purga política; probablemente añoren as “chekas”, algo que funcionaba hai tempo por desgraza neste país; gústalles xogar co pan das persoas, se non fora porque ten mal concepto agora eu cualificaríao de rufians políticos que non dubidan en xogar cos intereses das persoas, co pan e as necesidades da xente; e eu preguntome como poden xogar de forma tan impúdica con estas necesidades; e tamén me pregunto onde están os sindicatos?, porque se é certo que aprobaron a proposta que agora ven modificada obviamente algo cheira a podre nesta Institución.

E aproveitando que o Miño pasa por aquí, e tomando esa selección de persoal para as residencias, onde unha vez máis, repito, non lle minten ós veciños de Incio nin ó persoal desta Institución, non dubidan en utilizar tódolos medios que teñen para politicamente actuar dunha forma que os que seguimos sendo socialistas de corazón non damos entendido. Probablemente vostedes se remontan á época do comunismo onde había un comisario político ou un primeiro ministro, algún deles como Beria que se adicaba a purgar a xente e eliminalos non só politicamente senón incluso fisicamente.

Como poden dicir que hai cuestións legais polas cales non poden contar coa listaxe seleccionada na Sociedade Urbanística Provincial?, cando ata o mes de febreiro todos vostedes estaban de acordo en que había que contratalos e emplealos, aínda que o BNG andivo bailando de Suplusa para a Deputación e da Deputación para Suplusa e así lle foi, agora na Deputación danlle coa porta nas narices e vólvenos mandar para Suplusa, pero obviamente quítannos millón e pico para que en principio non se podan abrir.

Pero repito, hai que ser cínico, hipócrita, mala persoa, para negar que estas persoas non teñen nada que ver coa Deputación nin está ben feita a selección; mire, convocatoria do Consello de Administración, “por orde do Sr. Presidente convócase o día 13 de novembro de 2014 ás trece horas e trinta minutos na entidade, estado de previsión de ingresos, plan de actuación, investimento, e domicilio social”.

E alí estaban, non sei se eran do Partido Socialista xa daquela ou non, un tal don José Ramón Gómez Besteiro, unha tal dona Pilar García Porto, unha tal dona Sonsoles López Izquierdo, don José Fernández Fernández que está ausente, pero hete aquí que temos a don Miguel Angel Sotuela Vega, delegado de persoal desta Institución; obviamente ou non se lembran ou non saben, ou son uns hipócritas, uns cínicos, e uns mentirosos politicamente falando.

Na páxina da acta que estará á súa disposición dise que “visto o organigrama de persoal que acompaña os orzamentos de capital, persoal de oficios, director centro atención a maiores, administrador centro atención a maiores, médico, cociñeiros, xericultor auxiliar de enfermería e xeriatria 24 postos, limpiadores 30 postos, conductor; e visto informe emitido pola Intervención, o Consello de Administración, co voto a favor de tódolos conselleiros presentes, a excepción de D. Jesús Carreira Ferreiro e D. José Manuel Yanes Ginzo, que se abstiveron de votar, acordou prestar aprobación”. Dos cinco representantes do Partido Socialista están aquí presentes dona Pilar García Porto, dona Sonsoles López Izquierdo, don Miguel Angel Sotuela Vega e don Antonio Veiga Outeiro, que non se lembra tampouco de que estaba alí, e non dubida tamén en utilizar os sindicatos para apoiar hoxe ó goberno a cambio de que lle dean diñeiro para unha residencia do seu Partido e pasado reproballo.

Esta é a vida nesta Institución durante estes catro anos, mentira, hipocrísia, falta de palabra, falta de verdade, dá igual que o firmen ou non. Non mintan máis, non enganen, e non digan que a Deputación non ten responsabilidade; e paren, se pode ser, de utilizar ás persoas nesta Institución para os seus fins persoais. E vou pedir aquí unha cousa, hai unha persoa á que coñezo hai moito tempo, e que creo que neste momento se tivera un pouco de dignidade, ademáis ten cerca a xubilación, debería deixar esa xefatura de persoal, e xa non digo os que votaron e negan esas cousas como Deputados, é imposible porque fóra de aquí vai moito frío; pero este señor que está a punto de xubilarse debería deixar de prestarse a actuacións porque nada desa amortización se explicou na Comisión Informativa, dixéronsenos outras cousas. E creo que vai sendo hora de que entre aire novo e que entren persoas que podan actuar correctamente e con dignidade, acaba unha carreira política e unha carreira funcional e é importante marchar coa cabeza alta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dende logo non vou usar os cualificativos que empregou o Sr. Martínez aínda que saudamos positivamente este cambio, que temos que dicir humildemente que cando se nos presentou na Comisión Informativa esta proposta se nos pasou inadvertido.

En todo caso facer un único comentario, no meu caso particular que son funcionario público e estiven e podo volver estar en calquera momento nunha situación de excedencia no meu posto de traballo por servizos especiais, o certo é que me sentaría bastante mal que se plantexara algo coma o que se plantexaba na proposta inicial; insisto que a nós se nos pasou completamente inadvertido.

Saudamos o cambio que se fai, que se poña enriba da mesa un pouco de sentido común; e se algo positivo houbo nesa xuntanza de última hora entre o Partido Popular e o Partido Socialista, e se isto saíu desa xuntanza, alo menos saíu algo positivo. Por tanto nós con este cambio votaremos a favor”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Case que me vou referir só a esto último que se está falando, porque de todo o demáis non vou entrar a contestar insultos, eu non estou na Deputación para discutir cun ex compañeiro que se adica a insultar a persoas da Institución que fan o seu traballo.

Nós dixemos que a RPT é unha consecuencia de que hai unha serie de xente que se xubila ou postos que desaparecen, e con eses postos que se amortizan cóbrense outros postos a outras necesidades que ten a plantilla da Deputación. Non había ningunha cuestión política neste tema, eu sei que pode parecer así e que non me van crer, paréceme ben que non me crean, pero non había ningunha cuestión política; había uns postos que se amortizan por determinados motivos, e este en concreto, que é específico e é un posto moi concreto, era un dos que nos parecía que non era necesario.

Fíxosenos ver outra cuestión, que tampouco quero entrar en profundidade nese tema, nós estamos de acordo, damos marcha atrás, e eu son o primeiro que teño dado marcha atrás moitas veces no desenvolvemento do traballo da Deputación, porque é verdade que en cuestións laborais é moi complicado facer unha cuestión exacta e que satisfaga a todos, entendo que é o que procede nestes casos; pero de aí a insultarnos e a meterse cos traballadores que fan este traballo eu creo que hai un mundo.

Entonces entendo que non merece máis explicacións o tema e proponho que se acepte este cambio nos dous casos concretos dos que estabamos a falar, o da amortización e mais o da creación dese posto en concreto, que lóxicamente se non amortizamos o primeiro non podemos crear o segundo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O feito de que este punto da Orde do Día suscitara un debate duro dentro do que cabe éncheme de satisfacción porque demostra que nesta Institución aínda quedan certos valores e certo compromiso coas persoas; que se pretenda amortizar a praza dunha persoa que está nunha libre designación, cando ademáis esa persoa asumiu funcións no curto espazo de tempo que eu tiña a responsabilidade de ser Presidenta, aínda que non deamos nomes e apelidos porque merece moito máis respecto do que se pretendía facer nesta proposta, si que merece un gran tirón de orellas e merece certamente un ataque importante que agradezo que se sumen tódolos Grupos, agás inicialmente o Goberno e ó final tamén o Goberno. Dicímolo moitas veces, pero ás veces hai que demostralo, a casualidade para nós non existe, e dende o noso humilde punto de vista isto non é unha casualidade.

En segundo lugar, probablemente esta decisión non se tomou aquí, non considero que poda haber alguén dunha maneira tan maquiavélica que pretenda faltarlle ó respecto a un funcionario, porque isto é a todas luces unha falta de respecto; con educación por suposto, por moito que busquen que un saia das súas casillas hai que intentar nesta Institución non sair, agradezo a rectificación, é de xustiza, pero ademáis de todo iso sería unha decisión indigna dun goberno mínimamente comprometido coa democracia.

Non lle vou ocultar que ata se nos puido pasar desapercibido, é un Pleno certamente denso onde ían asuntos moi importantes, que requiriu de estudo e de traballo; nós somos o Grupo con máis Deputados, temos a obriga de traer os traballos máis estudados, e intentamos traelos; e mesmo cando onte nos advertiron cun asesoramento que agradezo e que poño en valor porque é sinal de que a xente que traballa con nós estuda minuciosamente a documentación que se lle entrega, pero entrei esta mañá nesta Institución pensando que se nos estaba intentando enganar ou coar un gol, agradezo que rectifiquen pero neste segundo turno si que me gustaría facer a advertencia ó Goberno de que así non, hoxe estamos no goberno e mañá na oposición pero os funcionarios desta Casa, á marxe de con quen traballen, traballan co Goberno sexa do Partido que sexa, e non digo que se lles premie, ata podo entender que se premie ós que consideren de máis confianza, o que non imos aceptar é que se castiguen porque crean que non son de confianza.

Xa se viviu aquí, houbo moitos casos que poderíamos reproducir e que ademáis foron públicos e incluso saíron nalgún medio de comunicación, parecía que iso se corrixira, e parece que isto é unha reminiscencia daquela tendencia que entre todos temos que comprometernos a erradicar desta Institución. Eu agradézolle que rectifiquen, non porque llo pida o Grupo que represento, que non me doen prendas en recoñecerlle ó Bloque Nacionalista Galego que o fun pedir porque me parecía unha inxustiza, e porque nós tiñamos a obriga de porlle remedio a iso, que quero chamarlle un erro, pero para a próxima vez, sobre todo cando se amorticen prazas de persoas que están nesas circunstancias gustaríame que como mínimo se contacte coa persoa que o ocupa, por elegancia, por educación, por persoas que levan moitos anos nesta Casa. Se vostedes non a consideran necesaria, que por certo non sei cando se creou con este nome pero ó mellor podíamos atopar algunha sorpresa se a buscamos, porque a RPT nesta Institución foi un instrumento de execución política probablemente dos máis eficaces, pero alo menos se o utilizamos para ben ata podemos aproveitalo, pero utilízala para mal non, así non señor Sotuela, e así non Sr. Presidente, como lle dixeran hai dúas horas”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Unha das poucas cousas que deixou o meu pai en herdanza foi que se daba unha palabra que a cumprira, ese foi o lema toda a miña vida e creo que en termos xerais sempre a cumprim. Ás veces hai que chamarlle ás cousas polo seu nome, e á xente que non está aquí, que non utiliza unha linguaxe técnica nin é entendido en semántica, hai que dicirlle claramente o que ocorre señor Sotuela; porque despois de ler esta acta vostedes que están aquí, se tiveran algo de dignidade, marchaban, pero iso é algo que ignoran.

Lamento que a miña linguaxe, que aplaudían cando era incluso máis duro e máis forte con respecto ó Partido Popular, porque fun Voceiro do Grupo Socialista varios anos nesta Institución, e tería a mesma fama que teño agora de duro pero daquel aplaudían, e non lles vou dicir o que dicían, agora non lles gusta. Iso é positivo porque indica que o que lles fala segue a manter os seus principios e a súa forma de actuar independentemente doutros intereses; porque hai individuos nesta Institución e neste país tan acostumados ao embuste que lles resulta imposible incurrir na verdade, nin sequera como excepción, e nesa definición encóntranse vostedes; aquí foron cunha

modificación *ad personam* clara e contundentemente que non se explicou en ningún momento, porque o único que se nos dixo foi que era unha modificación de nada, unhas prazas que se amortizaban e outras que se creaban, a mesma modificación e o mesmo engano que despois de catro anos desta selección que vostedes aprobaron están a facer coa aprobación desas prazas da semana pasada.

Ou sexa, o Grupo social arribista, antes eu estaba nel e aprobei e consentín esa selección de prazas que nunca pensei que non se foran ocupar, porque de feito eu cheguei a Suplusa tamén con ese compromiso de que se abrían as residencias e de que esa xente ía traballar, o que non entendín son as manobras destes señores que están ó meu carón, menuda tropa!.

Entonces, como aínda non sei as causas de porque non poden traballar xa llelas explicarán vostedes; e como para certas autorizacións necesitan ter persoal contratado volven facer a mesma trampa que hai catro anos, co cal os cidadáns deste país e as persoas que de forma legal se van presentar a esas prazas vanas enganar de novo; hoxe é o Pleno dos enganos e das mentiras do Goberno social arribista”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Só para dicir que a proposta de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo, como consecuencia da modificación do Cadro de Persoal que se fixo chegar o 15 de novembro de 2018, ten un só responsable que é o Deputado Provincial Miguel Sotuela, non se lle bote a culpa a ninguén, nin se fixo isto noutra calle nin noutro despacho que non fora o meu; isto para aclarar algún comentario que se fixo.

Esta responsabilidade é miña, e a marcha atrás é como consecuencia de que entendo o que se dixo, o que non comparto é que haxa un motivo político para que ese posto concreto fora eliminado da RPT; eu procurei informarme e esa persoa que non está agora na Deputación ten un posto de traballo na Xunta de Galicia, onde aprobaría coas súas condicións e cos seus méritos, e ten ese posto de traballo asegurado; eu non propoñía aquí eliminar o posto de traballo de ninguén que

non tivera traballo, ten o posto de traballo asegurado, non había unha cuestión política, pódennme crer ou non, de tódolos xeitos déronme un motivo; por tanto hai que manter este posto de traballo, que posiblemente non se ocupe pero ímolo manter no Cadro de Persoal da Deputación. E dende logo o responsable son eu, nin é o Partido Socialista, nin os funcionarios desta Casa, nin é o Presidente da Deputación, é o Deputado de Recursos Humanos que é o que fai a proposta, e chega a acordo ou non cos sindicatos, chega a acordos ou non cos departamentos e Deputados da Deputación, para conformar a RPT desta Institución e que isto siga funcionando”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 1 (correspondentes ao señor Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta coa modificación presentada”.

Pide a palabra o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez para explicación de voto, séndolle concedida polo Presidente, e para manifestar o seguinte:

“Básicamente porque votei en contra da RPT, e sendo consecuente tamén voto en contra agora, aínda que a modificación xa non tiña que ter vido, co cal manteño ese voto”.

COMISION DE PROMOCION ECONOMICA E SOCIAL

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POR ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A RAIOLAS-LUGO, ASOCIACIÓN DE PAIS E PERSOAS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO, CO OBXECTO DE COLABORAR NA FINANCIACIÓN DA “LEGALIZACIÓN E ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON TEA”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando a petición realizada por dona María Inés Flores Lozano, en nome e representación de RAIOLAS-LUGO Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, con data 19 de novembro de 2018 (rexistro número 2018RPE030649), mediante o cal solicitaba a concesión dunha prórroga do prazo de execución da actuación subvencionada ao abeiro do “Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Raiolas-lugo, Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA” e a aprobación da súa modificación mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo o 21 de decembro 2017 e a formalización mediante addenda asinada polas partes o día de 5 de marzo de 2018”, xa que por mor da demora na obtención da preceptiva licenza municipal de obra, que finalmente se obtivo o 4 de xullo de 2018 e notificada o 24 de xullo de 2018 e que, ademais, unha vez que se obtivo a licenza, ao comprobar o estado actual do edificio, se observou que sufriu graves danos causados por actos vandálicos, non tidos en conta no orzamento e nin na solicitude inicialmente presentado para a concesión da subvención, circunstancias que impiden a finalización da execución da obra no prazo previsto no dito convenio asinado entre as partes o 27 de decembro de 2016.

Considerando o informe emitido dende a Sección de Benestar Social e Igualdade, no cal informábase que procedía a concesión da prórroga do prazo de execución e xustificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA”, asinado polas partes o 27 de decembro de 2016, e posteriormente modificado mediante a Addenda primeira asinada polas partes o 5 de marzo de 2018, sendo articulada a mesma, mediante unha segunda addenda ao citado convenio, que acompaña ao citado informe, a cal reflicte a ampliación dos prazos de execución e xustificación previstos no convenio modificado mediante a primeira addenda, pasando a ser 30 de xuño de 2019 e 31 de agosto de 2019, respectivamente.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e a Intervención en relación a aprobación da modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA” modificado mediante Addenda primeira, sendo articulada a mesma mediante a segunda addenda que se acompaña con esta proposta, quedando modificados os prazos de execución e xustificación previstos no convenio, pasando a ser 30 de xuño de 2019 e 31 de agosto de 2019, respectivamente.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Dar aprobación á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA”, sendo articulada a mesma mediante a segunda addenda que se acompaña”.

A Comisión Informativa de Promoción Económica e Social, por unanimidade, acordou informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

--oo0oo--

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción que presenta o Grupo Provincial Socialista con motivo do día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Exposición de Motivos

Todos os días do ano deberían ser 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas desta eiva social que debe ser erradicada. E para iso necesitamos o compromiso individual de todos os cidadáns, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade. Non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista interpélanos a todos e todas e a nosa obrigación é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o PSOE, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas/os, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións deben remar xuntas nese obxectivo, por encima de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron hai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras pasouse aos feitos. Do inmovilismo á acción e puxéronse en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordáronse por unanimidade os criterios para a repartición dos 100 millóns de euros correspondentes ás Comunidades e cidades Autónomas previstos no Pacto de Estado, e distribuíuse o fondo procedente da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para a repartición dos 20 millóns de euros contemplados para os Concellos.

O 3 de Agosto aprobouse un Real Decreto Lei que xa sido validado por unanimidade no Congreso dos Deputados, que:

- Devolve as competencias aos Concellos na promoción da Igualdade e a loita contra a Violencia de Xénero, e establece a repartición dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán ata 40 millóns no próximo ano. Os Concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso e en ocasións o único, que teñen ao seu alcance as vítimas.

- Modifica a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso aos recursos de asistencia, ao introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Desta maneira facilítase o acceso a dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social.

- Modifica o Código Civil para que os menores expostos a Violencia de Xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Este Decreto-Lei está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como proxecto de Lei, tal e como expuxo o Goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto de medidas do Pacto de Estado que requiren modificacións legais.

Doutra banda, volveuse a poñer en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previu solucións habitacionais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda. E o próximo curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

Do mesmo xeito, nestes momentos, está a tramitarse no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén recentemente, o Congreso dos Deputados admitiu a trámite a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Pola súa banda, no avance dos Orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a incrementar esta partida, de forma que os Concellos pasarán a percibir o dobre, é dicir 40 millóns de euros en 2019.

En definitiva, Consenso, si, pero responsabilidade e celeridade, tamén. Urgencia, eficacia, lealdade ao Pacto de Estado e compromiso político.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

1.- Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto no ámbito educativo, social, xurídico, económico, de protección, concienciación e sensibilización social.

2.- Instar as Cortes Xerais a axilizar todos os cambios lexislativos impulsados polo Goberno para poder aplicar as medidas contidas no Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero o máis axiña posible.

3.- Instar o conxunto dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais a tramitar os Orzamentos Xerais de 2019, que supoñerán un incremento das partidas destinadas a Comunidades Autónomas e Concellos para a loita contra a Violencia de Xénero.

4.- Que o Goberno inste os medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.

5.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e ao Presidente da Federación España de Municipios e Provincias (FEMP)”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Un ano máis chegamos a estas datas con esta moción sobre violencia de xénero; un ano máis coa condea de tódalas situacións de violencia que sofren as mulleres polo mero feito de selo. Que sofren as mulleres en calquera ámbito da vida por parellas, ex parellas, compañeiros de traballo, xefes, veciños, familiares, ou descoñecidos.

É evidente que o rexeitamento e a loita ten que abarcar tódolos tipos de violencia do mundo por moito que nos centremos estes días na que sofren as mulleres. E esa loita contra a violencia, contra a desigualdade que nos leva á violencia, contra un modelo de sociedade construído sobre un capitalismo despiadado e patriarcal, é parte da loita do feminismo.

E este ano ubicámonos por fin nun punto de partida diferente, arrincou a chamada “Cuarta Ola Feminista” que, como as tres anteriores, ven situarnos nun punto sen retorno. O 8 de marzo pasado puidemos vivir un día histórico coa presenza das mulleres e tamén de homes de tódalas idades e condicións que quixeron deixar claro que non estamos dispostas a admitir máis desigualdades que sufrimos por ser mulleres. Este movemento social, este “basta xa” das mulleres ven mellorar a sociedade no seu conxunto porque o feminismo fala de igualdade, de respecto ás mulleres, de respecto ás persoas, e fala dunha sociedade máis xusta para todos.

O pasado ano por estas datas estabamos celebrando a aprobación do pacto de Estado contra a violencia, que por fin fora ratificado un ano despois de que se acordara chegar a el no ano 2016. Estabamos de noraboa pola súa existencia, polo feito de que se chegara ao convencemento de que era necesario e por fin xa era unha realidade; mágoa que tantas mulleres e nenos non o poidan celebrar con nós.

Sen embargo tivemos que esperar dez meses e un cambio de Goberno para que se empezasen, apenas dous meses despois dese cambio de Goberno, a materializar os acordos ós que se tivera chegado nese pacto de Estado. Así na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o 31 de xullo de 2018 acordouse por unanimidade a xestión dos cen millóns ás

Comunidades e Cidades autónomas, segundo os criterios acordados nese pacto, e se distribuiu o fondo de procedencia da Delegación de Goberno contra a violencia de xénero de 9,5 millóns de euros.

O 3 de agosto o Consello de Ministros aprobou un Real Decreto Lei, agora convalidado por unanimidade no Congreso dos Deputados, que devolve as competencias ós concellos en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no pacto que se duplicarán ata os 40 millóns nos Orzamentos do ano que ven. Ese Real Decreto modifica a Lei Integral contra a violencia de xénero, e tamén modifica o Código Civil en distintos aspectos que facilitan e melloran a situación das mulleres vítimas.

Outras das accións deste Goberno, que conta cun Ministerio de Igualdade e 17 Ministerios traballando pola igualdade de forma transversal, é a reactivación do observatorio de saúde das mulleres; tamén se prevén solucións habitacionais para mulleres vítimas de violencia de xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda; o próximo curso escolar contará unha vez máis con materias en valores e dereitos de igualdade; o PSOE ademáis ten presentado no Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial e así formar ós xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

No avance dos Orzamentos para o 2019 o Goberno de España tense comprometido a financiar de maneira completa o pacto de Estado contra a violencia de xénero, isto supón o incremento dun 10% nos Orzamentos, pasaríamos dos 200 a 220 millóns, polo que os concellos pasarían a percibir 40 e non 20.

Por todo este camiño andado, e por todo o que queda por facer, é polo que a través desta moción pedimos que se continúen impulsando estas e outras medidas no ámbito educativo, social, xurídico, económico, de seguridade, concienciación e sensibilización social. Tamén lle pedimos ás Cortes Xerais que se axilicen os cambios lexislativos precisos para poder aplicar os acordos do pacto de Estado, así como aprobar os Orzamentos de 2019 que permitirán executar ademáis outras políticas e facer real ese incremento nas partidas das Comunidades Autónomas e concellos.

Outras fronteiras nas que hai que facer presión é nos medios de comunicación, polo que pedimos ó Goberno que inste a que se eliminen contidos que manteñan estereotipos ou mensaxes machistas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Antes de empezar manifestar que mentres que a compañeira Sonsoles facía a exposición da moción faltaban doce Deputados, cousa que para un tema coma o que estamos tratando indica, fóra das palabras, a importancia que se lle dá a este tema. E non estou falando de ir ó baño como temos que ir todos de vez en cando, senón que durante toda a exposición faltaban doce Deputados, que non é unha broma. Isto para mín é moi significativo, porque cando se estaba falando de Orzamentos ou da RPT non faltaba ninguén.

E, a pesares de que creo que a nosa postura política neste Pleno foi, é, e será bastante dura con actitudes que está a ter o Goberno, o Partido Socialista neste caso, tamén dicir que neste tema a sintonía en xeral é bastante xeralizada, e concretamente coa compañeira Sonsoles eu creo que estamos de acordo senón no 100% cando menos no 99% sempre que falamos deste tema.

Dicir tamén que, cando se nos convocou a unha Xunta de Voceiros para intentar consensuar unha declaración conxunta, a postura neste caso do BNG, e tamén coincidiu ademais coa postura do Deputado non adscrito, foi deixar ás dúas voceiras, ás dúas mulleres que había na reunión, Sonsoles polo Grupo Socialista e María Angeles polo Partido Popular, que se puxeran de acordo e amolos dous manifestamos que se elas se poñían de acordo o que decidiran íanos valer.

Teño que advertir tamén que todo o que poda dicir para nada vai contra ninguén en particular dos presentes, nin podo opinar que se poda interpretar das miñas palabras que estou insultando nin faltando ó respecto a ningún dos presentes; xa teño dito outras veces que somos fillos da sociedade na que estamos por moi sensibles que intentemos ser ante o problema da discriminación e da igualdade das mulleres, fomos educados nunha sociedade machista, sobre

todos os homes, co cal ás veces temos comportamentos que non serían os desexables para traballar a prol da igualdade. Insisto, que ningún se sinta ofendido nin afectado polo que vou manifestar.

Este ano, neste caso o BNG, levou adiante unha campaña creo que moi agresiva para sensibilizar á sociedade do problema que están a ter as mulleres, que non se soluciona, ó contrario, vai a peor, e usou un lema que para min foi dos máis acaídos que ten feito o BNG no que é a publicidade das súas campañas, “A manada é o sistema”. Dicía o outro día noutro ámbito que estou convencido de que o comportamento que tiveron estes homes, os denominados “manada” e a sentenza correspondente, reflicten moi ben o que está a pasar co tema do machismo incrustado na sociedade. Pero eu estou seguro ademáis de que esta xente antes ou despois van ser condenados, antes ou despois van estar diante duns xuíces que, con vergoña ou sen ela, porque queiran ou porque os obriguén, van ditar unha sentenza que acabe con eles na cadea como deberan estar dende o primeiro día.

O problema radica en que os xuíces que os puxeron en liberdade seguen ditando sentenzas, hai poucos días ditaron outra sentenza dun curte totalmente machista e completamente inaceptable, seguen e seguirán ditando sentenzas, co cal os comportamentos de manada non só son esas cinco persoas que fixeron esta actuación senón que son os comportamentos que de xeito diario se dan na sociedade, e que permiten que estas manadas existiran e seguiran existindo por desgraza. Por certo comportamentos que se dan en tódolos ámbitos da sociedade, na xudicatura como vimos claramente, na política, nas empresas, en tódolos ámbitos hai comportamentos que se poden asimilar perfectamente ó comportamento da manada, ou que facilitan que poidan existir esas manadas que traten dese xeito ás mulleres. E todos somos conscientes, sobre todo os homes, que vimos, ou participamos, ou oímos comentarios ou actuacións que se poden asimilar perfectamente a este tipo de comportamentos.

Fálase dun pacto de Estado contra a violencia de xénero, queda moi ben falar de que estamos en contra de que haxa vítimas, que estamos a facer o posible para evitalas, pero logo pasa o que pasa; pacto contra a violencia de xénero, está moi ben, pero o diñeiro onde está?, realmente estase facendo o esforzo económico necesario para loitar contra esta lacra?; eu poño sempre un exemplo, cando se decidiu que o terrorismo no País Vasco era un problema grave que había que

atallar, fíxose un pacto de Estado contra o terrorismo, pero non se lle puxo límite ós investimentos para paliar esta lacra, púxoselle gardas de seguridade día e noite a todas aquelas persoas que eran susceptibles de ter o problema, policías, gardas civís, funcionarios de prisións, concelleiros do Partido Socialista e do Partido Popular, e ninguén o critica, ó contrario, había que facelo probablemente; pois porque non se fai o mesmo coa violencia de xénero?.

Aquí neste Pleno cando o BNG defendeu que se instara a crear un xulgado de violencia de xénero nesta cidade, que segue sen existir a día de hoxe, o Deputado do Grupo Popular que falou dixo que o que ía pasar era que logo o ían pedir en tódolos sitios, e que?, e se hai que crear un xulgado de violencia de xénero en tódolos sitios, cal é o problema?, un problema económico?, estamos limitando por cartos o loitar contra a violencia de xénero?, que é o que está ocorrendo, co cal non sexamos hipócritas, digamos que estamos en contra da violencia de xénero pero non estamos dispostos a poñer o que hai que poñer para combatelo; e non digo que con cartos se acabe con ela, axúdase, pero hai que facer moitas outras cousas.

E non quero rematar sen citar a situación das mulleres do rural, onde eu persoalmente creo que teñen unha dobre discriminación polas súas condicións e polo seu entorno; e non quero tampouco, e poño como exemplo, e tocoulle ó Partido Popular e non digo que non puidera pasar con outro Goberno, do que pasou coas oficinas de I+B, coas técnicas de igualdade que tamén coincidiu que as puxo o bipartito neste caso baixo unha área do Bloque Nacionalista Galego, con cartos europeos creouse unha rede de oficinas polo conxunto do país onde había unhas técnicas, que eran mulleres abogadas e algunhas traballadoras sociais, que asesoraban e informaban ás mulleres do ámbito rural.

Unha das primeiras medidas que tomou o Sr. Feijóo cando entrou no goberno, como remataron as subvencións europeas, foi despedilas; e non só iso, senón que como estaban os contratos mal feitos gañaron os xuízos, foi declarado o despedimento improcedente e indemnizáronas e foron á rúa, e desapareceron as técnicas de igualdade. Agora non o estou botando en cara porque creo que non é o momento, pero poño exemplos de que non só hai que pedir a loita contra a violencia de xénero senón tamén hai actuar en consecuencia e non se está facendo para nada ata onde debería chegarse.

E logo outro problema é o tema da educación que tamén é imprescindible se queremos a medio prazo, xa non digo acabar, cando menos que se reverta a tendencia no que son as vítimas de violencia de xénero”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para expresar o meu apoio á moción do Grupo Socialista”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu lamento profundamente, Sra. Sonsoles, que non quixera vostede manifestar de forma conxunta co resto dos Grupos que formamos esta Corporación ese compromiso que di vostede que ten o Partido Socialista coas vítimas da violencia de xénero, tal e como se lle propoñía dende o Partido Popular mediante a elaboración dunha Declaración Institucional na que esta Deputación dixerá “non á violencia de xénero” dunha forma conxunta.

Este Grupo propúxolle ó Partido Socialista e ó resto dos Grupos que a Corporación desta Deputación Provincial mostrara unha fronte de unión, un acordo unánime, na loita contra a violencia de xénero e na loita contra a violencia machista; propúxolle unión, ante un problema de estado como é a violencia cara ás mulleres propúxolle en definitiva o que pide a cidadanía que é unha fronte común para esquecer dalgún xeito o partidismo e remar todos na mesma dirección.

Nese sentido na Xunta de Voceiros á que aludía o señor Ferreiro do pasado xoves o Partido Popular facíalle entrega dunha proposta de texto para elaborar unha Declaración Institucional, na que nos mostrábamnos abertos a incorporar calquera outra proposta que puideran ter os outros Grupos, ós que agradezo a súa xenerosidade e a súa confianza xa que nos deixaron a nosoutras dúas poder chegar a un acordo; acordo ó que non se puido chegar pola súa negativa. Eu lamento moito que se negara porque en ningún momento lle puxen cortapisas, díxenlle que se podía

negociar e que estabamos dispostos ó consenso, e a iso era ó que viñamos, non vimos nun día coma este a confrontar nada. Se o seu Partido pensa que o vai facer mellor, oxalá o faga mellor, pero creo que neste problema de Estado que afecta ó conxunto da cidadanía, e sobre todo e especialmente ás mulleres, ningún Partido Político nos podemos de momento colgar ningunha medalla lamentablemente”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Este día, que é un día exactamente igual cós outros 364 que ten o ano, non vale rasgarse as vestiduras señora Teijeiro, ese é o problema, e ese é o motivo polo que non aceptei cubrilles co paraugas dos feitos que non lles corresponden a vostedes, e non é porque o diga eu senón que é a realidade.

Esta Deputación como Institución non necesita facer ningunha Declaración Institucional, e menos un día coma hoxe, ou como era a semana pasada o día 25 de novembro, porque esta Institución da man deste Goberno ten feito xa moitas Declaracións Institucionais en defensa das mulleres, tamén declaracións de condeza das agresións e asasinatos, pero ademáis ten apoiado con orzamentos proxectos de igualdade e en contra da violencia doutras entidades; ten coordinado a campaña “En negro” cos concellos da provincia, por certo bastantes concellos do Partido Popular non se adheriron a esa campaña, polo tanto aí tamén habería que aplicarlles o mesmo conto de unidade; ademáis ten programado dende a Área que coordino campañas que están a ser moi exitosas en cando á divulgación e á formación en igualdade.

O Goberno desta Deputación é declaradamente feminista, non teña medo por iso; agora ben, os Grupos Políticos cadaún terá que defender e demostrar que o son, e nese sentido penso que o Partido Popular ten moito traballo por facer. Podería pasar aquí un bo rato, creo que a estas alturas ningún dos Deputados que están aquí terán gañas de que me pase a describir un por un todos e cadaún dos plantóns que o Partido Popular lles fixo ás mulleres onde ten capacidades de goberno; o Sr. Ferreiro xa fixo aquí algún avance.

Pero voulle recordar, cinguíndonos os tempos nos que vivimos, o pacto de Estado onde estabamos todos unidos, todos estabamos de acordo, iso si, estabamos de acordo despois de limar moitos requirimentos do Partido Popular, porque senón ese marabilloso pacto de Estado tivera sido incluso máis ambicioso. Pero en calquera caso chegouse a un acordo, unha foto estupenda, pasaron dez meses ata que houbo un cambio de Goberno, e menos mal, porque senón igual seguiríamos esperando; e foi grazas a ese cambio de Goberno, por certo Presidente socialista, que por fin se empezaron a tomar medidas.

Porque é curioso que falemos e que nos rasguemos as vestiduras con esa protección e defensa, pero despois daquel 8 de marzo, que vostedes non só negaban senón que desprezaban e tivemos que escoitar moitos comentarios moi curiosos ó respecto, fíxose o avance dos Orzamentos por parte do Goberno de Rajoy, e neses Orzamentos o Partido Popular non tivo ningún problema nin lle deu ningún rubor sisar cento vinte millóns dos douscentos millóns que estaban comprometidos no pacto de Estado; iso é o que se chama unión e loitar todos en conxunto?. Efectivamente menos mal que ó final houbo un cambio de Goberno que permitiu reintegrar os orzamentos que estaban previstos no pacto de forma íntegra.

Polo tanto grazas ás decisións tomadas o 31 de xullo nesa Conferencia Sectorial de Igualdade se fai o reparto dos cen millóns ás Comunidades Autónomas, que segundo vostedes tiñan que aportalo elas; e foi no Real Decreto de 3 de agosto cando se fixo o reintegro desas competencias en igualdade e na loita contra a violencia que vostedes, os que tan preocupados están polas mulleres, lles quitaron ós concellos, que veñen sendo os primeiros e moitas veces os únicos puntos ós que teñen onde acudir as mulleres; e aquí podemos falar do que dicía o Sr. Ferreiro das técnicas de igualdade ou do actual mapa dos CIMs que hai nos concellos do rural, na propia montaña poderán ver vostedes os servizos que teñen as mulleres rurais que efectivamente son unhas das que máis problemas teñen.

Pero podemos seguir falando, podemos falar tamén do que fixeron vostedes coa educación, subvencionando a centros privados que segregan por sexos; podemos falar do que quixeron facer coa Lei do aborto; podemos falar da negativa persistente de vostedes por crear xulgados da muller; podemos falar do seu compromiso coa saúde da muller, o mes pasado negábanse a admitir a

problemática que había co tema da endometriose; podemos seguir falando de moitas fronteiras porque por desgraza, señora Teijeiro, o Partido Popular dedicouse a desmantelar os servizos públicos en tódolos sentidos e que precisamente viñan facer unha sociedade máis xusta, e a desigualdade, señores do Partido Popular, xera violencia.

Esta moción pretende precisamente reforzar todas esas medidas que por fin se puxeron en marcha, como se ten dito aquí, e como se di xa por moitos sitios, xa está ben de discursos, é evidente que o discurso políticamente correcto queda moi ben e máis na semana en que se conmemora esa loita, pero o que hai que facer son accións. O Goberno está nese camiño, por tanto aproben a moción e aproben as consideracións que nela se piden”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dicía na miña primeira intervención que non só con protección se soluciona o problema, é necesario para protexer a aquelas persoas que son susceptibles de ser atacadas na súa integridade física, hai que facelo con recursos ilimitados se realmente se quere pelexar contra o que temos diante, pero non chega, tamén hai que legislar, hai que facer leis moi duras a prol da igualdade, a desigualdade xera violencia; dende o momento en que un home pensa que unha muller polo feito de ser muller ten algún dereito menos ca outra persoa por ser un home estase promovendo que poda haber violencia de xénero, violencia machista, hai que legislar; e non podemos protestar, e os homes somos os menos indicados para facelo porque somos maioritariamente os agresores, por que se legisle en positivo para favorecer a igualdade das mulleres, temos que calar e en todo caso algunhas veces avergoñarnos polo que fan os nosos conxeneres moitas veces.

Hai que gastar cartos e legislar en educación, non se pode dicir que se está a ideoloxizar ós alumnos porque se intente incluír unha materia onde un dos eixos centrais é promover a igualdade, ese tipo de afirmación son moi graves. Non se poden facer recortes en educación porque se estará recurtando tamén a posibilidade de que as novas xeneracións teñan unha sensibilidade maior cara a este tema. E sobre todo, e quizá sexa o máis importante, ten que haber unha loita individual de todos e cadaún de nós durante tódolos días e tódalas horas do día, non podemos seguir permitindo

que na nosa vida diaria na casa, no bar, no traballo, no fútbol, que haxa nin un só símbolo que promova a desigualdade, mentres que non asumamos iso o 100% da poboación ou alo menos aquelas persoas que estamos de verdade pola igualdade das persoas, sexa cal sexa o seu xénero, temos que levalo a cabo en tódalas facetas da nosa vida, e incluso deixarnos reprender os que fomos educados nesta sociedade machista polas persoas que temos arredor cando metamos a pata, asumilo, recoñecelo, e intentar non volver a cometer o mesmo erro.

E remato simplemente poñéndolle un pero á señora Sonsoles, porque na súa moción é certo que peca, sobre todo na parte resolutiva, dun pouco de autobombo; cando se intenta debater sobre un tema tan importante e tan grave coma este hai que ser un pouco máis xenerosos, pero erros cometémolos todos e non todo o mundo fai todo o que se podería facer para evitalo; por exemplo boto de menos no caso de Lugo que non se inclúa esixir unha vez máis a creación do xulgado de violencia de xénero que tan necesario é nesta cidade. Por tanto un pouco menos de autobombo e un pouco máis de humildade neste tema que o necesitamos todos, e o BNG e eu o primeiro”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Despois de escoitar as intervencións dos Grupos maioritarios, lamentar que non se tivera chegado a un acordo nesa Xunta de Voceiros; e tamén lamentar o ton porque nun tema coma este que estamos tódolos días sufrindo, que por desgraza está na prensa con actuacións graves para as persoas que lles afectan, o ton que se utilizou aquí dende logo creo que non é de recibo, pero a pesares diso vou votar a favor”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como dicía o Sr. Ferreiro, o que pretendía a señora Sonsoles con esta moción era alardear e presumir de políticas con ese autobombo. O que pretendían dalgunha maneira tamén era supeditar a loita contra a violencia de xénero á aprobación dos Orzamentos Xerais de 2019.

Pero para que vexa que realmente este Grupo buscaba consenso e acordo, e tiverámoslle incorporado calquera texto que vostede propuxera, xa lle adianto que non imos impedir que saia adiante esta moción, aínda que tamén lle digo que se realmente o Partido Socialista ten a intención de cumprir coas medidas do pacto de Estado, se realmente o Partido Socialista ten a intención de incrementar a inversión na loita contra a violencia de xénero, non é necesario que elaboren mocións para traer a Plenos de Deputacións ou de Concellos, nas que vinculen ou chantaxeen ós diferentes Grupos do Goberno do Estado coa necesidade de aprobación duns Orzamentos, Orzamentos que son un perigo para a estabilidade económica deste país, e non llo digo eu senón que llo dixeron, e así foron vetados polos seus aliados no Congreso, pola Unión Europea así como por organismos internacionais en materia de desenvolvemento económico. Uns Orzamentos que ademáis incluso o seu Presidente xa dubida sequera que chegue a presentalos.

Polo tanto se vostedes queren dar cumprimento a ese Real Decreto que aprobaron en agosto no Consello de Ministros, independentemente de que se aproben ou non os Orzamentos, teñen medidas lexislativas suficientes sen necesidade de traer ningunha moción a Pleno. Non esqueza, señora Sonsoles, que quen promoveu o pacto de Estado, co traballo do Congreso e do Senado, foi un Goberno do Partido Popular; e quen deixou as contas feitas e os Orzamentos para que ese pacto de Estado se puidera cumprir foi tamén o Partido Popular”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Precisamente señor Ferreiro se está facendo a Lei Orgánica do Poder Xudicial para incrementar o número de xulgados nos concellos, e precisamente por iso xa non o incluíñ; unha vez que se vexa esa modificación poderemos falar ó respecto.

É curioso que o Deputado non adscrito me fale a mín do ton cando el utiliza o ton que utiliza, e paréceme que este asunto merece moitas veces non só este ton senón algo máis.

Non hai ningunha chantaxe señora Teijeiro, vostede acepte ou non, se non quere apoiar esta posición política non a apoie, non nos sorprendería en absoluto.

Simplemente quero rematar facendo unha mínima alusión para o non esquecemento do millar de vítimas de violencia de xénero que figuran nos datos oficiais dende o ano 2003, e tamén o número de vítimas descoñecidas que non están catalogadas como vítimas de violencia de xénero, pero que seguramente é un dato inasumible, que dende logo ó longo desta historia temos que recordar á hora de aprender e de asumir que hai moitas cousas que facer e non só Declaracións Institucionais para quedar ben”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE ADOPTE AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR OS REAGRUPAMENTOS ACTUÁIS DE ALUMNOS DO CEIP VIRXE DA LUZ DE PORTOMARÍN.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte

Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que adopte as medidas necesarias para evitar os reagrupamentos actuais de alumnos do CEIP Virxe da Luz de Portomarín.

Exposición de Motivos

O CEIP Virxe da Luz do Concello de Portomarín sufriu neste curso un recorte na dotación de profesorado cun docente menos, o que supuxo o agrupamento de tres cursos escolares que anteriormente estaban agrupados en dous: de ter tres aulas (1º e 2º, 3º e 4, 5 e 6º) pasouse a dúas (1º, 2º e 3º, e 4º, 5º e 6º) cando neste curso escolar houbo un incremento da matrícula con respecto ao anterior ao contar cun alumno máis, é dicir, o ano pasado cun alumno menos contaban cun profesor máis.

Esta situación supón, sen lugar a dúbida, unha diminución da calidade educativa pois na mesma aula concéntranse tres grupos de primaria e as necesidades deses menores son diferentes. Polo que se produce unha falta de igualdade de oportunidades con respecto a outras escolas, pois cada hora de clase ten que repartirse en tres niveis diferentes polas distintas necesidades do alumnado (uns están empezando a ler e outros xa aprenden a multiplicar).

As nais e pais de alumnas/os do CEIP Virxe da Luz do Concello de Portomarín enteráronse desta situación co comezo do curso escolar, reuníronse con representantes da Consellería de Educación e non están conformes coa postura da mesma sobre os ratios, polo que iniciaron unha serie de actuacións de protesta para esixir que se revirta a situación anterior e se dote ao Colexio dun profesor máis. A reivindicación das nais e pais dispón dun amplo apoio da veciñanza e da poboación en xeral pois así o veñen amosando na recollida de máis de dous mil sinaturas que levaron a cabo e foi apoiada por unanimidade polo Pleno da Corporación municipal nunha moción de urxencia presentada polo Grupo Municipal Socialista. Esta cuestión da redución de profesorado tamén foi levada ante a Valedora do Pobo.

As nais e pais de alumnas/os do CEIP Virxe da Luz de Portomarín consideran que debe garantirse o dereito a recibir unha educación no rural en igualdade de condicións cos alumnos da cidade con respecto ao acceso a recursos educativos en materia de profesorado.

Os propios docentes transmitiron aos pais que o sistema de docencia nesta situación non é a idónea pola diferente madurez intelectual e persoal das nenas e nenos que se concentran nunha mesma aula e a perda de tempo ao ter que enfrontarse a diferentes necesidades pedagóxicas asociadas a esa diferenzas de comportamento.

A maiores esta redución de profesorado, especialmente nas zona rurais, afonda aínda máis no despoboamento pola perda de servizos, polo que a dotación de servizos nos núcleos do rurais do interior de Galicia debería ser non unha cuestión de números senón de dereitos para que a xente non teña que emigrar á cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno os seguintes acordos:

1º.- Apoiar as reivindicacións das nais e pais de alumnas/os do CEIP Virxe da Luz de Portomarín para que se dote ao colexio dun profesor máis que foi anulado neste curso escolar e non se teñan que agrupar tres cursos nun.

2º.- Esixirlle á Xunta de Galicia que adopte as medidas necesarias para que se reincorpore ao CEIP Virxe da Luz de Portomarín o profesor que foi anulado, que non se teñan que agrupar tres cursos nun e garantir así o dereito a recibir educación en igualdade de condicións no rural”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, que di o seguinte:

“Proponse o seguinte acordo:

1.- Esixir á Xunta de Galicia a que solucione o problema educativo xerado no CEIP Virxe da Luz de Portomarín e revirta a situación actual; volvendo, cando menos, a mesma posición que o curso anterior”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Bo día de xeito especial ás persoas de Portomarín que nos acompañan no Salón de Plenos, e que tiveron a paciencia de chegar case ata a tarde para escoitar o debate e votación desta moción que lles chega ben de preto.

O primeiro que vou facer é a descrición da situación actual dos alumnos do Ceip Virxe da Luz do concello de Portomarín por se alguén non a coñece. Este centro sufriu neste curso un recorte na dotación do profesorado contando cun docente menos respecto ó curso anterior, e isto trouxo consigo o agrupamento de tres cursos escolares que anteriormente estaban agrupados en dous; é dicir de ter tres aulas nese centro nas que estaban por unha banda os de primeiro e segundo, por outra os de terceiro e cuarto, e por outra os de quinto e sexto, pasouse únicamente a ter dúas aulas agrupando ós alumnos de primeiro, segundo e terceiro, e noutra aula os de cuarto, quinto e sexto; cando ademáis neste curso escolar non diminuíu a matrícula senón que se mantivo ou aínda se mellorou un pouco porque houbo un alumno máis.

Isto quere dicir que o pasado ano, cun alumno menos, contaban cun profesor máis nese centro educativo. Esta situación supón sen lugar a dúbidas unha perda na calidade do servizo educativo porque na mesma aula se están concentrando tres grupos de primaria, e evidentemente as necesidades deses menores son diferentes xa partindo da diferenza de idade que teñen entre eles, polo que se produce xa aquí tamén unha falta de igualdade de oportunidades con respecto a outras escolas.

Saben todos vostedes que cada hora de clase ten que repartirse en tres niveis diferentes precisamente por esa diferenza de idade dos alumnos, uns están empezando por exemplo a ler e outros xa saben facer ditado, a diferenza é grande; pero ademáis as horas de clase tal e como se están impartindo divídense no tempo, divídense en terzos, e así cada alumno de Portomarín recibe dezaseis minutos de clase por cada cincuenta que recibe por exemplo un alumno de Lugo que comparte aula con nenos da súa idade; non é que se lle adiquen os cincuenta minutos repartindo o ensino senón que se divide en minutos e se lle adica a cada franxa de idade dezaseis minutos, e iso

significa, comparando cun alumno de Lugo, que reciben dous terzos menos do que ten un neno na capital.

As nais e pais do CEIP Virxe da Luz do concello de Portomarín enteráronse ademáis desta situación co comezo do curso escolar, a partires de aí reuníronse con representantes da Consellería de Educación e manifestáronlle que non están conformes coa postura da mesma sobre as ratios que aplica a Xunta de Galicia, fálase por parte da Xunta de oito docentes cando na realidade son catro, e ademáis, como dixen, hai que ter en conta a idade dos alumnos.

Por ese motivo iniciaron unha serie de actuacións de protesta para esixir que se revirta a situación e se dote ó colexio de Portomarín alo menos cun profesor máis. A reivindicación de nais e pais dispón tamén dun amplo apoio da veciñanza, e eu creo que en xeral da poboación porque veñen amosando isto coa recollida de firmas e xa levan máis de 2000. O Grupo Socialista levou unha proposta consensuada cos pais e nais ó Pleno do concello de Portomarín, e esa proposta foi aprobada por unanimidade; e ademáis tamén foi plantexada esta situación ante a Valedora do Pobo. As nais e pais dos alumnos do CEIP Virxe da Luz de Portomarín consideran que debe garantirse o dereito a recibir unha educación no rural en igualdade de condicións cós alumnos da cidade con respecto ós accesos a recursos educativos en materia de profesorado.

E dende logo nós compartimos esta idea, o Grupo Socialista apoiouna e levouna a Pleno en Portomarín, aprobouse por unanimidade de tódolos Grupos, e nós traémola hoxe aquí. Ademáis tamén foron os propios docentes os que lle transmitiron ós pais e ás nais que o sistema de docencia na situación na que estaban recibindo os nenos dende logo non é a idónea para educar, precisamente por unha diferenza substancial na idade dos nenos que están compartindo aula. Dende logo non é o mesmo ter nunha aula un grupo elevado de nenos da mesma idade ca ter o mesmo número, aínda que sexa máis reducido, de nenos de diferente idade.

A maiores tamén desa redución de profesorado, especialmente nas zonas rurais, esta medida afonda máis no despoboamento, porque se estamos perdendo servizos, e a dotación de servizos no interior de Galicia é menor, isto é algo que nos leva a un despoboamento irremediable, estámoslle dicindo ós pais e ás nais neste caso que teñen dúas opcións, ou ter os seus fillos e fillas

nestas aulas compartidas con nenos de ata tres idades diferentes, ou teñen que traelos a Lugo; e a mín isto recórdame algo que acontecía nos anos 50 cando existían as escolas unitarias, e con isto non quero dicir que foran malas, quero dicir que son situacións históricas diferentes, naquel momento se tiñas cartos perdías a túa infancia en familia e mandábante estudar fóra da casa, e se non os tiñas e querían educarte compartías escola con nenos de moitas idades diferentes. Os tempos cambiaron e cremos que esta non é a educación nin o sistema que teñen que ter os nenos do rural en Galicia, e aquí temos un exemplo claro cos de Portomarín.

Vendo que esta proposta, ó igual cá que se levou por parte do Grupo Socialista ó Pleno de Portomarín, foi consensuada cos pais e nais; vendo ademáis que os docentes dese centro comparten este razonamento, nós traemos dous acordos ó Pleno, que son apoiar as reivindicacións das nais e pais dos alumnos e alumnas do CEIP Virxe da Luz de Portomarín para que se dote a ese colexio cun profesor máis, que foi anulado neste curso escolar, e non se teñan que agrupar tres cursos nun; en un segundo punto de acordo esixirlle á Xunta de Galicia que adopte as medidas necesarias para que se reincorpore ó CEIP Virxe da Luz de Portomarín o profesor que foi anulado, que non se teñan que agrupar tres cursos nun e garantir así o dereito a recibir educación en igualdade de condicións no rural.

O Partido Popular presenta unha emenda de substitución, que entendemos é para substituír os dous puntos de acordo, se non é así corrixánnos, e aínda que poderíamos falar de plaxio, permítanme a ironía, non o imos facer, porque a emenda que vostedes presentan é un copia e pega exacto do punto de acordo que tiña o Grupo Socialista no Pleno de Portomarín. Polo tanto a nós válenos, falámolo cos pais e nais, a eles tamén lles vale, porque entendemos que máis alá desa corrección detrás de todo isto está sen dúbida velar polo interese dunha educación de calidade no rural, e neste caso o apoio ós pais e nais de Portomarín. Polo tanto aceptada a emenda pedímoslles o apoio para a moción”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para engadir que como mestre que son, aínda que non estou en activo nestes momentos, creo que os esforzos en educación, sobre todo en zonas onde por desgraza hai desprazamentos e hai que apoiar a todos aqueles pequenos que teñen que desprazarse, anunciar o meu voto a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Ramiro Moure Ansoar, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A emenda que nós presentamos simplemente é un reflexo do que se aprobou no Pleno do concello de Portomarín por unanimidade; foi por respecto á autonomía do concello na aprobación deste punto; por tanto van contar co noso voto a favor. E tamén agradecer a presenza das persoas de Portomarín que nos acompañan, e dicir que nós, como se aprobou xa no concello de Portomarín imos respectar a dita decisión e votaremos a favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Neste tipo de actuacións o que estamos a discutir é realmente se estamos ou non a prol da igualdade de oportunidades de tódalas persoas. Está moi ben e é moi bonito dicir que a educación é universal, que é para todos, pero resulta que a realidade é que non todos os nenos e nenas teñen as mesmas posibilidades de acceder a esa educación universal, co cal lóxicamente deixa de ser tan universal como pretendíamos para ser dependendo onde nazas ou onde vivas.

Vou poñer un exemplo meu, aínda que seguro que moitos máis aquí podían dicir o mesmo, eu fun á escola nun colexio onde máis ou menos o 50% do alumnado eramos das aldeas e o outro 50% da vila, e as estatísticas eran demoledoras, mentres que entre o 30 e o 40% dos alumnos e alumnas que eran da vila se titulaban daquela no que se chamaba graduado escolar, só o 10% da miña promoción que viñamos das aldeas conseguimos ese graduado escolar. É dicir, non creo que por nacer nunha aldea fomos máis tontos nin menos traballadores, máis ben ó contrario, cós que nacían na vila, sen embargo os resultados escolares eran completamente distintos; era exemplo de que non todos tiñamos as mesmas oportunidades á hora de acceder ó ensino. Dende logo eu

pelexarei mentres poda para que iso remate, porque aínda non rematou de todo nin moito menos, pero farei o que poida para que iso non ocorra e tódolos nenos e nenas do noso país teñan as mesmas oportunidades.

Aquí imaxino que non se pretende discutir que sexa mellor que se agrupen tres cursos ou estean en grupos de dous, aquí a discusión é que se quita un profesor, é un concepto mercantilista do ensino público; polo que custa un profesor ó longo do curso os nenos e nenas de Portomarín en vez de estar agrupados de dous en dous cursos, que xa é grave, vanse agrupar de tres en tres por unha cuestión meramente económica; non hai falla de espazo no centro, nin sequer baixou a matrícula no último ano, senón que a Consellería de Educación tomou a decisión política de facer un recorte, esa palabra que tanto asusta no Partido Popular, e eliminar un profesor; iso leva consigo automaticamente que haxa que agrupar os alumnos de tres en tres cursos.

Dicía a compañeira do Grupo Socialista que se volvía ás escolas unitarias, é certo, é o concepto, pero cunha diferenza moi grande, eu fun a unha escola unitaria os primeiros anos da miña etapa escolar, pero tiña a escola ó carón da miña casa, cuestión que en parte compensaba o feito de estar agrupados nenos e nenas de distintas idades, aparte de que era outra época. Pero aquí convertemos os centros escolares do rural en escolas unitarias e moitos nenos e nenas teñen que estar unha hora no autobús, aí está a diferenza; oxalá nalgúns casos se volvera ás escolas unitarias que as tiñamos ó lado da casa e levábanse os nenos andando ó colexio, pero iso rematou, pasan unha hora no autobús e logo agrúpanse tres cursos nunha única clase onde a atención a cada neno é a terceira parte do tempo.

Lóxicamente non é o mesmo cando van os pequenos de Portomarín ó instituto Sanxillao, non teñen a mesma formación ca pode ter un neno dun colexio de Lugo que teñen un profesor en cada curso, é imposible; estamos rompendo unha vez máis o que é a igualdade de oportunidades. E insisto, non porque sexa inevitable, simplemente por unha cuestión de que se toma unha decisión política de recurtar un profesor nun colexio sen que houbera incluso un descenso de matrícula nese caso.

Eu creo que se realmente non somos hipócritas e queremos apostar pola universalidade da educación e a igualdade de oportunidades de todos teremos que deixar de facer estes recortes por cuestión económica, e priorizar; evidentemente os recursos non son ilimitados pero trátase de priorizar, ó mellor temos que abrir un debate neste país de que é máis imprescindible se que tódolos nosos nenos e nenas teñan unha educación igualitaria e de calidade ou ter un magnífico AVE, ou que o AVE chegue máis tarde para ter unhas escolas en condicións, hai que debatelo e hai que ter o valor político de facelo; o que non pode ser baixo ningún concepto é que por cuestións económicas haxa persoas que teñan menos oportunidades ca outras por nacer nun sitio distinto, é totalmente inaceptable, e estase facendo por unha decisión política neste caso de discriminar ós nenos de Portomarín, e pódese estender noutros moitos casos ó longo do país”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Comparto moito do que acaba de dicir o Voceiro do Bloque Nacionalista Galego; e a verdade é que lamento profundamente que o Partido Popular nesta Casa nos apoie únicamente nesta moción, aceptando a súa emenda de substitución, por respectar a autonomía ou o que se votou no concello de Portomarín; eu de verdade que crin que moitos de vostedes, sendo Alcaldes, pais ou nais de nenos, ían ter a sensibilidade suficiente para apoiar esta moción por unha mellora de calidade nos servizos. A mín paréceme moi ben que respecten ó Alcalde de Portomarín, que en definitiva é a conclusión que chego despois da súa intervención, a autonomía local; pero o que nos trae aquí é algo bastante máis profundo que todo iso, é unha diminución na prestación dun servizo básico para as persoas que vivimos no rural, e neste caso no concello de Portomarín.

E dende logo vostedes con isto non axudan demasiado a que estes pais e nais se vaian apoiados, vale que non deixaran ese punto de acordo que era o de dar o apoio ós pais e nais, nós entendemos que isto estaba detrás, pero vostedes manifestan claramente que é un apoio a ese acordo do concello de Portomarín. Eu espero que na seguinte intervención o voceiro do Grupo Popular sexa capaz de corrixir isto, porque nos parece que ten que haber unha convicción profunda de crer no servizo da educación ós nenos e nenas deste concello, aparte de outros.

Ademáis, como ven dicía tamén o Voceiro do BNG, a base fundamental de todo isto é que non se respecta a igualdade de oportunidades; e eu entereime recentemente a raíz desta moción precisamente de que os nenos que cursan os últimos estudos en Portomarín ás veces, non no último ano senón no inmediatamente anterior, ven as materias que terían que estar dando no último ano, e no último ano ven as materias que lle corresponderían no anterior; é dicir, en sexto ven o de quinto e en quinto viron o de sexto; eses nenos cando van ó seguinte centro educativo non se incorporan en igualdade co resto de alumnos. E iso é polo que temos que traballar para que os nenos e nenas da nosa provincia, e neste caso de Portomarín, teñan igualdade de oportunidades.

Vostedes poden crer que non estamos no acertado, pero a verdade é que as persoas que están aquí sentadas detrás de nós saben que isto é o que están vivindo nas súas casas e cos seus fillos. Polo tanto nós entendemos que vostedes apoian a moción, é algo que entendemos que non é o peor que podía pasar, pero dende logo agardabamos que ese apoio a esta moción fora por convicción e crenza de que o servizo educativo tiña que mellorarse neste caso no concello de Portomarín, á vez que isto fose un respaldo para os pais e nais cando novamente, se teñen ocasión, se dirixan á Xunta de Galicia, poder ir co respaldo desta Corporación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Ramino Moure Ansoar, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Nós simplemente o que respectamos ó mesmo tempo é a autonomía do concello de Portomarín na súa resolución nesta moción. Pero non pola perda de servizos senón tamén porque a ensinanza sexa de calidade.

E no que se refire a vostedes, é simpático que agora se queixen das ratios de alumnado cando está funcionando unha norma, que foi aprobada por unha Conselleira do Partido Socialista, a señora Laura Sánchez Piñón, en xuño de 2007, na cal se dicía que as escolas con dúas unidades tiñan catro mestres, un en infantil e tres en secundaria. Nese momento foi un acordo feito cos sindicatos, non quere dicir que esteamos a favor desa norma tampouco porque en moitos casos pérdese calidade na ensinanza.

O que quero dicir é que nós estamos en desacordo de que se recurte neste caso un mestre máis que poda influir na calidade da ensinanza, simplemente votamos a moción porque nos parece que é obxectiva no tema de que se revirta a situación no Colexio Virxe da Luz de Portomarín, e simplemente por apoiar ós compañeiros neste caso tanto do Partido Popular coma do Partido Socialista no concello de Portomarín”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“En contestación ao manifestado polo señor Deputado do Grupo Provincial Popular, dicirlle que se non lles gusta levan vostedes doce anos dende que esa norma foi aprobada, e tiveron oportunidades dabondo para cambiala; seguramente se nós tiveramos gobernado durante todo este tempo xa a tiñamos modificado.

A maiores tamén me gustaría incidir no cómputo que fan das ratios, porque vostedes están dicindo que no CEIP Virxe da Luz de Portomarín hai oito docentes, e é mentira, hai catro, e voullos contar; un mestre de infantil, dous de primaria, e unha directora que a computan como docente pero ten que facer tamén labores administrativas. E logo vostedes contan outros catro que son: un que fai conversación en inglés, para vostedes é un docente?, para nós non; unha orientadora laboral, compartida con outros centros, para nós tampouco é un docente a tempo completo; unha formadora de linguaxe, que para nós tampouco é unha docente a tempo completo; e unha docente de relixión, que tamén é compartida, e tampouco é unha materia que reciban tódolos alumnos. Polo tanto tampouco compartimos esa lectura que fan das ratios.

Dito isto, nós votamos a moción coa súa emenda, polo tanto entendemos que vostedes a partires de aquí tamén saberán ser responsables e defender esta postura de defensa do ensino público no rural onde toque”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción anteriormente transcrita, unha vez substituída pola emenda presentada polo Grupo Popular

e aceptada polo Grupo Provincial Socialista, propoñente da moción. Quedando polo tanto a parte dispositiva do seguinte xeito:

“Esixir á Xunta de Galicia a que solucione o problema educativo xerado no CEIP Virxe da Luz de Portomarín e revirta a situación actual; volvendo, cando menos, a mesma posición que o curso anterior”.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO PROMOVA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA CASA NATAL DE JOSÉ DÍAZ CASTRO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción:

Exposición de Motivos:

O coidado e a posta en valor dos símbolos da nosa cultura e do noso país teñen que ser unha prioridade no traballo de calquera administración, sendo este un dos mellores investimentos que se poden facer.

Dende ese punto de vista, converter en símbolos e referentes culturais os ambientes onde naceron e se forxaron como escritores as nosas figuras literarias é a mellor forma de perpetuar o seu legado e difundir o seu traballo, as súas ensinanzas e seu amor polo país.

A Deputación de Lugo xa leva feito un importante esforzo na restauración das casas natais de importantes figuras literarias da provincia. Así, as aportacións económicas feitas para a restauración e posta en valor das casas natais de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo e de Manuel María en Outeiro de Rei son dous bos exemplos deste bo traballo, téndose xa convertido esta última nun dos puntos vertebradores máis importante da cultura da provincia de Lugo en xeral e da Terra Cha en particular.

Aínda así, un dos traballos pendentes que quedan é facer o equivalente coa casa natal de José Díaz Castro en Guitiriz, traballo que resulta imprescindible acometer con urxencia debido ao estado de deterioro ao que se está a someter a esta vivenda.

Esta casa natal de José María Díaz Castro é propiedade da Asociación Cultural Xermolos, asociación á a familia do propio Díaz Castro lle cedeu o seu legado así como esta vivenda para que a través da súa xestión fora posta ao servizo da cultura da comarca e do país.

Tanto é así, que o proxecto ou intención que dende esta asociación teñen para esta vivenda é convertela nunha Casa-Museo e, ademais, que tamén se converta nun activo centro cultural e na casa común de todas as asociación da Terra Cha que traballan pola cultura do noso país.

Esta asociación quere convertela na “Casa da xente”, abríndoa cada día coma espazo de convivencia e demostración de que o rural ten vida, convocando encontros sobre cooperativismo, ecoloxía, produción gandeira, olimpíadas populares, exposicións, etc.

Dende o 2014, en colaboración co Ies Díaz Castro de Guitiriz, dúcias de centros de ensino achéganse alí cada ano para coñecer mellor a Díaz Castro, e tamén a flora, a arquitectura popular, a etnografía...., que claman pola recuperación deste casa que vai contar cunha sala-museo dedicada ao poeta, outras aos escritores chairegos, á memoria histórica, á historia desta parroquia rural, etc.

Os traballos feitos por esta Deputación no ano 2016 nada teñen que ver con este propósito, dado que naquel momento esta institución destinou 45.000 euros á restauración exclusiva da palleira desta vivenda, palleira que é propiedade particulares e que foi cedida ao concello por

unicamente 15 anos, volvendo a súa propiedade a esta xente unha vez pasado este tempo. Esta “palleira” leva pechada e sen ningún tipo de actividade dende a realización das obras, vai xa para dous anos.

Tamén é unha realidade que a situación ideal para acometer este proxecto sería a implicación do resto de administracións, tanto da propia Xunta de Galicia como do Concello de Guitiriz, ademais de loxicamente e de forma indispensable a Asociación Cultural Xermolos, herdeiros e xestores do legado de Díaz Castro e da propia vivenda.

Nesta liña, o Pleno do concello de Guitiriz vén de aprobar por unanimidade a intención de proceder á recuperación da zona, pero sen prazos nin orzamentos nin, o que é máis importante, sen ningunha liña de actuación urxente para atallar a destrución desta vivenda.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- Que a Deputación de Lugo acometa a restauración e posta en valor da casa natal de José María Díaz Castro, sempre de acordo coa A.C. Xermolos, herdeiros e xestores do seu legado, e coa implicación do Concello de Guitiriz e da Xunta de Galicia.
- Que a Deputación de Lugo reserve as partidas económicas necesarias nos orzamentos do 2019 a tal propósito ou, se estes xa estiveran aprobados, que se reserven estes fondos dos remanentes de tesourería correspondentes ao ano 2018”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón neste punto emenda de substitución á totalidade da moción do BNG para que a Deputación de Lugo promova a recuperación e posta en valor da casa natal de José María Díaz Castro, que quedaría redactada do seguinte xeito:

Acordos:

A Xunta de Galicia, como administración titular da competencia en materia de cultura, e a Deputación de Lugo, na súa condición de entidade competente en materia de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de acordo co Concello de Guitiriz, en calidade de Administración Local promotora de iniciativas no seu ámbito territorial, e coa Asociación Cultural Xermolos, titular da casa natal de José María Díaz Castro, promoverán a recuperación e posta en valor de dito ben que, necesariamente, terá que ser empregado para fins culturais.

Para a consecución da recuperación e posta en valor da casa natal de José María Díaz Castro promoverase a sinatura dun convenio entre as partes, Asociación Cultural Xermolos, Deputación Provincial de Lugo, Concello de Guitiriz e Xunta de Galicia, no que se recollan as achegas e compromisos das partes, así como o custe económico do mesmo, que será baseado no proxecto de rehabilitación que a Asociación Cultural Xermolos realizará coa axuda económica da Deputación de Lugo, na programación e planificación de uso e instalacións da casa, así como do equipamento necesario para responder aos fins que se lle atribúan.

Ao abeiro do dito convenio, a Deputación de Lugo acorda financiar conxuntamente coa Xunta de Galicia, se así o considera, o custe da recuperación da casa natal de José María Díaz Castro, sempre e cando a achega económica da administración autonómica, por competencia propia en Cultura e capacidade económica, sexa, alo menos, do 50%.

Para o desenvolvemento do presente compromiso será imprescindible contar cunha planificación e memoria na que se acrediten as actividades que, con carácter permanente e/ou periódico se pretenden desenvolver, así como os compromisos que se asumen por parte dos titulares dos bens e polos xestores dos mesmos, de cara ao funcionamento, mantemento e conservación das instalacións resultado do proxecto de recuperación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“O coidado dos símbolos e das señas de identidade da nosa cultura teñen que ser unha obriga de calquera administración pública, creo que niso podemos estar todos de acordo; é imprescindible que unha administración teña sempre coidado con esa simboloxía que representa todo o que son as nosas referenzas culturais e o noso ser como pobo. Nese sentido os ambientes onde se criaron e onde se forxaron neste caso como escritores as figuras literarias do noso país está incluído dentro deses símbolos, e por tanto calquera administración ten que traballar nesa liña.

É certo que a Deputación de Lugo nos últimos anos fixo un importante esforzo no caso concreto do que estamos a falar aquí, que son as casas onde naceron e se forxaron como escritores figuras moi importantes da nosa literatura; nos últimos anos o caso de Alvaro Cunqueiro en Mondoñedo, que aínda está en marcha, ou a restauración da Casa de Manuel María en Outeiro, e á axuda posterior ó seu traballo cultural, é unha realidade por parte da Deputación; é máis, neste caso que xa está funcionando ó 100%, converteuse en pouco tempo no eixo vertebrador ou un dos símbolos máis importantes da actividade cultural do que é a Terra Cha, incluso tamén incluíría a provincia de Lugo, por un lado polo bo traballo que están facendo dende a fundación e por outro as axudas económicas que neste caso se lle achegan dende a Deputación.

Tamén é certo que unha das cuestións pendentes é a rehabilitación e a posta en valor, que é o que se trae aquí nesta moción, da casa de Díaz Castro nos Villares en Guitiriz, unha casa que creo que a maioría de nós antes ou despois pasamos por alí, e senón deixamos constancia aquí que está ó borde da ruína; é algo parecido ó que temos falado aquí outras veces da Casona do Incio, ou se lle bota man ou dentro de pouco tempo xa non haberá que facer.

A casa natal de José María Díaz Castro foi deixada pola súa familia á asociación cultural Xermolos, coa condición de que fora posta ó servizo da cultura da Terra Chá e do país; esta asociación creo que ten bastante acreditado o seu traballo cultural ó longo dos anos dende que foi fundada. Dende a propia asociación a intención que terían, no caso de que fora restaurada, é covertela nun lugar común de tódalas persoas da comarca, e tamén lóxicamente dunha casa museo, “a casa da xente” lle gusta dicir á Alfonso que lle gustaría que fose esta casa natal de Díaz Castro en Guitiriz.

Tamén temos que dicir que para esta proposta nada teñen que ver os 45.000 euros que a Deputación de Lugo investiu en amañar a súa palleira; a palleira desta casa que pertencía a unha familia que nada ten que ver con todo isto, que a cedeu ó concello por un prazo creo lembrar de quince anos e que a Deputación restaurou con 45.000 euros que, unha vez restaurada, aí está amañada e non tivo ningún tipo de actividade cultural dende que isto se fixo, cuestión que non nos parece moi de recibo, mentres que a casa natal, a que foi deixada a Xermolos para que fora utilizada para actividade cultural, está practicamente caendo sen que se lle bote unha man por parte de ninguén.

Somos conscientes de que para facer isto debera haber unha implicación de tódalas administracións sen excepción, e a Deputación ten que abandeirar esta iniciativa pero lóxicamente ten que colaborar o propio concello de Guitiriz e tamén a Xunta de Galicia e, fágase o que se faga, coa asociación Xermolos que están abertos a calquera tipo de colaboración ou de falar con quen sexa con tal de levar adiante este proxecto.

Tamén dicir que isto foi levado ó pleno de Guitiriz e creo que foi aprobado por unanimidade, o problema é que se matizou o proxecto e non había ningún tipo de compromiso económico para facelo. Nós aquí non só traemos aprobar a intención política desta Deputación para levar adiante este proxecto, senón que xa manifestamos tamén que no caso de que estean xa os Orzamentos aprobados, como xa ocorreu, dicir que nas nosas emendas ía unha para dotar economicamente este proxecto, non foron aprobadas e non pasa nada, temos unha segunda oportunidade agora para aprobar esta moción onde xa se di directamente que sexa sufragado o seu custe a cargo dos remanentes de tesouraría cando veñan no seu momento a este Pleno e se aproben, unha vez sacado o diñeiro que se acorde que vaia para incrementar o Plan Único”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Nós imos apoiar esta moción en coherencia tamén co Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Guitiriz, que foi quen presentou unha moción co mesmo obxecto, a restauración da

casa do poeta, hai dous meses aproximadamente. E non é que se paralizara o proxecto senón que está recentemente presentado no Pleno de Guitiriz que tivo lugar a principios do mes de outubro, e aprobado por unanimidade; polo tanto nós dende a Deputación imos apoiar tamén esta moción, porque ademáis vemos que é unha iniciativa positiva pola importancia que pode ter para a cultura da nosa provincia e tamén a nivel galego.

O que botamos en falta é outra redacción na proposta de acordo que formula o BNG na súa moción, porque entendemos que a forma correcta sería que se deixe constancia de que se materialice a través dun convenio de colaboración entre a Deputación, se é o caso a Xunta de Galicia, e o concello de Guitiriz, no que interveña tamén a asociación cultural Xermolos que, como titular do inmovible, é a única lexitimada para levar a cabo actos de disposición ou de calquera actuación no inmovible. Ademáis creo recordar que a asociación xa dende finais do ano 2015 manifestou ter encargado un proxecto técnico sobre os custes da rehabilitación desta vivenda.

Por outra banda tamén vimos que nas emendas que presentou o BNG ós Orzamentos, e que foron rexeitadas, pídese que a Deputación colabore con 300.000 euros, a nós tamén nos parece un pouco esaxerada esta cantidade, e descoñecemos se vostedes consultaron previamente coa asociación cultural Xermolos, porque se se materializa un convenio de colaboración a tres bandas tamén nos parece unha cantidade esaxerada para que a Deputación acometa a restauración do inmovible. Entendemos que por moito menos desa cantidade se pode levar a cabo a rehabilitación, e non só por menos desa cantidade senón que ademáis o propio concello de Guitiriz entendemos que ten que ter aportación nesta rehabilitación.

Hai unha emenda do Grupo Provincial Socialista, que pretende substituír íntegramente a proposta de acordo, coa que nós xa deixamos manifestado dende este momento que non estamos de acordo, nós imos apoiar a moción tal e como a redacta o Bloque Nacionalista Galego coa súa proposta de acordo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Gustaríame, antes de debater, que o Deputado propoñente da moción se manifestase sobre se acepta a emenda ou non, porque entendo que xa que estamos tan rigorosos co Regulamento procede que o faga ó inicio da deliberación do asunto”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A emenda non a aceptamos porque cremos que desvirtúa a proposta, e é darlle voltas ó tema e que quede sen resolverse; o que se busca é unha resolución concreta e clara de que se vai facer no próximo ano”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sabido que o BNG non acepta a emenda do Grupo Socialista, imos explicar cal é a nosa postura, e imos contextualizar entorno á figura de José María Castro, poeta de Guitiriz; e coincidiulle a el, pero creo que é unha boa oportunidade para reflexionar sobre quen atesoura a titularidade sobre o patrimonio cultural, material e inmaterial, do noso territorio e das nosas vilas.

Parece ser que agora de repente en concreto en Guitiriz só hai determinados movementos ou forzas que atesouran a figura e o legado de Díaz Castro, non é verdade, nin é certo que sexa tirado ese diñeiro que se investiu na restauración dunha palleira ó lado da casa de José María Díaz Castro; e non só iso, tamén se fixo unha ruta da pedra, unha ruta homologada e habilitada que tamén tivo o seu investimento para poñer iso en valor; tamén se instalou alí unha escultura doutro escultor chairego para poñer en valor aquel territorio. E todo se fixo a iniciativa, e creo que é bo dicilo porque por moito que se trate de agochar non será posible, da Alcaldesa de Guitiriz, que é a primeira persoa que puxo o seu esforzo dende a modestia para reivindicar a Díaz Castro.

E se apelamos á historia de Guitiriz e á historia do recoñecemento do nome de Díaz Castro, ímonos atopar necesariamente co nome de Regina Polín como primeira impulsora para que o nome do Instituto de Educación Secundaria de Gutiriz, que era tan simple e baleiro como “IES Guitiriz”,

acabase sendo “Instituto de Educación Secundaria José María Díaz Castro”. E creo que iso é importante poñelo en valor porque semella que se pretende solapar ou ocultar isto.

E preténdese impulsar un proxecto de recuperación, que non é o mesmo ca de rehabilitación, unha cousa é a rehabilitación da edificación e outra cousa é a recuperación para o servizo público a través da actividade cultural, que é o que se pretende, e iso non está contificado; polo tanto a nós parécenos excesivamente atrevido dotar economicamente unha iniciativa que non está contificada, porque por non estar contificada tampouco está feito con exactitude canto vai ser o custe da rehabilitación meramente dita da antiga casa de José María Díaz Castro; para iso a Deputación Provincial asinará nos seguintes días, como se lle ten anunciado recentemente á asociación cultural Xermolos, un convenio co que financiará precisamente a elaboración do estudo dese proxecto que nos permita saber a qué obra nos enfrontamos, e dese proxecto que nos permita polo tanto contificar cal é o que imos facer.

E por iso o Grupo Socialista presenta unha emenda, porque a administración titular da competencia en cultura, unha competencia que nace co Estatuto de Autonomía de Galicia, é a Xunta de Galicia; a Deputación de Lugo evidentemente ten unha competencia de cooperación, de asistencia e de axuda ós concellos, e polo tanto queremos formar parte dese proxecto, pero o concello de Guitiriz evidentemente algo terá que dicir e, como non, o titular do inmovible que é a asociación cultural Xermolos. Pero para qué imos rehabilitar, restaurar, ou recuperar ese edificio?, terá que haber un plan dotacional non só de equipamento senón tamén de actividades, qué é o que imos facer, como as imos manter, e como as imos soste economicamente.

Nesa busca da sinerxia e da participación entre todos para o deseño do que será a utilización da antiga casa de José María Díaz Castro, vendo a implicación de todos, podemos artellar un convenio. Nós o que pedimos é que, xa que a administración máis pudente economicamente, a administración autonómica que é a competente en cultura, existe e aínda que vaia facendo algo por Díaz Castro horas lle vai sendo, que participemos nese convenio alo menos cunha financiación do 50% a Deputación e 50% a Xunta de Galicia, nada tan diferente ca o que propón o propio Presidente Feijóo en Foz para facer un auditorio, ámbito cultural, moitísima máis inversión, e aí non lle doen prendas en dicir que aínda que a competencia sea súa pedirlle diñeiro á

Deputación; pois agora que ninguén se rasgue as vestiduras, se neste caso que é un tesouro cultural de Guitiriz, que só uns levan anos investindo en poñer en valor, evidentemente queiramos contar coa administración competente para facelo.

E o único que sabemos agora mesmo do proxecto é o nome, “casa da xente”, un nome atractivo e agarimoso, ata poético, coma Díaz Castro, pero hai que desenvolverlo para saber que é o que queremos facer alí e o que imos facer co diñeiro público que poidamos investir alí; aventurarse a unha cifra económica sen máis queda moi ben, incluso algún activista de Guitiriz que se cre dono e posuidor da verdade absoluta con bandeira que enarbola na súa man se atreverá a criticar a Alvaro Santos por ter defendido unha proposta xusta, equilibrada, e que ten en conta as capacidades e as competencias de cadaquén, incluso o farán, e incluso se atraverán a dicir que como unha persoa que participou moi activamente de Xermolos, que cando se estaban inscribindo os primeiros cadernos de Xermolos sobre Díaz Castro este señor, alí pasando frío no que era a biblioteca de Xermolos, axudaba a transcribilos, como pode dicir isto?, porque creo que lle hai que por sentido a isto.

E unha cousa son as emocións, que todos as temos; unha cousa son os sentimentos, o cariño e o desexo de que Díaz Castro sexa un instrumento cultural na súa terra e na súa comarca, e outra cuestión é a seriedade coa que debemos abordar esta cuestión. De momento a Deputación de Lugo teno feito, investindo na rehabilitación dun espazo que a verdade é que non ten moita actividade pero que se promoveu, que estivo atendido e aberto, e que tivo moi escasas visitas, por non dicir ningunha durante algún tempo, para o que ningunha asociación de Guitiriz ten proposto ou solicitado tampouco desenvolver alí actividades, e que evidentemente conleva uns custes que a propia entorna social non ten sociabilizados como propios.

E estando de acordo en que debemos desenvolver ese investimento, e aunar o esforzo e o compromiso de tódalas administracións e da asociación cultural Xermolos, facemos esta proposta, unha proposta sensata que di primeiro que valoremos e programemos o que imos facer, despois sumemos todos a nosa capacidade económica, e desenvolvamos un proxecto serio, non explotemos agora de alegría ou demagogia cunha ilusión nun momento no que hai unha especial atención sobre este asunto por conxunturas sociais, culturais, ou políticas, e o condenemos polo tanto ó fracaso.

Coa emenda que propón o Grupo Socialista, que se está a tempo de admitir, somos capaces de deseñar un proxecto serio, real, construtivo, e materializable para que Guitiriz e a comarca da Terra Cha contén cun núcleo cultural que sexa a antiga casa de José María Díaz Castro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Normalmente dende o BNG cando facemos unha proposta en positivo como é esta non queremos entrar en polémica nin en descualificacións, e moito menos neste caso á Alcaldesa de Guitiriz, eu creo que non dixeran nada negativo dela na miña intervención, se alguén se deu por aludido é outro problema; é máis, díxose aquí que se lle debía o nome ó IES, por certo no que eu traballo e me gaño a vida, a ela, e paréceme moi ben, é algo que por exemplo non demos conseguido en Outeiro de Rei co colexio porque non fomos capaces, polo veto do concello, de poñerlle o nome de Manuel María. Por tanto nese sentido hai que agradecerllo, e non vou entrar para nada na relación que poida ter a Alcaldesa de Guitiriz coa asociación Xermolos, é algo que teñen que amañar en Guitiriz.

Lóxicamente ó BNG non se nos ocurría traer esta proposta aquí sen telo falado con Xermolos e con Alfonso Blanco en particular, é máis, a moción antes de presentala eu persoalmente linlla porque por desgraza neste momento non pode ler por problemas de saúde, e incluso me fixo suxestións que se incorporaron literalmente á propia moción. É certo que Xermolos ten un proxecto feito, pero tamén é certo que se se vai financiar dende unha administración ese proxecto terá que ser posto en común coas administracións que participen nel.

É verdade que eu non sei, porque non son arquitecto, se se necesitan 300.000, 100.000, ou 400.000, pero tamén é certo que hai que reservar unha partida económica para iso, oxalá non se necesite tanto diñeiro, eu dubídoo bastante por outras obras que se fixeron similares que non se necesiten, pero oxalá chegue con 150.000, pero haberá que reservar o diñeiro porque senón non se poderá facer.

Tamén é certo que o BNG rexistrou esta moción o xoves, se presentou á prensa, e o sábado se anunciaron estes 10.000 euros para facer un proxecto, non sei se foi unha consecuciencia pero dá igual, o caso é que se intente facer algo. O que si é certo é que se agora se gastasen eses 10.000 euros no proxecto habería un proxecto pero seguiría o tema sen facer, cando se fai unha proposta é imprescindible dotala economicamente.

A mín non me vai parecer mal se o proxecto consensuado polas partes é de 200.000, pero aquí ten que levar unha proposta económica e dicir de onde vai saír o diñeiro, e a proposta é dos remanentes unha vez financiado o que se considere entre todos que é necesario para o Plan Único, esta proposta e outras que viran máis adiante e que sen dúbida traeremos aquí e falaremos.

Eu en todo caso non só solicito que se aprobe senón que se cumpra o acordo non caso de que se aprobe, e dende o BNG intentaremos recordar todos e cadaún dos días que este acordo, e que o 2019 sexa o ano en que realmente se empece a rehabilitar a casa, porque non espera máis; nós estivemos alí a semana pasada e dende logo ou se fai algo ou a casa non aguanta.

Eu sei que o ideal é que colaborara a Xunta de Galicia, e incluso que collera o timón, pero sabemos que iso non vai pasar, en todo caso teremos que esixirlle politicamente que o faga e se non o fai botarlló en cara; pero iso non nos ten que levar, igual que noutras moitas cousas en que gasta os cartos a Deputación, a que non se leve isto adiante porque é totalmente necesario. Por certo, se a palleira famosa a levava Xermolos seguro que tiña actividade, igual ca seguro que vai ter actividade a casa de Díaz Castro se quen a xestiona, programa, e leva a súa xestión, é a asociación Xermolos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Para reiterar a nosa disposición en relación a este asunto; e dicirlle ó Grupo Socialista que independentemente das competencias que teña a Deputación en materia de cultura, ou das que non queira asumir, o certo é que entendemos que isto non supón ningún prexuízo económico para esta Institución, sobre todo porque sen ter competencias tamén noutras materias en ocasións ó mellor se teñen gastado os cartos erróneamente noutros proxectos que caeron en saco roto.

Polo tanto eu entendo que isto é algo que se fai unha soa vez e que vai ter a súa importancia, e neste sentido tampouco estou falando de excusar á Xunta de Galicia, creo que o que se precisa é vontade política a tres bandas, a Deputación porque xa ten colaborado noutros proxectos, o Concello, e tamén a Xunta de Galicia, tampouco ten porque saír excesivamente custoso para ningunha das administracións se hai colaboración e gañas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Evidentemente non desconfío de que o BNG propoña algo ó Pleno da Deputación relativo a un ben titularidade de Xermolos e non o teña falado con esa asociación. Outra cousa é a información que manexe, e a que trasladen ou non trasladen.

Con respecto ó anuncio, fíxose nun acto de recoñecemento de Alfonso Blanco Torrado, presidente da asociación cultural Xermolos, como fillo adoptivo do concello de Guitiriz, e considerouse que era o escenario apropiado para facelo contando coa vinculación persoal que el tiña con José María Díaz Castro. Se vostedes cren que é a consecuencia de que presentaron unha moción a mín paréceme moi ben, o que me importa é que se poida facer un proxecto que nos dea un escenario económico real do que se pide que é a rehabilitación da casa de José María Díaz Castro, pero nós non sabemos o que se vai facer alí, non sabemos se se van necesitar medios audiovisuais ou medios de mobiliario para convencións, non sabemos nada, co cal é moi difícil abordar en realidade un proxecto de recuperación.

Pero unha cousa é o que se aprobou no Pleno do Concello de Guitiriz, que é a rehabilitación da vivenda pero non un proxecto de desenvolvemento do que vai ser esa “casa da xente”. Parece ser que a palleira non lles gusta, pois se non houbo máis actividade seguro que non foi por falla de empeño en que a houbera, pero se queremos poñémonos a medir de verdade a actividade de moitísimas entidades e asociacións, e probablemente podamos atopar sorpresas señor Ferreiro, e dígollo con todo o cariño e respecto a todo o mundo; é certo que ten a socialización que ten este tema, e que ten a capacidade de actuar que ten. Non me consta, pero atévome a dicir que

Xermolos non deixou de desenvolver alí ningunha actividade que considerase por oposición de ninguén; pero se para desenvolver unha actividade é imprescindible a titularidade ou a dispoñibilidade absoluta do lugar no que se desempeñe, entón fálamos doutra cousa pero é ben que todos a teñamos clara ou non.

Por iso ademais, tendo ese convencemento de que hai unha planificación e un interese en desenvolver tan importante cantidade de actividades permanentes ou periódicas nese ben, non haberá ningún problema en recollelo precisamente no documento que articule, con forma de convenio, a participación e á aportación económica de tódalas administracións, que é o que pide a emenda do Grupo Socialista.

E dígollelo de verdade, independentemente de que se acepte ou non, que parece ser que a postura está adoptada con carácter definitivo, aprobar a moción tal e como está presentada significa no mellor dos casos no ano 2019 reter uns recursos económicos que se se cifran na cantidade da emenda, e o documento que teño é unha valoración de custes do ano 2016, non chega á cantidade que pide só para o ano 2019 o BNG, é información que me pasaron e que se titula claramente “proxecto de rehabilitación da casa de José María Díaz Castro” e que se cifra en 280.000 euros; o que quero dicir é que podemos chegar a iso sobre algo que non ten proxecto, que non ten polo tanto capacidade de desenvolverse, e que non se vai executar no ano 2019.

Nós o que propoñemos é algo tan simple como que empecemos a casa polos cimentos, definamos cales van ser os usos, cales van ser as obrigas das partes, e recollámolo nun documento que nos comprometa e nos vincule a todos por enriba de quen a partires de maio de 2019 estea aquí ou acolá, o que vai estar é a casa de José María Díaz Castro; parece ser que non se quere e que se prefire aprobar unha proposta que incluso deixe sen ningún tipo de compromiso ou vinculación con esta iniciativa á Xunta de Galicia ou a outras administracións ou institucións. Dende logo dende o Partido Socialista creo que facemos unha proposta seria, solvente, e a única que da garantías de que realmente se poda desenvolver un proxecto de recuperación que inclúa a rehabilitación e unha programación de uso de cara ó futuro da antiga casa de José María Díaz Castro, e nese sentido vai ser no que sigamos traballando, independentemente de cantos padriños queiran apadrinar aquilo que vaia facendo a Deputación de Lugo polo ancho e longo desta provincia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“En primeiro lugar dicir que están confundindo dúas cousas, aquí estamos a debater unha moción onde non hai ningunha cantidade económica, xa lla poñeremos cando veñan os remanentes a este Pleno que, se somos coherentes coa aprobación da moción, teremos que poñerlle unha cantidade aquí; únicamente ven a intención política de que se faga a cargo dos remanentes.

Lóxicamente para saber o que se vai facer primeiro haberá que porse de acordo; e dende logo polas palabras que se desprenden do voceiro do Grupo Socialista neste caso non teñen moita intención de cumprir o acordo aínda que o haxa, pois intentaremos cando menos forzar políticamente a que iso se faga, e dende o BNG non escatimaremos esforzos para que iso se leve adiante.

E dende logo non estou disposto aquí a polemizar coa figura de Alfonso Blanco nin con Xermolos para nada, eu creo que está bastante por riba de todo iso tanto el coma a propia asociación. En todo caso se se aproba benvido sexa, e insistir en que non pararemos ata que se faga.

E unha última cuestión, a nós non é que non nos guste nin nos deixe de gustar que se amañara a palleira, é máis ata me tocou a mín firmar o último tramo, que por lealdade institucional tiven que darlle para adiante no pouco tempo que estiveren en cultura; só dicimos que non nos parece moi lóxico que se amañe a palleira, que é por quince anos e logo pasará ós seus donos, e non se lle toque á casa, é algo que non nos parece moi normal; e isto sen ánimo de botarlle nada en cara a ninguén nin moito menos; falemos en positivo e poñámonos a traballar todos para sacar adiante este proxecto”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 14 (correspondentes ó Grupo Provincial Popular e ó Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo

Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial do BNG.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE BOMBEIROS FAGA PÚBLICO O INFORME DE INCUMPRIMENTOS DOS CONTRATOS POR PARTE DAS EMPRESAS CONCESIONARIAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción:

Exposición de Motivos

Hai xa máis dun ano, os representantes dos traballadores e traballadoras do Consorcio Provincial de Bombeiros de Lugo fixeron público o que era, ao seu criterio, unha serie de incumprimentos graves por parte das empresas concesionarias dos contratos de adxudicación do servizo que no seu lles foron adxudicados.

No Pleno do Consorcio aprobouse naquel momento que se estudara esa denuncia e tal fin aprobouse a contratación dunha empresa externa para facer o estudo destes presuntos incumprimentos.

Xa hai meses que este informe está feito e polas noticias filtradas ou incluso declaracións vertidas polas persoas que o manexan, constátanse a existencia destes graves incumprimentos, nos que incluso pode haber un quebranto para as arcas públicas.

Dende que este informe está elaborado e entregado, dende a presidencia do consorcio estase a dilatar o momento de facelo público, cuestión que parece intolerable dado que o contrato

con estas empresas remata o próximo mes de maio e canto máis nos acheguemos a esa data, máis posibilidades hai de que se produza unha imposibilidade material de esixir responsabilidades a estas empresa, se fora o caso.

Nesta liña, esta mesma semana chegounos a convocatoria para un Pleno do Consorcio Provincial de Bombeiros para o próximo día 28 e, unha vez máis, segue sen aparecer na orde do día o estudo e debate deste informe.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- Que o Presidente da Deputación de Lugo e do consorcio Provincial de Bombeiros de Lugo proceda a facer público dun xeito urxente o informe correspondente aos posibles incumprimentos do contrato de adxudicación do servizo por parte das empresa concesionarias
- Que se se constataran estes graves incumprimentos, que se leven a cabo as accións necesarias para repoñer os efectos económicos negativos para as administracións e se depuren a todos os niveis as responsabilidades correspondentes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nesta moción que presenta o BNG, se se nos permite solicitamos deixala enriba da mesa, para non interferir en certas negociacións que se están a producir entre os traballadores e as empresas, para outro pleno ou, se fora o caso, decaería”.

O Sr. Presidente manifesta que a presente moción queda sobre a mesa.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A QUE DESISTA DA SÚA INTENCIÓN DE INTRODUCIR PEAXES NAS AUTOVÍAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para instar ao Goberno do Estado a que desista da súa intención de introducir peaxes nas autovías, que se basea nesta

Exposición de Motivos

O Ministerio de Fomento vén de anunciar a súa intención de ter listo antes de que termine esta Lexislatura o novo sistema de conservación e mantemento da rede de estradas, para o que se contempla introducir o pagamento dunha peaxe por circular polas autovías.

Galicia, que xa soporta 273 quilómetros de autopistas de peaxe dependentes do Ministerio de Fomento e outros 54 da Xunta de Galicia, vería así incrementado de maneira substancial o cobro de uso das súas vías de comunicación, ao sumar a dita tarificación os 559,9 quilómetros da rede estatal de autovías na comunidade.

Polo tanto, Galicia pasaría a sumar en total de 887 quilómetros que poderían quedar suxeitos ao pagamento de peaxe. Ademais, polo seu carácter periférico a nosa comunidade quedaría cercada por este tipo de cobros nas súas saídas polas dúas grandes arterias galegas de conexión coa Meseta, a A-6 ou autovía do Noroeste e a A-52 ou autovía das Rías Baixas, así como pola A-8 ou Transcantábrica.

O Goberno do Estado aínda non ten definido as súas preferencias por método algún de cobro por uso pero non ve con malos ollos a proposta da Asociación de Empresas Construtoras e

Concesionarias de Infraestruturas (Seopan) que considera que para o horizonte dos próximos 25 anos as autopistas e autovías do país poderían contar cunha peaxe de entre 1 e 3 céntimos por quilómetro para os vehículos lixeiros e de entre 5 e 14 para os pesados.

Coa proposta de Seopan, viaxar de A Coruña a Madrid en coche sairía entre 5,91 e 17,73 euros e entre 29,55 e 82,74 euros lles custaría aos camións. Desde Vigo as peaxes terían un importe similar, entre 5,89 e 17,67 euros para os lixeiros e de 82,46 euros para os pesados. Facelo entre A Coruña e Lugo, agora gratis por autovía, tamén pasaría a ter un custe en peaxes de 2,85 euros para coches no escenario máis caro.

Por outra banda, de levarse a cabo a introdución de peaxes nas autovías que promove o Goberno do Estado tería unhas consecuencias prexudiciais para empresarios, autónomos, transportistas e consumidores; os cales rexeitan de plano ter que pagar polo uso deste tipo de infraestruturas por diferentes motivos:

- Non contan en moitos casos cunha alternativa real.
- Estas autovías xa foron pagadas vía impostos pola cidadanía e o mantemento das mesmas tamén, e é un problema e responsabilidade do Goberno decidir en qué se gasta o que achega toda a cidadanía.
- Encareceríase a produción industrial restándolle competitividade e no caso concreto de Galicia viría a castigar aínda máis a súa condición periférica e amplificaríase o feito de que en breve vaia a converterse na comunidade con máis quilómetros de autopistas de peaxe.

Polo tanto, desde o Grupo Provincial Popular sempre defenderemos os intereses dos galegos e, polo tanto, dos lucenses, e pedimos unha reflexión máis profunda sobre o novo sistema de conservación e mantemento da rede de estradas e o seu financiamento, buscando non prexudicar ás clases medias e menos favorecidas, en lugar de que o Goberno do Estado lance un “globo sonda” nos medios de comunicación sobre a intención de introducir peaxes nas autovías.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción para instar ao Goberno do Estado a que desista da súa intención de introducir peaxes nas autovías, e propónse a aprobación do seguinte acordo:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno do Estado a que desista da súa intención de introducir peaxes nas autovías e que, pola contra, se leve a cabo un debate, no que participen todos os actores implicados (Administración estatal, Administracións autonómicas, grupos políticos, representantes das concesionarias e construtoras, representantes dos diferentes grupos de usuarios, expertos...), sobre o sistema de financiamento da conservación e mantemento da rede de estradas que non sexa prexudicial para os usuarios”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Engadir os seguintes puntos:

1º.- Demandar que se asuman con cargo aos orzamentos do Estado os incrementos de peaxes da AP9 derivados da sinatura de convenios coa concesionaria en 2011 e 2013, que se establezan bonificacións que permitan baixar o prezo da peaxe, e que se encargue un estudo para o rescate da concesión e a supresión das peaxes na AP 9.

2º.- Axilizar a transferencia a Galicia da titularidade e a xestión da AP 9, e de acordo co consenso amosado polo Parlamento galego, incluír este tema na axenda da comisión mixta Xunta-Estado co obxecto de facela realidade no primeiro semestre de 2019”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Presentamos unha moción que eu creo que é interesante; hai uns días escoitabamos o posicionamento do Ministro de Fomento do Goberno de España, unha persoa que ademáis de ser Ministro ten un peso específico relevante dentro do Partido Socialista, onde se pretendía crear unha peaxe entorno ás autovías.

As autovías que foron feitas por Gobernos anteriores, e que tardamos moito en poder disfrutar delas, mentres se abría a A1 cara a Barcelona ou a A2 cara a Valencia tardamos vinte e dous anos máis os galegos en poder ter esas autovías, e se houbo uns gobernos comprometidos con esa causa e que trouxeron as autovías a Galicia, plantexar agora gravalas coma se foran autopistas dalgún xeito merma a capacidade que ten en Galicia, porque Galicia é unha comunidade, o mesmo cá provincia de Lugo, periférica, que dependemos moito do transporte, que xa estamos tremendamente agravados por autopistas das cales temos máis de douscentos kilómetros, e se a iso lle sumamos os 500 de autovías, en realidade verase mermado todo o noso comercio.

Creo que é unha proposta que efectivamente fai o Ministro, e non parece unha proposta baladí dado que o Secretario de Estado ademáis pretende levala a unha subcomisión, e creo que aquí as forzas políticas e a poboación temos falar alto e claro, estas proposta fan dano simplemente cando se fala delas. En Galicia, que está tendo un posicionamento interesante entorno ó sector turístico, se nos plantexamos os custes de entre un e tres céntimos para vehículos e entre cinco e catorce para camións, que é a proposta que se levaba a esa subcomisión, significaría encarecer moito esas escapadas a Galicia, ese turismo rural, pero o mesmo lle pasaría a todas as nosas empresas; as nosas empresas que loitan por abrir un mercado, por poder exportar as mercadorias, se agora teñen que pagar por esas autovías que foron construídas e que foron gratis durante moitos anos, deixariamos ás nosas empresas nun franco retroceso.

Polo tanto é unha iniciativa que o que lle temos que trasladar ó Goberno Central, e que conta coa máxima oposición, porque xa están posicionadas tódalas centrais empresariais, industriais, sindicatos, e por tanto creo que hai que facer un posicionamento político; é certo que este Goberno cada vez que fai un anuncio vémolos cargados de improvisación, de falta de planificación, vemos como o Goberno di unha cousa e a contraria, hai uns cambios de opinión que xa son populares neste Goberno, pero non podemos cargar máis sobre os autónomos; primeiro

creamos ese dieselazo, onde se ve como os autónomos que teñen que depender dos coches para o seu traballo se ven moi mermados; logo sacamos esa outra noticia de que a partires do ano 2040 xa non queremos vehículos a motor tanto diésel como gasolina. Polo tanto xa non sei se van quedar vehículos para circular polas autovías e autopistas.

Pero se a iso lle engadimos que a parte máis débil, porque eu sempre digo que ningún millonario vai nun porsche a diésel, senón que os diésel utilízanos normalmente as clases menos pudentes, e se volvemos gravar esas autovías que outros Gobernos foron quen de facer e de traer ata Galicia, e este Goberno non é quen nin de poder mantelas, eu creo que está nun grave problema.

Pero centrándonos na provincia de Lugo, que pasaría coa A6 ó seu paso por Lugo cando a xente que poda utilizala para desprazarse ata o polígono industrial, ás gándaras, á campiña, ou ó propio HULA, se ten que pagar por circular por esa autovía?, pois veremos que rápidamente se vai cargar a N-VI, Nacional VI que aquí tódolos Grupos por unanimidade dixemos que deberíamos humanizala e poñela en valor.

Que pasa con esas saídas que utilizamos na A6 para ir cara a Fonsagrada, Asturias, para coller a A-54, ou mesmo cara a Sarria?, encontrariámonos con que saturaríamos a N-VI porque a xente se ten que pagar por eses 14 quilómetros polos que pasan entorno a 22.000 vehículos diarios, que poden ir entre o polígono e Nadela, ese tráfico iría á N-VI creando un problema de inseguridade grave e un problema de saturación nas vías centrais e urbanas de Lugo.

Creo que temos que darlle unha resposta clara e unánime ó Goberno de que estes “globo sondas”, hoxe unha cousa e mañá outra, simplemente cando se poñen enriba da mesa fan dano, e que non podemos permitir que as autovías agora mesmo se graven. Temos o exemplo no país veciño de Portugal que, acuciado por unha crise moi forte, implanta este sistema nas autovías e os resultados están aí, vémolos na Cámara de comerciantes e empresarios de Portugal que fan un rexeitamento frontal, o turismo decae dun xeito forte e os empresarios vense cun problema engadido de custes para poder sacar a súa mercancía.

Entendo que é unha medida que non está pensada, non está valorada, e que antes de que poda ir a esa subcomisión temos que facer unha fronte común dende tódalas Institucións, dende tódolos Partidos Políticos, para dicirlle ó Ministro que é unha obriga do Goberno, que así foi durante moitos anos, e despois de máis de vinte e dous anos feitas esas autovías que nos acercaban a España e a Europa, non poñer agora dificultades para poder viaxar por elas.

A partires do custe que esa proposta representa, que é un custe moi grande e inasumible polo problema das mercadorías, sería un problema co que se pode atopar agora mesmo Portugal que, sen definir aínda o modelo para poder cobralas, se será mediante peaxes ordinarios ou sobre as famosas viñetas que terán que pagar os coches, ese turista que ven de fin de semana ou que ás veces viaxa en pontes tería, como ten en Portugal, moitos problemas.

Polo tanto nós facemos unha proposta que é dirixirnos ó Goberno Central e pedirlle que aparque unha proposta que nos parece tremendamente lesiva para tódolos españois, para tódolos galegos, e particularmente para os lucenses como zona illada que é”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Con esta moción o que está facendo unha vez máis o Partido Popular é poñer a venda antes da ferida; se prestaron atención todo é futuribles, “podería”, “debería”, e eu creo que o que se está facendo aquí é debater algo que aínda non está enriba da mesa.

Os que fan dano son vostedes cando o que están facendo é faltar á verdade, porque non hai nin un só dato que acredite o que vostede afirma na súa moción de que se vai a impoñer unha autovía con peaxes. Nin o Goberno en ningún momento afirmou iso, nin que se vaian introducir as peaxes nas autovías, díganme onde poden afirmar con esa rotundidade iso que están a dicir.

O que si se dixo é que é necesario un novo sistema que garanta a conservación e mantemento da rede de estradas do Estado, e que ese modelo necesariamente debe emerxer dunha subcomisión específica, que por certo propuxo o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos

Deputados, que penso eu que é onde se deben debater este tipo de cuestión, na subcomisión específica que analizará esa conservación da rede de carreteras. E ademáis precisamente nesa subcomisión están chamados a participar tódolos Partidos Políticos, os sectores implicados, os distintos territorios, expertos, de cara a obter o máximo consenso e definir un sistema equilibrado e homoxéneo para todo o Estado.

Chegan tarde, porque o que vostedes propoñen xa se está a facer; e dígolles unha cousa, teñen pouca memoria, non veñan aquí agora abandeirando unha cuestión que nin que descubrirán a pólvora vostedes, veremos cal é alí a súa postura, porque aquí se as prometen moi felices pero xa non é a primeira vez que aquí votan unha cousa e logo chegan a Madrid ou a Santiago e votan outra, por exemplo nun tema tan importante como foi a hemodinámica; non traten de confundir á xente con falacias.

Voulles dicir cal é o motivo real desta moción, vostedes o que pretenden é tapar esa nefasta xestión das infraestruturas e das vías de comunicación que deixou o Goberno do Partido Popular que hai apenas seis meses gobernaba en Madrid; saben porque probablemente temos que chegar a plantexar este novo modelo de conservación?, entre outras moitas cousas porque mentres vostedes reducían un 27% os orzamentos para a conservación deses quilómetros de autovías e de redes de estradas do Goberno, seguían incrementando os quilómetros de autovías e de estradas, sen ter tan sequera crédito para manter as que xa había.

Ademáis mentres seguían incrementando o número de quilómetros de carreteras unha das cuestións que a vostedes se lles daba ben era rescatar as autopistas; e sabe como é este proceso?, quizá non se atreva a respostalo pero se queren tamén llo explico, primeiro hai unha concesión na que lóxicamente se enriquecen uns cantos, mentres a cousa é rendible imos tirando para adiante, e unha vez que deixa de selo non pasa nada porque se non é rendible as construtoras apelan á responsabilidade patrimonial da Administración.

E todo isto fixérono dous Ministros do Partido Popular, un que era Iñigo de la Serna e outro a señora Ana Pastor cando foi Ministra de Fomento, que tamén, ata onde sei eu, é galega. E daqueles polvos veñen estes lodos, así que non me veñan agora con cuestións que aínda se están

poñendo enriba da mesa, e que precisamente o señor Iñigo de la Serna antes de marchar plantexou tamén este debate, porque a señora Ana Pastor dixo que o rescate das autovías lles ían custar cero euros ós españois, e aí están as hemerotecas para velo; e o señor Iñigo de la Serna tamén estaba a piques de poñer un debate, porque así o dixo, sobre determinar e definir os novos modelos que deberán rexer o futuro na rede de conservación das carreteras.

Isto provén dun pasado complexo, un pasado de mala xestión, e así estamos a día de hoxe. Así que dende logo creo que o debate é positivo e enriquecedor, pero onde se ten que debater este tipo de mocións é nunha subcomisión que creou precisamente o Grupo Parlamentario Socialista”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para o que non se dera conta aínda vendo a intervención do voceiro do Grupo Popular, agora dámonos conta de que está gobernando o Partido Socialista en Madrid; o mesmo lle diría a un voceiro do PSOE se fora ó revés; porque é o que vimos escoitando aquí dende hai moitos anos, agora mesmo abriuse a veda, e a disparar a Madrid.

Coincidimos no que demanda o Grupo Popular, non temos nada que obxectarlle a esa proposta, pero hai que deixar esa doses de cinismo que se botan ó lombo cada vez que vostedes non están no Goberno Central; isto xa o facía o señor Chema Barcia, facíao o Sr. Barreiro, facíao a Sra. Elena Candia, e faino vostede, a ver se teñen un pouco de seriedade.

E non interioricen iso que din, que ademáis son capaces de escribilo nun papel e dicilo, que Galicia é periferia, non señor, non somos periferia, fannos ser periferia que é distinto, esa é a mentalidade colonizada e acomplexada que teñen vostedes, porque o señor Feijóo hai pouco dixo que eramos centro de Europa, e é certo, o centro de peregrinacións, o referente cultural, na idade media e durante moitos séculos, pero se non temos infraestruturas claro que nos fan ser periferia.

Por tanto hai que corrixir eses conceptos, e non os corrixen porque con esa mentalidade de esconder a cabeza cando hai problemas, e agochar a orella e só protestar cando hai outra cor

política no Goberno do Estado, porque vostedes non protestaron cando nos deixaron sen autovía na comarca da Mariña, e gobernaban vostedes e gobernou o PSOE, e deixáronnos sen autovía, desviárona cara a Vilalba; e Viveiro segue esperando a que un día pase por alí unha autovía ou un corredor en debidas condicións e non anuncios de pontes, e mentres tanto van demitindo os concelleiros do PP, neste caso as concelleiras, e vanse índo, porque non se fían do que di a Conselleira de Infraestruturas por exemplo, danse conta do que están facendo?.

Como dixen, imos votar a favor como non podía ser doutro xeito, porque son capaces, tanto o Partido Socialista coma o Partido Popular, de poñer peaxes nas autovías que foron feitas cos cartos de todos; modificaron a Constitución nunha tarde, do mesmo xeito que hoxe se xuntaron tamén para pactar uns Presupostos, entón son capaces de todo.

Non sei onde poñerían esas peaxes, por exemplo na A8 ó mellor a poñían no Fiuco porque como xa hai que parar e baixar por Mondoñedo, ou na A72, saben cal e?, supoño que don Demetrio si que o sabe porque vai chegar ata o límite do seu concello, é a que ten que saír de Barreiros ata o Castelo a San Cibrao, non se soubo nada dela, Rajoy non moveu nada ó respecto, quedamos nun estudo informativo, nun estudo de impacto ambiental, sen consignación orzamentaria ningunha; danse conta do que fixeron e do que seguen facendo con este país?, coa complicidade do Partido Socialista ó 50%. Pero non falan para nada da AP9, cando hai un acordo no Parlamento de pedir a transferencia e a redución desas peaxes, parece ser que non hai interese, aínda que o Sr. Feijóo aí atrás dende que cambiou o Goberno lanzou algunhas andanadas.

En canto a esta emenda de engádegala nós dicímoslle o mesmo que dixo o Parlamento, é o mesmo acordo do Parlamento polo que supoño que a aceptarán, demandar que se asuman con cargo ós Orzamentos do Estado os incrementos de peaxes da AP9 derivados da sinatura e convenios coa concesionaria en 2011-2013, que se establezan bonificacións que permitan baixar o prezo da peaxe, e que se encargue un estudo para o rescate da concesión e a supresión das peaxe na AP9; no segundo punto, axilizar a transferencia a Galicia da titularidade e a xestión da AP9 e, de acordo co consenso amosado polo Parlamento Galego, incluír este tema na axenda da Comisión Mixta Xunta-Estado para o obxecto de facela realidade no primeiro semestre de 2019. Supoño que non terá ningún problema aceptar esta emenda”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Di o voceiro do Grupo Socialista que o Partido Popular quere poñer a venda antes da ferida, pois eu creo que, aínda que agora o queiran negar, cando un señor Ministro de Fomento de España, e Secretario de organización do Partido Socialista, fai unha proposta en sé parlamentaria haberá que darlle validez, cando menos estanos dicindo a intención que ten, logo efectivamente está a aritmética parlamentaria, está unha inmensa minoría coa que gobernan, e haberá que ver as cousas.

Pero se detrás ven o Sr. Pedro Saura, Secretario de Estado, fai a mesma proposta, e a quere levar a unha subcomisión, cando menos haberá que entender que o Partido Socialista ten unha cousa clara, se poidera quere crear unhas peaxes nas autovías españolas, e por ende nas galegas. E vostede poderá dicir que poñemos a venda, pero non é así, estámoslle dando resposta a unha proposta feita por un Goberno, por un Secretario de Estado, e por un Ministro.

E nós o que lle dicimos é que se outros gobernos, e un goberno do Partido Popular foi quen de traer as autovías a Galicia, autovías con peaxe non, o que queremos nós é rematar as autovías; queremos rematar a autovía de Lugo a Ourense, que está iniciada pero non se avanza nela; tamén a de Lugo a Santiago; e xa que falaba o Sr. Veiga da A74, a autovía da Mariña que está pendente; e nese plan de autovías nacionais que está aprobado, tamén a de Ponferrada-Monforte-Ourense. O que quere Galicia é que, vinte anos despois do que lle pasou a Comunidades coma Valencia, Andalucía ou Cataluña, rematen as nosas autovías. Polo tanto antes a venda non, cando un Ministro fala é o momento de darlle resposta, porque dende que isto estea aprobado mal imos.

En canto á emenda de engádegas que fai o BNG, por suposto que nós non temos inconveniente; é certo que a AP9 é a autovía das máis caras de España, o Goberno do Partido Socialista que agora goberna acaba, nesas nove autovías crebadas que reverteron no Estado, que xa tiñan as peaxes tremendamente moito máis baratos cá AP9, acaban de plantexar a súa eliminación.

Ben é certo que se alí xa eran máis baratas e se plantexa a súa eliminación, non entendemos que no período dun ano haxa unha terceira suba, este ano do 2%, para a AP9.

Por tanto aceptamos a súa emenda, eu creo que o punto dous está perfectamente claro, que é o consenso que amosaron tódalas forzas políticas no Parlamento para que dunha vez por todas a xestión da AP9 se transfira a Galicia. En canto ó punto un nós apoiámolo tamén, entendemos que ó mellor agora mesmo é un tema complexo, dun brinde ó sol, pero efectivamente se pensamos que esa autopista é das máis caras de España entendemos que efectivamente alo menos as subas que se fixeron, se se pode, sexan asumidas por parte dos Presupostos Xerais.

Pero volvendo á intervención do voceiro do Grupo Socialista que di que non hai proposta, entón eu entendo que este dossier de prensa publicado en primeiras planas por medios tan diversos como El País, El Mundo, La Voz de Galicia, El Progreso, minten todos, e léolle titulares, “el Gobierno quiere decidir si ó si el cobro del peaje de las autopistas antes de junio de 2020”, “la sombra de los peajes amenaza 560 kilómetros de autovías en Galicia”, “las autovías de Lugo no necesitan peajes, necesitan terminar las autovías que hay con Galicia”.

E logo está a resposta que fan os voceiros de tódolos Grupos, por exemplo a que fai o Sr. Pablo Arangüena, Vicesecretario de Infraestruturas, e que defende que sería unha solución viable. E contéstolle o que lle poden dicir dende o Bloque, a Sra. Ana Pontón di que sería non é non, e nefasto para Galicia; ou o que lle di o voceiro do Partido Popular de Infraestruturas, ou o voceiro Antón Sánchez; por tanto iso é unha irrealidade.

Di que o que nós traemos aquí é mentira pero resulta que vinte medios de tirada nacional, a prensa galega, sácanos nos seus titulares, alo menos teña un respecto ó que di o Ministro de vostedes e ó que di a prensa nacional e autonómica, e tamén as críticas. Por tanto se non hai iso porque hai un artigo do seu Secretario de Infraestruturas contestando que iso é viable?. Eu creo que as cousas pódense facer, é certo que vostedes cada día traen unha nova improvisación, é certo que o que diga o Ministro de vostedes non ten validez porque ó día seguinte o corrixe e desminte, e non pasa nada, iso faino o propio Presidente do Goberno así que como non o van facer os Ministros.

O que está claro é que non podemos cobrar unha peaxe polas autovías cando os transportistas non teñen unha alternativa real; no caso da A6 moitos tramos da vella N-VI foron utilizados para a autovía, por tanto non temos unha autovía para circular cos nosos camións; e plantexar agora esas ideas de bombeiro cando menos deixa en moi mal lugar ó Partido Socialista.

E o que lle diría a vostede é que se sume a unha proposta, diríxanse ó Goberno da nación, ó Partido Socialista, e díganlle cal é a postura do Partido Socialista de Lugo, pero non digan que nós inventamos unha proposta cando vostede tivo durante tres semanas dende que saíu a noticia cento dous titulares de prensa, e agora resulta que o Partido Popular se inventa que vostedes queren cobrar peaxe, pois debémolo inventar nós, os seus voceiros, os voceiros de tódolos Grupos Políticos.

O que lle digo é que entendemos que temos que darlle unha resposta, e que o noso turismo, o noso comercio, e os nosos dereitos que conseguimos durante moitos anos para ter esas autovías, o que temos é que loitar porque se rematen todas esas autovías, a da Mariña, a de Lugo, a de Ourense, con prazos e investimentos concretos, pero non gravar á xente que xa está mermada, porque as autovías é un imposto discriminatorio hacia ás clases menos pudentes, porque van os ricos, os pobres, e os que cobran RISGA.

Polo tanto plantexen vostedes outra fórmula, porque outros Gobernos durante moito tempo foron quen de manter as autovías e as autoestradas nun estado razoable para poder circular sen ter que crear un imposto”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Armesto, oxalá respectara vostede, como respecto eu ó Ministro, á voceira de Monforte e á concelleira recentemente demitida de Viveiro.

E xa sei que vostede se guía máis pola prensa, pero le só o que lle interesa; hai unha cuestión que está clara, no que se incide, no que se materializa, a proposta do Goberno é en iniciar

a definición dun novo modelo que garanta a sustentabilidade da rede de estradas; pero é moi distinto iso, que xa propoñía o seu Ministro que acaba de marchar ou ó que acaban de botar, que o que vostede está dicindo.

E tamén lle digo que hai moitos modelos para poder asumir de xeito eficiente e eficaz a bancarrota e a situación na que o deixou o Goberno do Partido Popular, porque se foron hai seis meses, pero vostede para ir a Chantada por onde ía?, parece mentira que agora xa non lembremos como quedou e como está a situación. Entonces se tan claro o ten, e se o Presidente me autoriza, voulle propoñer a vostede que vaíamos un día a Madrid, e xa me di tamén por onde vai para evitar a estrada de peaxe, e propoñémoslle ó Sr. Ábalos, xa que ten tanto interese, para que forme parte vostede desa subcomisión.

E sorpréndeme agora esa postura do Partido Popular cando de xeito increíble agora parece que non sabemos nin onde estamos, e hai apenas seis meses estaban gobernando, eu non lle escoitei nunca ó Sr. Feijóo criticar ningunha postura en contra do Sr. Rajoy, era de total e absoluta submisión en relación coa AP9. E resulta que agora din que queren que se desenvolvan as autovías da Mariña, de Lugo, de Ourense, pero logo que fixeron en seis anos de goberno?, o único que fixeron foi cultivar fochancas.

Dito isto, o que non pode ser é que cando lle interesa ó Sr. Feijóo ten que subir algúns impostos ó máximo que teñen permitido na Comunidade Autónoma, diga nun perfecto castelán que “esto es para ayudar a la sanidad e a la educación”, e agora que se presentan modelos que teñen unha consecuencia clara de mala xestión do Partido Popular, botemos ás mans á cabeza.

Entonces debater algo que aínda está en pañales, aparte de que creo que deses cento vinte e dous titulares de prensa o que non fixeron foi ler o contido da noticia, paréceme absurdo; dende logo tamén lle adianto que no momento en que ese debate se xere de verdade e exista algunha opinión formada desa subcomisión, este Goberno vaise posicionar e vaise pronunciar.

E para rematar dicir que eu non teño claro, ó mellor na súa intervención final o pode aclarar, cando falou de “as nosas empresas” ou “os nosos empresarios”, se vostede se refire ós pequenos autónomos que teñen que facer esas viaxes a Madrid, ou se refire ás concesionarias”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Simplemente para dicir que imos gardar esta moción, eu teño varias no taboleiro de anuncios que hai no local comarcal do BNG, porque sempre dan a argumentación para cando haxa outro Pleno recordar o que non fixo o anterior nesa dialéctica PP-PSOE, Estado-Galicia, ademáis isto queda gravado; isto dígoos porque non vaia ser que dentro dun ano ou dous governe o Partido Popular outra vez e quen estea no Pleno desta Deputación ó mellor ven con esta moción; isto é unha auténtica comedia, pero grazas por aceptar a emenda, e gardaremos esta moción e tamén a gravación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Dicirlle ó BNG que garden vostedes e arquiven, porque vostede como xa é un histórico poden gardar porque non pasa nada. En cuxo caso grazas polo apoio á moción.

Con respecto á intervención do Sr. Rivera, é triste que cando xa non lle quedan argumentos para defender o indefendible se acorde non sei de que poboacións.

O Partido Popular gobernou este país con corenta anos de democracia en dúas etapas, oito anos do Sr. Aznar e sete do Sr. Rajoy, eses anos foron os que colocaron a Galicia no mapa de infraestruturas, foron os que trouxeron a Galicia no ano 2012 un plan de infraestruturas que é o que teñen que desenvolver vostedes; nin co Sr. Aznar nin co Sr. Rajoy se plantexou poñer ningún tipo de peaxes nas autovías, son vostedes os que o plantexan, e polo tanto hai que curtar as iniciativas antes de que arrinquen.

Fala vostede de fochancas nas autovías; os lucenses sabemos que no único sitio onde había fochancas, e hainas, é na rede de estradas provincial que durante doce anos do seu goberno ningunearon, non investían máis ca cinco ou seis millóns nunha rede de catro mil quilómetros de carreteras; e tivo que ser unha iniciativa do Partido Popular, a cargo de endebedarse, de quince millóns de euros para poder darlle unha volta, pero aínda seguen moitas carreteras con fochancas. Por tanto non me veña vostede falando de fochancas, porque o único que trouxo aquí fochancas foi un goberno coma o seu.

E se vostede non ten claro a quen me refiro, se ós pequenos comerciantes e industriais de Lugo ou á patronal das autoestradas SEOPAN, deberían ter claro, porque a proposta que o Sr. Ministro Ábalos fixo súa é a proposta que fai a patronal das autovías SEOPAN; claro que a eles lles interesan esas peaxes, e esa é a proposta que fai o Goberno, a proposta da patronal das empresas que dirixen as autoestradas.

Polo tanto que cada cal estea onde estea, nós estamos en defender os intereses da provincia de Lugo, en defender un dereito que gañamos co esforzo político e social de moita xente durante moitos anos para ter unhas autovías, e o que non queremos é ir cun coche e cada dez quilómetros teñamos que parar para pagar. Esa é a nosa postura, e vostede colóquese con quen queira, cos pequenos comerciantes de Lugo ou se prefire colocarse coa patronal das empresas concesionarias, que é o que fai o seu Ministro, teralle que dar explicacións á provincia”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 14 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada a moción co seguinte engadido que se corresponde coa emenda do Grupo Provincial do BNG aceptada polos proponentes da moción.

“1º.- Demandar que se asuman con cargo aos orzamentos do Estado os incrementos de peaxes da AP9 derivados da sinatura de convenios coa concesionaria en 2011 e 2013, que se

establezan bonificacións que permitan baixar o prezo da peaxe, e que se encargue un estudo para o rescate da concesión e a supresión das peaxes na AP 9.

2º.- Axilizar a transferencia a Galicia da titularidade e a xestión da AP 9, e de acordo co consenso amosado polo Parlamento galego, incluír este tema na axenda da comisión mixta Xunta-Estado co obxecto de facela realidade no primeiro semestre de 2019”.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NOS TERREOS DA ANTIGA RESIDENCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa á construción dunha nova comisaría de policía nos terreos da antiga residencia, que se basea nesta

Exposición de Motivos

O PSOE leva máis de dezanove anos gobernando no Concello de Lugo, e nese período de tempo non foi quen de planificar, nin de prever o futuro do barrio da Residencia, cando xa se sabía que as instalacións sanitarias se trasladarían ao HULA.

Dende a Xunta de Galicia existe un compromiso firme para dotar de servizos ao barrio da Residencia nas instalacións do antigo Hospital, nos que destaca un centro integral de saúde, unha residencia da terceira idade, un centro tecnolóxico vinculado a Rozas, un centro de emprego, así como unha planta de biomasa, inversións todas elas valoradas en máis de 21 millóns de euros.

De feito hai uns días se publicou no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación para os traballos de construción do Centro Integral de saúde no barrio da Residencia, o

que permitirá reducir os prazos na recepción das ofertas, e conseguintemente axilizar os trámites para que as obras finalicen no menor prazo posible.

Fronte a isto, vese o inmovilismo tanto do Concello de Lugo como do actual Goberno do Estado, que ata o de agora, non amosou vontade política de cumprir co compromiso adquirido polo anterior Goberno de dotar a Lugo dunha nova Comisaría de Policía Nacional, dentro dos terreos que ocupaban o antigo Hospital Xeral.

Hai que recordar que nese senso se celebraron varias reunións, nas que participaron a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Secretaría do Estado da Seguridade Social, a Dirección Xeral de Policía e a Tesourería da Seguridade Social, que permitiron iniciar os trámites para a cesión ao Ministerio do Interior dos terreos para construción da nova Comisaría da Policía Nacional, polo que é imprescindible continuar co traballo iniciado polo Goberno do Partido Popular para que Lugo conte cunha nova Comisaría da Policía no barrio da Residencia, que preste mellores servizos á cidadanía, e que sirva para revitalizar o barrio.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa á construción dunha nova comisaría de policía nos terreos da antiga residencia, e propónse a aprobación do seguinte acordo:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a cumprir o compromiso de construír unha nova Comisaría de Policía, nos terreos da antiga Residencia de Lugo, incluíndo nos orzamentos dos vindeiros anos as partidas suficientes para os proxectos, obras e instalacións.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a cumprir o compromiso de dotar de servizos ao barrio da Residencia de Lugo nas instalacións do antigo Hospital, nos que destaca un centro integral de saúde, unha residencia da terceira idade, un centro tecnolóxico vinculado a Rozas, un centro de emprego, así como unha planta de biomasa”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón neste punto emenda de substitución á totalidade da moción do PP relativa á construción dunha nova comisaría nos terreos da antiga residencia, que quedaría redactada do seguinte xeito:

Exposición de Motivos:

O Barrio de A Residencia sufriu unha desaceleración impactante e un cambio abrupto na dinámica do mesmo no momento en que definitivamente foi trasladada a actividade hospitalaria que se viña desenvolvendo nel dende décadas ao HULA.

Dende aquela foron numerosas as promesas e escasos os avances que se teñen feito de cara a unha resposta que paliase, cando menos, e revertese, no posible, a situación.

O que está claro é que a esperanza de revitalizar o barrio reside fundamentalmente na recuperación da actividade no mesmo, para o que, un importante recurso son as propias instalacións que albergan o antigo Hospital Xeral.

Instalacións, que por certo, están afectadas por dúas administracións en canto á súa titularidade e/ou disposición das mesmas, a Administración do Estado e a Administración Autonómica. Polo tanto ambas, dende os seus gobernos, son competentes para desenvolver as iniciativas que finalmente devolvan a un barrio tan importante para todos os lucenses como o de A Residencia a actividade que lle permita recuperar o pulo perdido.

Polo exposto e tendo en conta que:

1.- Entre as competencias que ten atribuídas o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, atópase a superior dirección e tutela do Patrimonio único da Seguridade Social, cuxa titularidade

corresponde á Tesourería Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro.

2.- A Tesourería da Seguridade Social é propietaria do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo, sito na rúa Doutor Severo Ochoa s/n, cunha superficie total construída de 37.797 m², según catastro, sobre unha parcela de 20.700 m², con uso específico sanitario.

3.- Mediante Real Decreto 1679/1990, de 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD), foi transferido en adscripción o citado Hospital Xeral de Lugo, mantendo a Tesourería Xeral da Seguridade Social a titularidade do referido inmovible.

4.- Pasadas case catro décadas desde a inauguración do antigo Hospital Xeral de Lugo, a instalación xa on era capaz de asumir a demanda sanitaria de Lugo e a súa comarca e a súa actividade asistencial cada vez maior, polo que a maior parte dos servizos sanitarios foron trasladados ao novo Hospital Lucus Augusti de Lugo.

5.- Persistindo a necesidade de prestación de determinados servizos sanitarios para a zona, a Comunidade Autónoma pretende manter parte da instalación para estes fins.

Respecto do resto, é vontade de ambas administracións colaborar na posta en marcha de cantas actuacións sexan necesarias para reasignar os usos dos diversos inmoables do antigo Hospital Xeral de Lugo, dado que a situación do mesmo se configura coma unha ubicación idónea, que permitiría concentrar varios servizos públicos de ámbito estatal e autonómico nunha zona céntrica da cidade, contribuíndo ademais á súa revitalización.

6.- En consecuencia co anterior, é polo que se pon de manifesto o compromiso das Administracións Estatal e Autonómica de impulsar a realización das actuacións patrimoniais pertinentes para que o referido Hospital Xeral de Lugo poida albergar outros equipamentos públicos.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno Central, como partes asinantes, sobre a base dos principios de lealdade institucional, información mutua, cooperación, asistencia e respecto recollidos na Ley 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións

Públicas, e na Ley 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, consideren oportuno desenvolver un Protocolo, de conformidade cos artigos 183, 186 e 187.2 da citada Ley 33/2003 e artigo 47.1 párrafo segundo da Ley 40/2016 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, acordando a obrigarse con arreglo ás seguintes cláusulas:

- 1- O obxecto do Protocolo será determinar as actuacións patrimoniais a realizar pola Comunidade Autónoma de Galicia e a Tesourería da Seguridade Social, ao obxecto de facilitar espazos no Complexo do antigo Hospital Xeral de Lugo para albergar diversos equipamentos públicos.
- 2- Para o cumprimento do anterior, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia tramitará, de conformidade co Real Decreto 1679/1990, expediente de retrocesión patrimonial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social do inmovible denominado Pabellón Xeral (Hospital Xeral), que forma parte do Complexo antigo Hospital Xeral de Lugo.

O resto dos inmovibles integrantes do complexo seguirán destinándose a fins sanitarios de acordo co Real Decreto 1679/1990, de 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD).

- 3- A Tesourería Xeral da Seguridade Social, unha vez que leve a cabo a aceptación da mencionada retrocesión patrimonial, tramitará previa acreditación de que o retrocedido non resulta necesario para o cumprimento dos fins da Seguridade Social, o expediente de cesión de uso que corresponda.
- 4- Dito protocolo surtirá efectos dende o día da súa firma, comprometéndose a Xunta de Galicia a tramitar a retrocesión e a aportar no prazo máximo de un mes, a documentación necesaria dos inmovibles situados na parcela transferida en adscripción, e a Tesourería Xeral da Seguridade Social a aceptar a citada retrocesión e a ceder o uso dos inmovibles retrocedidos, realizando as actuacións que, no seu caso, se precisen para que poidan ser adaptados ao novo uso.
- 5- Dito Protocolo terá natureza administrativa, polo que calquera cuestión litixiosa que poidera surxir entre as partes en canto á súa interpretación e cumprimento, someterase aos xulgados e tribunais da xurisdicción contencioso-administrativa”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A proposta que traemos a este Pleno para o barrio da Residencia, unha proposta positiva e necesaria para esta parte da cidade, un barrio que hai anos demanda servizos e equipamentos que axuden a revitalizalo e dinamizalo.

O Partido Socialista, que leva máis de dezanove anos gobernando no concello de Lugo, neste período de tempo non foi quen de planificar nin de prever o futuro do barrio da Residencia cando xa se sabía que as instalacións sanitarias se trasladarían ó HULA.

Dende a Xunta de Galicia existe un compromiso firme para dotar de servizos a este barrio nas instalacións do antigo hospital, nos que destaca un centro integral de saúde, unha residencia da terceira idade, un centro tecnolóxico vinculado a Rozas, un centro de emprego, así como unha planta de biomasa, inversións todas elas valoradas en máis de 21 millóns de euros.

De feito hai uns días que se publicaba no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación para os traballos de construción dese centro integral de saúde no barrio da Residencia, o que vai permitir reducir os prazos para a recepción das ofertas e consecuentemente axilizar os trámites para que as obras finalicen no menor tempo posible, que é o que necesitan e están demandando os veciños.

Fronte a isto temos que lamentar o inmovilismo tanto do concello de Lugo como do actual Goberno do Estado, que ata agora non amosaron a vontade política de cumprir ese compromiso adquirido polo anterior goberno de dotar a Lugo dunha comisaría de policía nacional dentro dos terreos que ocupaba o antigo hospital xeral.

Hai que recordar que nese sentido se celebraron varias reunións nas que participaron tanto a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, así como a Secretaría de Estado da Seguridade Social, ou a Dirección Xeral da Policía, e a Tesouraría da Seguridade Social, o que permitiu iniciar

os trámites para a cesión ao Ministerio do Interior daqueles terreos para a construción da nova comisaría.

Polo que consideramos que é imprescindible continuar co traballo iniciado polo Goberno do Partido Popular para que a nosa cidade conte cunha nova comisaría de policía no barrio da Residencia, no que se presten mellores servizos á cidadanía e que ademáis sirva para revitalizar esta zona da cidade.

Por iso instamos a este Pleno a acordar os seguintes puntos: instar ó Goberno do Estado a cumprir o compromiso de construír unha nova comisaría de policía nos terreos da antiga residencia de Lugo, incluíndo nos Orzamentos dos vindeiros anos as partidas suficientes para os proxectos, as obras, e instalacións. E instar tamén á Xunta de Galicia a cumprir o compromiso de dotar de servizos ó barrio da Residencia nas instalacións do antigo hospital nos que se farán eses equipamentos dos que falaba.

O Grupo Provincial Socialista presenta unha emenda, que xa lle adianto que non a podemos aceptar xa que entendemos que se trata dunha manobra dilatoria que desvirtúa en parte a nosa proposta, e o que busca é darlle voltas a un asunto que para nós está moi claro. Co que propoñen vostedes con respecto ó primeiro punto onde falan de conversas, esas conversas ás que se refiren xa se fixeron, os técnicos das diferentes administracións son coñecedores da situación, dos terreos e dos espazos que quedaran libres para cada uso, polo tanto consideramos que ese punto está fóra de lugar.

Con respecto ó segundo punto, se aceptamos o que vostedes piden estaríamos abrindo a porta a paralizar o proxecto para o barrio da Residencia, e dicimos isto porque o que piden vostedes é retroceder á Tesouraría da Seguridade Social o inmovible do pavillón xeral do hospital xeral, e isto suporía na súa práctica por unha banda impedir a demolición do inmovible que, como ben saben, está xa contratada dende a semana pasada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia cun orzamento de 3,2 millóns de euros, está feita esa encomenda de xestión asignada xa á empresa pública Tragsa, a non ser que o que propoñan vostedes é que este custe o asuma o Estado.

A maiores tamén suporía renunciar á construción dunha residencia para persoas maiores no barrio da Residencia, porque ese centro se levaría a cabo nos terreos que agora ocupa ese inmovble que vostedes queren retroceder á Seguridade Social, polo tanto impediría esa construción. Outra cousa sería, unha vez demolido ese edificio do vello hospital, e retroceder polo tanto os metros de terreo nos que se instalaría a comisaría. Por certo, tamén deberían falar e poñerse de acordo cos compañeiros socialistas do concello de Lugo porque, polo que teño entendido, mañá mesmo vai á Xunta de Goberno a concesión de licenza para a demolición dese inmovble, por tanto parece que se contradín.

Está claro que o único que vostedes pretenden é bloquear para retrasar investimentos que revitalicen o barrio; vostedes queren que renunciemos a novas infraestruturas planificadas que contan xa con orzamentos, e nas que xa hai contratos en vigor; por tanto dende o Partido Popular non estamos dispostos a dilatar moito máis esta revitalización do barrio, e non estamos dispostos a renunciar a cumprir co compromiso desas novas dotacións para o barrio da Residencia, para os veciños e veciñas dese barrio; por iso imos rexeitar a súa emenda”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Que gloriosa benvida ó Partido Popular á reivindicación de asuntos que van máis alá da competencia da Administración provincial, tantas veces reivindicada e reprochada ós que nos preocupábamos polos asuntos dos lucenses independentemente da administración pública á que correspondesen; pero non o ían facer con coherencia nin con respecto á verdade, íano facer cunha aplastante demagoxia que llela deben imprimir no seu manual cando se poñen a traballar ou cando se poñen a representar ó Partido Popular.

Vir aquí falar de que o PSOE leva dezanove anos gobernando e non se preocupou polo barrio da Residencia, tantos anos nos que alí hai dúas administracións, porque cando falamos do barrio da Residencia falamos das instalacións do vello hospital, Xunta de Galicia e Goberno do Estado; a Xunta de Galicia dende o ano 2009 nas mans do Partido Popular, Goberno do Estado nas mans do Partido Popular dende o ano 2011, é dicir dende poucos meses despois de que se

trasládase a actividade do hospital xeral de Lugo ó HULA; e resulta que isto é cuestión de que leva dezanove anos gobernando o Partido Socialista; e din vostedes con toda a desfachatez e caradura do mundo que o concello non fixo nada.

O 4 de xullo de 2017, a Xunta presenta un borrador de convenio e un anteproxecto do centro integral de saúde, gobernan dende o 2009 e tiveron oito anos para facelo, oito anos de Feijóo despois. O 27 de xullo, uns días despois, o concello contesta cun informe de Arquitectura e Urbanismo que lle propón acollerse á denominada Lei Citróen da propia Xunta, significalles algo?, para proxectos de interese público de urxencia que axilizaría o proceso.

O 31 de xullo Cultura da Xunta informa o anteproxecto do centro de saúde e aclara que terá que informar tamén o proxecto de execución da licenza. O 12 de setembro de 2017 novo borrador de convenio da Xunta, no que elimina o punto da urxencia e comunica a decisión de non ceder ó concello a parte pública, só o mantemento.

O 23 de outubro de 2017 a Alcaldesa e o Conselleiro de Sanidade reúnen para abordar e aclarar cuestións nas que non había acordo ata ese momento. O 4 de maio de 2018 o concello envía alegacións ó convenio, que non son contestadas pola Xunta de Galicia ata o 14 de agosto de 2018. Todo con moita celeridade e con moita premura por parte da Xunta de Galicia, e moita desatención por parte do concello na súa interpretación, falta ver o que tardan en contestar uns e outros.

O 22 de decembro a Xunta solicita a aprobación do estudo de detalle, que conlevou varias reunións de técnicos do concello cos técnicos redactores, porque non informe municipal do anteproxecto non figuraba a necesidade deste estudo de detalle. O 13 de xullo de 2018, despois destas xuntanzas, e a petición do concello, o redactor do proxecto rexistra unha documentación aclaratoria do estudo de detalle.

O 17 de xullo os servizos de Urbanismo e Arquitectura emiten un informe no que se determina que non é preciso o estudo de detalle dado que o proxecto non modifica alineacións. E o 31 de agosto recibe a Administración autonómica o informe de Urbanismo e Arquitectura que determina que non é preciso ese estudo de detalle.

O 23 de xullo de 2018 solicítase a licenza por parte da Xunta. O 26 de xullo emítese o informe do Servizo municipal de Facenda Local no que exime á administración do pagamento das taxas ata a adxudicación do proxecto; e o 10 de setembro iníciase a avaliación do expediente.

Polo tanto por parte do concello, déanlle vostedes as voltas que queiran, pero non hai moito máis que dicir. O que si que hai que valorar son os bandazos da Xunta de Galicia, que é o mesmo que un escurantismo total e absoluto, evidentemente xera preocupación e incerteza entre os lucenses, e máis entre os do barrio da Residencia. As mentiras e improvisacións e dende logo un novo desprezo ós lucenses por tratar de ocultar os acordos que adoptaron.

Tres versións en só quince días dende que o Partido Socialista denunciou a anulación pola porta de atrás, e en plena moción de censura a Rajoy, do trámite imprescindible para dotar ó vello xeral de servizos non sanitarios, e unha comisaría non é un servizo sanitario; iso non fai falta que o diga eu nin vostede senón que o entende calquera, non é o mesmo servizo o dunha comisaría ca o servizo dun hospital ou dun centro de saúde, uns son sanitarios e outros non; e nas normas urbanísticas de uso do chan todo o antigo hospital xeral de Lugo está para un uso sanitario, se non facemos o cambio de uso non podemos desenvolver alí ningunha actuación que non teña que ver co uso sanitario.

Foron vostedes quen, por acordo do Consello da Xunta, o Partido Popular decide anular a retrocesión á Seguridade Social que permitira precisamente facer ese cambio de uso e continuar desenvolvendo o proxecto da comisaría, co cal están vostedes agora mesmo como responsables de que non se poida desenvolver alí nada que non teña que ver cun uso sanitario.

E o 13 de setembro o Sr. Balseiro di que foi feita esa paralización por petición do Ministerio e a retrocesión se fará máis adiante. O 18 de setembro Feijóo desminte a Balseiro, e di que serán os letrados da Seguridade Social os que terán que determinar o sistema para a ampliación dos usos; pero dende que falou o xefe supremo aínda veu outro soldado e desmentiu a Feijóo, o Conselleiro de Facenda que desminte a Feijóo no Parlamento e di que nunha reunión xestionada

por el co Ministerio acordou un procedemento, non se sabe cal nin el o dixo, que axilizará e simplificará os trámites.

Ocultaron o acordo do 31 de maio no Consello da Xunta polo que anularon os trámites imprescindibles para ampliar os usos do xeral; ocultaron os motivos dese acordo e desmentíronse entre vostedes mesmos sobre cales foron as razóns, e ocultan os pasos que van dar agora. E non o digo eu, dino os papeis; o Vicepresidente Alfonso Rueda Valenzuela certifica que o 25 de xaneiro de 2018 se autorizou a retrocesión a favor da Seguridade Social do edificio denominado pavillón xeral; ese mesmo señor do Partido Popular e do Goberno da Xunta, certifica que o 8 de marzo de 2018 se autorizou a retrocesión a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do edificio denominado escola universitaria de enfermería. É o mesmo señor o que certifica que o día 31 de maio de 2018, en plena decisión sobre se se aprobaba ou non a moción de censura que sacou ó Partido Popular e a Rajoy do Goberno do Estado, certifica deixar sen efecto os acordos do Consello da Xunta do día 25 de xaneiro e 8 de marzo de 2018 polos que se autorizaba a retrocesión a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos edificios denominados pavillón xeral e escola universitaria de enfermería.

Todos coincidían, e así fora anunciado, e todos sabemos que os usos do chan do antigo hospital xeral de Lugo son de uso sanitario, e para poder desenvolver alí unha comisaría, que é o obxectivo de todos, necesítase facer un cambio de uso, cambio de uso que estaba enfocado con esa retrocesión para que a Seguridade Social puidese tramitar o cambio de uso e que vostedes paralizaron; e mentres non haxa cambio de uso non hai posibilidade ningunha para que dentro da legalidade se poda poñer en marcha alí un servizo que non sexa sanitario, e unha comisaría non é un servizo sanitario”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Unha vez máis co tema da antiga residencia asistimos a unha sesión de fogo cruzado entre o PP e o PSOE. O PP, que é quen presenta a moción, estivo oito anos no Goberno do Estado sen facer nada, e ven agora con isto; parece que hai diñeiro para derrubar o edificio, creo que se

aprobaba onte ou hoxe en Xunta de Goberno do concello a licenza para derrubalo, probablemente se derrube, probablemente pasen as eleccións e alí quede un deserto.

O Bloque Nacionalista Galego no concello de Lugo ten feito moitísimas propostas ó respecto, creo que ningunha se tivo en consideración, os compañeiros e compañeiras do BNG no concello sempre tiveron claro que aquilo tería que ser para un centro de saúde, ou para unha residencia para persoas que non precisan estar hospitalizadas ou que cando saen da hospitalización non teñen onde ir, ou para calquera centro sanitario ou social que sería o máis acaído.

Pero probamente se derrube, pasen as eleccións municipais, e os veciños do barrio da Residencia seguirán mirando para ese deserto, porque dada a actitude duns e doutros, e co tempo que levamos, eu creo que non se avanzou nada e desgrazadamente nos tememos que non se vai avanzar case nada mentres non se pense noutra clave distinta á electoral, que é na que uns e outros están pensando única e exclusivamente, e sobre todo o Partido Popular que é quen trae esta moción”

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Santos, vostede quere dotacións para a vella residencia ou non as quere?, o Partido Popular si. E é certo que ó mellor non se fixeron con toda a celeridade que nos tivera gustado pero agora se está cumprindo co barrio; e non é bonito que acusen de ir lentos e despois veñan cunha cordiña a intentar atar os pés.

A aposta do Partido Popular por revitalizar o barrio da Residencia é clara, non existe ocultismo, anunciouse, comprometeuse, e agora ademáis se están dando os pasos para cumprir co comprometido por parte da Xunta de Galicia; e non é só un compromiso de palabra senón que é un compromiso ratificado nos Orzamentos ademáis de realizar xa diferentes xestións e accións para levar a cabo a contratación das obras para estas dotacións.

A licenza para a construción do centro integral de saúde está solicitada no concello de Lugo dende o mes de xuño, e dende esa data levamos agardando a concesión desta licenza a pesares de ter xa os permisos e informes favorables por parte de Patrimonio e do resto de Institucións. Polo tanto comezar estas obras e esta dotación de equipación depende neste momento só e exclusivamente da concesión desa licenza por parte do concello, un concello que xa sabemos todos que dilata esas licenzas coas consecuencias que ten para a economía desta cidade desgrazadamente no retraso de creación de empresas e na inversión para a construción.

Nós con esta proposición o que buscamos é seguir avanzando, non é electoralismo Sr. Veiga, buscamos seguir dando pasos e non quedar de brazos cruzados, por iso instamos a distintas Institucións implicadas como son o concello, a Xunta de Galicia, e o Ministerio, a seguir avanzando, e sobre todo a non paralizar o labor doutras administracións.

Que a Xunta de Galicia cumpre está claro, licenzas pedidas, taxas pagadas, contratación de obras, e dotación orzamentaria; polo tanto a Xunta está a dar mostras desa intención de revitalizar o barrio e de cumprir ese compromiso do Partido Popular con esta zona da cidade. E o Partido Socialista, con esta emenda que presenta, dá mostra de querer paralizar, retroceder, retrasar, e ralentizar.

Polo tanto non lle aceptamos esa emenda, e o que pedimos é que dende o Goberno socialista se manteñan os compromisos do Partido Popular coa veciñanza do barrio da Residencia, para dotalo desa nova comisaría de policía; ademáis é un compromiso que adquiriu o Ministerio do Interior con este barrio chegando a contificarse partidas presupostarias reservadas para o inicio das obras grazas á demanda, a insistencia, e á petición de Deputados e Senadores lucenses, como foron as demandas que fixo o compañeiro de Partido e veciño tamén deste barrio José Manuel Barreiro.

E agora que parece que vostede, señor Santos, busca unha aterrizaxe forzosa en Lugo despois do despegue fallido en Friol, eu aconselleríalle que faga o mesmo que fixo o Sr. Barreiro, e que agora vaia vostede a xunto dos seus compañeiros socialistas no Goberno e lles insista e lles pida esa dotación orzamentaria para a construción da comisaría.

Teñen cartos, teñen proxecto, o Ministerio do Interior estaba traballando niso, a Xunta está poñendo á súa disposición un solar libre de cargas e listo para edificar, está poñendo 3,2 millóns de euros para derrubar ese edificio, e despois pódese facer esa cesión dos terreos dos que fala vostede, esa retrocesión á Tesouraría para darlle ese novo uso e poder instalar aí a comisaría. Nós non lle vemos ningún atranco, o caso é que vostedes si que llo ven.

Eu preguntolle de novo, quere vostede dotacións para ese barrio?, pois só ten que aprobar esta moción”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Que fácil es la vida en los mundos de Alicia y el país de las maravillas”. Claro que queremos dotacións para o barrio da Residencia, queremos que o goberno socialista faga a comisaría que non fixo o Partido Popular, pero queremos ter a dispoñibilidade do uso do solo que o Partido Popular non tramitou, é sinxelo Sra. Teijeiro, faciliten o cambio de uso e poderase empezar a comisaría; mentres tanto serán prisioneiros exclusivamente dunha estratexia precisamente pensada para que non se poida facer a comisaría e seguir culpabilizando a quen sexa de que non se ten feito; catro meses leva en trámite a licenza no concello de Lugo, moitísimo máis grave ca os oito anos que houbo que esperar polo Partido Popular para que fixese un Protocolo.

E rexeitan de plano, porque pretende paralizar, porque pretende retrasar, dilatar, e confundir, a emenda presentada polo Partido Socialista; coñecen vostedes a Alberto Núñez Feijóo Presidente da Xunta de Galicia?, coñecen vostedes a dona Fátima Bañez García ata hai pouco Ministra de Empleo e Seguridade Social, nomeada polo Real Decreto 417/2016 de 3 de novembro que, en uso das súas atribucións, xunto con Alberto Núñez Feijóo, asinou un Protocolo entre o Ministerio de Empleo e Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia para a reasignación de usos nos inmobles do denominado “hospital xeral de Lugo” o 19 de xullo de 2017, e que recolle literalmente o mesmo texto que a emenda que presenta o Partido Socialista?. Está o Grupo Popular emendándolle a plana política, administrativa, e institucional, a todo un Presidente da Xunta de Galicia e a toda unha Ministra de Empleo e Seguridade Social do Goberno de Mariano

Rajoy que, con alegría, algarabía, e gran mobilización de cargos do Partido Popular, monta un acto na Xunta de Galicia para anunciar que este Protocolo “es la solución al barrio de la Residencia”; e agora ben o Partido Popular de Lugo dicirnos que este Protocolo non vale para nada, que precisamente é o que paraliza os investimentos no barrio da Residencia?, veña Deus e o vexa porque isto non hai persoa na terra que poda comprendelo.

A nosa emenda era tan amable, tan positiva, e tan propositiva, como que tódalas partes implicadas desenvolvesen este convenio, que dicía: “de acuerdo con la normativa urbanística vigente, Plan General de Ordenación Municipal de Lugo, la parcela sobre la que se asienta el complejo hospitalario está calificada como equipamiento comunitario de los sistemas generales, con uso específico sanitario”, e digo eu que no Ministerio e na Xunta haberá letrados que lean os protocolos e os convenios antes de asinalos; e xa nas cláusulas, “el objeto de este protocolo es determinar las actuaciones patrimoniales a realizar por la Comunidad Autónoma y la Tesorería General de la Seguridad Social, al objeto de facilitar espacios en el complejo del antiguo hospital xeral de Lugo para albergar diversos equipamientos públicos”, “para el cumplimiento de lo anterior”, e fíxense o que di aquí, “la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia tramitará, de acuerdo con el Real Decreto 1679 de 1990, expediente de retrocesión patrimonial a favor de la Tesorería General de la Seguridad Social del inmueble denominado “pabellón general, hospital general” identificado como número 2 en el plano que se adjunta que forma parte del complejo antiguo hospital xeral de Lugo”, “el resto de los inmuebles integrantes del complejo seguirán destinándose a fines sanitarios”. “El presente protocolo surtirá efectos desde el momento de su firma”, o 19 de xullo de 2017, “comprometiéndose la Xunta de Galicia a tramitar la retrocesión y a aportar en el plazo máximo de un mes la documentación necesaria de los inmuebles situados en la parcela transferida en adscripción”, en 19 de xullo de 2017 firman este convenio.

En xaneiro e en marzo, moito despois dun mes, fan a retrocesión, e cando se cumpría un ano da sinatura deste convenio anulan a retrocesión; e hoxe, que o Partido Socialista o único que lles propón é unha emenda que reproduce o Protocolo firmado entre o Ministerio e o Presidente da Xunta, atrévense a dicir que iso o que fai é paralizar as obras no barrio da Residencia, pois non, anunciárono vostedes e dixeron que era a solución e nós queremos que cumpra esa solución, que administrativamente se poda facer unha comisaría para dicirlle ós nosos compañeiros e ó Goberno

de todos en España que en Lugo se pode, se debe, e se ten que facer xa unha comisaría pero dende a legalidade, non poñan vostedes obstáculos administrativos deixando de respectar ata o que o seu Presidente, o do Partido Popular e tamén o da Xunta de Galicia, e unha Ministra do Goberno de Rajoy, a señora Fátima Bañez, asinaron non hai moito máis dun ano aquí diante de todos prometéndonos grandes marabillas das que aínda non se viu ningunha; e estou seguro que de aquí a maio de 2019 só imos ver os cascallos do vello hospital, se é que é certo iso de que empezan as obras de demolición”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“As obras de demolición non poderían empezar se facemos esa retrocesión que quere vostede facer e o que nos emenda, a súa proposta é moi amable pero tamén é moi sutil e enganosa; ese Protocolo e esa retrocesión á Tesouraría da Seguridade Social pódese facer unha vez demolido o edificio para darlle novo uso a esa parte do terreo onde se vai colocar a comisaría.

Eu preguntáballe ó comezo da segunda intervención se vostede realmente señor Santos, que quere aterrizar en Lugo, quere para Lugo as dotacións que se están propoñendo para a vella residencia”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 2 (correspondentes ó señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial Popular.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- CONTA DOS INFORMES DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) E INFORMES DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2018 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes do terceiro trimestre de 2018, relativos ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento de Lugo, e da Fundaición para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e informes dos meses de xullo, agosto e setembro de 2018 do RD 635/2014.

13.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE SETEMBRO DE 2018.

Dada conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de setembro de 2018, o Pleno da Corporación queda enterado.

14.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2018 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2018.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 30 de setembro de 2018 e previsións a 31 de decembro de 2018.

15.- CONTA DA ADAPTACIÓN DOS EXTREMOS DA FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DAS BEO DO ORZAMENTO XERAL DE 2018.

Dada conta da adaptación dos extremos da fiscalización e intervención limitada previa das BEO do Orzamento Xeral de 2018, o Pleno da Corporación queda enterado.

16.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ata o trinta e un de outubro de dous mil dezaoto, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2591 ata o 2919. Pleno da Corporación queda enterado.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

A S U N T O S D E U R X E N C I A

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial Socialista e polo Grupo Provincial do BNG que se tratará a continuación.

Moción do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, para evitar o peche inmediato do consultorio de Castro de Carballedo.

Logo de ver a moción a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Álvaro Santos Ramos, Voceiros respectivamente do BNG e PSOE na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción de urxencia para evitar o peche inmediato do consultorio de Castro de Carballedo

Motivación da urxencia

Dado que despois de ser convocado este pleno foi coñecido polas veciñas e veciños a intención do SERGAS de proceder ao peche inmediato deste consultorio, non atendendo xa as persoas usuarias dende este mesmo luns.

Exposición de Motivos

Conseguir unha Sanidade Pública universal foi un logro desta sociedade ao cal non estamos en disposición de renunciar. Defender os servizos públicos é o noso deber para poder termos unha calidade de vida digna. Para que este servizo sexa de verdade universal, ten que estar dispoñible, e que poida acceder a el toda a poboación, pois de nada servirá que exista se se dificulta o seu acceso.

O peche do consultorio de Castro leva consigo a diminución de dereitos duns veciños e veciñas que teñen unha casuística especial: vivir nun rural cada vez máis deteriorado e desprotexido polas administracións públicas. Todos os gobernos e administración din que van defender o rural, pero logo a práctica real é toda a contraria, poñendo por diante os criterios “economicistas” por riba deste obxectivo que debería ser irrenunciable.

A maioría das persoas ás que nos referimos deberían estar protexidas dun xeito especial, pois a maioría delas teñen idades moi avanzadas, teñen moitos problemas de mobilidade e viven sos, sen persoas que poidan axudarlles e coidalas. Nunca deberan aducirse motivos de rendibilidade para non darlles esta protección que necesitan e merecen.

Como todos e todas sabemos, as pensións que se cobran no rural galego son moi baixas, estando a maioría delas na pensión mínima ou ao carón dela, existindo incluso moitas persoas que teñen como único ingreso unha non contributiva. É máis, segundo os criterios dos organismos internacionais, moitas destas persoas con estes ingresos estarían por debaixo do limiar da pobreza, polo que para eles vai suor un gran esforzo ter que apartar unha parte importante da súa pensión

para dedicar a taxis que os transporten ata o centro de saúde (a consultas, probas e farmacia), pois non esquezamos que tamén o medio rural quedou illado coa última reforma do transporte. Este esforzo afondaría aínda máis na perda da súa calidade de vida.

Ademais de todo isto, ao igual que aconteceu noutros lugares, o seu peche vai levar consigo a retirada progresiva doutros servizos existentes neste mesmo pobo, provocando un “efecto dominó” que afondará aínda máis na situación descrita anteriormente.

O agravamento da perda de poboación neste pobo estará así garantida e con ela o descenso tamén da poboación do propio concello de Carballedo.

Nesta moción, tamén queremos mostrar a nosa repulsa e descontento polo xeito en que se se levou a cabo este peche. Foi feito con aleivosía e premeditación, pois a Asociación de Veciños, titular do consultorio de Castro, non foi informada en ningún momento da situación nin das intencións do Sergas. E o que é máis, acelerouse o seu peche en canto a veciñanza empezou a levar a cabo algunha iniciativa para evitalo.

Nesa liña, baste dicir que o pasado día 22 celebrouse un pleno no concello de Carballedo no que os tres grupos políticos presentes na corporación tomaron por UNANIMIDADE o seguinte acordo:

“Instar ao Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia a que manteña os mesmos Servizos cos que conta o Concello de Carballedo na actualidade”

A resposta do SERGAS foi clara e contundente, pois ao día seguinte, o día 23, tras as consultas da mañá, xa estaban baleirando o centro, pechando este a continuación.

Ademais de todo isto, tamén nos tememos que este sexa o primeiro paso para un proxecto máis ambicioso do SERGAS de ir fusionando e pechando consultorios pola resto da provincia. Así consultorios como O Saviñao e Currelos, Bretoña e A Pastoriza, Lousada e Guntín, Seoane e Folgoso do Courel, San Román e Doiras, Rubián e Bóveda, etc poden ser os seguintes en caer.

Con esta moción reclamamos que ao medio rural non se aplique unha estatística numérica e simplemente “economicista”. Non se lle poden aplicar criterios económicos polas súas especiais características. O medio rural ten que ter unha discriminación POSITIVA con respecto aos servizos se de verdade queremos conservar e asentar poboación.

Así mesmo, reclamamos unha aposta pola atención primaria que acabe coa situación de abandono na que se atopa, un maior investimento en recursos humanos que termine coa redución de persoal e a precariedade laboral, é dicir, un sistema sanitario público e de calidade que teña en conta as características especiais das zonas rurais.

E por todo o exposto con anterioridade polo que, de forma conxunta e facéndonos eco das reivindicacións dos veciños e veciñas de Castro, en Carballedo, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista Obrero Español na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo Insta ao Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia a reverter a decisión tomada con respecto ao Consultorio de Castro e proceder reabrilo de forma inmediata.

2º.- O Pleno da Deputación de Lugo Insta ao Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia a que manteña os mesmos Servizos cos que conta o Concello de Carballedo na actualidade: Centro de Saúde da Barrela e consultorio de Castro cos seus respectivos facultativos e demais persoal”.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que se procederá en primeiro lugar á explicación e votación da declaración de urxencia da moción.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Que quede claro que é unha moción que ó final decidimos presentala conxuntamente porque iamos presentar os dous Grupos a mesma moción que nos chegara dende Carballedo, por iso decidimos presentala conxuntamente.

En todo caso dicir que é unha moción de urxencia dado que, alo menos no noso caso, tiñamos xa unha moción preparada para presentar pola vía ordinaria pero parecía que había un acordo na Corporación de Carballedo para facer a proposta dende alí, co cal cambiamos a última hora e non a presentamos, pero despois unha vez que o Sergas e a Xunta se enteraron de que había movemento para intentar evitar que lles pecharan o consultorio de Castro, decidiron ó día seguinte, unha vez rematadas as consultas, desmantelar todo e pechar o centro; co cal estaba a Orde do Día xa feita e convocado o Pleno, e vímonos obrigados a presentar esta moción por urxencia.

Tamén é certo que non pode esperar a debatela no próximo Pleno dado que se trata de eliminar un médico, e neste momento pasaría cadaún de atender 530 cartillas a atender 800 cadaún dos dous médicos que quedan, e pasado un mes parécenos que sería moi difícil reverter a situación; agora estamos a tempo porque só hai uns días que pasou isto, e por iso traemos aquí esta moción para o seu debate e, se se aproba, que entre en razón a Xunta e o Sergas e revertan a situación”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Para incidir na motivación da urxencia, totalmente de acordo co que acaba de dicir o Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, pero ademáis se é urxente por toda a situación que se deu máis o é nun medio rural como é Castro de Carballedo, cunha poboación envellecida, e porque ademáis non só supón o peche dun consultorio senón que detrás disto virá a perda doutros servizos como pode ser ter unha farmacia aberta, ou outros servizos que van vinculados a un consultorio médico.

Pero sobre todo por esa poboación envellecida que ademáis, os que coñecemos a zona, sabemos que en Castro teñen un acceso máis dificultoso, toda a zona de Peares, que non é o mesmo achegarse a Castro que achegarse ata A Barrela; polo tanto, atendendo á diminución de

poboación no rural e tamén ó envellecemento da mesma, cremos que unha vez que xa se produciu a perda do servizo, pero que aínda está moi próxima porque isto ten un carácter de hai uns días atrás, e posto que no pleno de Carballo foi aprobada esa iniciativa por unanimidade, e que así se nos traslada para traer tamén a este Pleno, esa é a motivación para pedirllas a aprobación da urxencia para posterior debate e votación”.

A continuación procédese á votación da declaración de urxencia da moción, e efectuada a mesma o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á declaración de urxencia da moción presentada.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque incluso moito do debate que temos aquí démoló antes co problema de Portomarín; é un problema moi parecido dado que as políticas con respecto á educación e á sanidade van na mesma liña.

Aquí trátase non de que se peche un consultorio, que tamén, senón que ó final pérdese un médico no concello, co cal cada facultativo pasará de atender 530 cartillas a 800, que por cuestións económicas elimínase un posto de traballo dun médico, e de paso impídese que a xente de Castro poda consultar no seu pobo. Peche feito ademáis, como dicía antes, con premeditación e aleivosía, en canto viron calquera tipo de movemento xa non esperaron máis e pecharon a súa porta.

Volvo dicir o mesmo que dixeran antes, é unha decisión política neste caso do Sergas, da Xunta de Galicia, que decide que por cuestións económicas exclusivamente ter un médico menos e pechar un consultorio, obrigando a toda esta xente, xente moi maior, xente do rural e con moi baixos ingresos, a ter que usar taxis e outros medios de transporte que lle son custosos para os seus ingresos para ter que desprazarse a outra vila.

Para nós é moi importante, e queremos deixar constancia delo, que cremos que é un primeiro paso dunha estratexia máis ambiciosa do Sergas, eu dende logo se fora do Saviñao e

Currelos, se fora de Bretoña ou Pastoriza, se fora de Lousada e Guntín, de Seoane e Folgoso, de San Román e Doiras, de Rubián e Bóveda, e dalgún lugar máis que hai dentro dun mesmo concello, estaría moi preocupado porque veremos nos próximos meses, se a isto non lle poñemos remedio, como se empezan a pechar consultorios en moitos concellos ó mesmo tempo que se amortizan prazas de médicos neste caso. Estaría moi preocupado e dende logo que se poñan sobre aviso porque o que lles pasa ós veciños e veciñas do Castro en Carballedo vailles pasar próximamente a moitos veciños da provincia.

Creo que o tema está claro, e a ver se entre todos co empuxe que deamos dende aquí, se puidera ser de forma unánime, consigamos reverter esta decisión que é a todas luces inxusta da Xunta de Galicia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Compartindo a intervención do Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, e sendo unha moción conxunta, reservámonos para o seguinte turno”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Moi brevemente anunciando o noso voto favorable a esta iniciativa, e subscribindo tamén as palabras que no Pleno da Corporación de Carballedo se dixeron por todos, nomeadamente permítanme que cite ó Alcalde, un Alcalde que leva asumindo esa responsabilidade nada menos que trinta e dous anos, así que algo coñece e algo o coñece.

Sen desmerecer, e volvendo utilizar os mesmos argumentos que usamos na moción que afectaba ó concello de Portomarín, cando rematou o debate e nun encontro saudando ós pais alguén propoñía que a medida que ía pasando o tempo, como había menos nenos e temos este problema demográfico, ó mellor había que plantexarse reunificar colexios de varios concellos en un só; iso era unha proposta que se facía de maneira construtiva aí fóra despois do debate, onde tanto a

representante do Partido Socialista de Portomarín como a mesma compañeira Deputada asentían como unha medida que podería ser positiva para a calidade educativa.

Poño este exemplo, sen cambiar por suposto o sentido do voto e sen trasladar a nosa responsabilidade ao efecto, como dixeron subscribindo o que se dixo no concello de Carballedo, para dicir con que fraxilidade ou non sei que palabra utilizar para que non se me malinterprete, porque isto pasou hai dez minutos aí fóra, fagamos un acordo tódalas forzas políticas por traer máis xente ós nosos pobos, por combater o reto demográfico, o que evitaría seguramente estas circunstancias, e pelexemos conxuntamente para que isto nunca sexa un debate que teñamos que pedir que amplíen o centro de saúde porque invertimos a tendencia demográfica, algo moi complicado pero dende logo se nos unimos pode estar máis cerca de conquerilo. Dende logo vaia por Carballedo e polos usuarios deste consultorio, pero tamén vaia ese exercicio de coherencia de qué rápido cambiamos de argumento en función do que nos interesa”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Aquí pasa un pouco igual que pasaba coas políticas de xénero, non hai que dicilo se nón que hai que actuar en consecuencia para evitar que isto pase. Non se poden aplicar políticas economicistas, é inxusto, porque aínda que baixara o número de usuarios do Sergas que pode haber en Carballedo a realidade é que esas persoas son cada vez máis maiores e polo tanto van utilizar máis os servizos médicos, co cal non é a argumentación.

E non é xusto tampouco que se usen as mesmas ratios en Carballedo ca se poden usar en Outeiro de Rei por exemplo, ou en Lugo, cada comarca e cada concello ten as súas características e hai que usar ratios distintas, non se pode usar a mesma vara de medir para todos, e hai que discriminar positivamente, non vale dicir que apostamos polo rural e despois sacar un médico, porque é o que se está a facer aquí; non é que se peche un consultorio, é que se saca un médico en Carballedo, con todo o que iso conleva, porque non só se concentra en Carballedo todo o que é a atención médica senón que aumenta case un 50% o número de persoas que vai ter que atender cada médico; esa é a clave da cuestión.

E logo aquí subxace un debate que creo que hai que dar, eu, para ben ou para mal, teño o costume de ter amigos en todos os lados e que pensan de distintas formas, e teño un moi bo amigo que ten un cargo importante no Sergas co que discutía en boa lid porque el mantiña que cando unha persoa decide vivir nun sitio ten que ser consecuente coas consecuencias que lle ten vivir alí, a mín iso paréceme unha auténtica barbaridade, un servizo universal ten que ser para todos vivas onde vivas, e ese razonamento é o que nos leva precisamente a que non quede ninguén no rural.

Temos que ser coherentes, se cremos en defender o rural temos que gastar diñeiro nelo, e se hai que retrasar o AVE un ano retrásase, pero non deixemos por exemplo neste caso a Carballedo sen médico, tomemos as decisións que haxa que tomar, revertamos estas cousas, e neste caso que o Partido Popular, que é a quen lle toca estar gobernando neste momento, sexan coherentes co que votan, e presionen ós seus dirixentes ou a quen corresponda para que non pasen estas cousas; vostedes son de Lugo, non vale de nada levantar aquí a man e votar unha cousa se despois iso non o defenden ata as últimas consecuencias onde sexa necesario.

Dende logo agrádese a boa vontade, e estou convencido de que a vostedes, igual có Alcalde de Carballedo, lles gustaría que iso non pasara, pero hai que ir un pouco máis alá do que a un lle gustaría e actuar en consecuencia, a fin de contas os Partidos Políticos todos sabemos como funcionan e os que están arriba tamén teñen que facer o que lles mandan os de abaixo moitas veces cando iso é razoable e son maioría, co cal actúen en consecuencia e non permitan estas cousas”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Moi brevemente e sen entrar en detalles, non se dixo exactamente o que a Sra. Candia acaba de afirmar, pero ese non é o motivo do debate desta moción. Esta moción, ó igual cá de Portomarín, o que nos ven amosar é que nesta lexislatura do rural, da que presume tanto o Sr. Feijóo e o Partido Popular, vostedes veñen aquí a non quedar mal cos veciños da provincia, ou en todo caso cos seus Alcaldes, que creo que é o que máis os motiva para votar a favor destas propostas, pero logo, tal e como dixo Ramiro tamén fóra, non lles fan caso aí arriba; e ese problema

téñeno vostedes, se non son capaces de facer oír os problemas desta provincia ós responsables que gobernan na Xunta de Galicia cando vostedes son partícipes e comparten os problemas que se traen a este Pleno, evidentemente teñen un serio problema de credibilidade coas persoas que os representan na Xunta de Galicia.

Para nós a gravidade de todo isto é a merma da prestación de servizos no medio rural, antes falabamos de educación, agora falamos de sanidade, vostedes tratan ás persoas coma meros números, e esa é a mensaxe que teñen que facer chegar arriba, dicirlles que as persoas que viven no rural son nin máis nin menos ca iso, persoas, non son números e non se lles poden aplicar as matemáticas directamente, hai que ter en conta outra serie de condicionantes.

Eu creo que a educación e a sanidade son dous servizos básicos, penso tamén que vostedes comparten isto con nós, e máis alá de votar a favor desta moción e facer este xeneroso brindé, eu o que lles pediría é que trasladen todo isto a onde corresponde para que se tomen en serio as propostas que veñen a este Pleno, ademáis, sábeno moito mellor cá min, en Carballedo teñen un amplo respaldo electoral, polo tanto tamén teñen certa obriga a maiores se cabe con esta poboación”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“No fondo cando se escoitan os argumentos que esgrimen neste segundo turno un queda coa sensación de que realmente vostedes traen as mocións a ver se o PP vota en contra porque así xa teñen o discurso para dicir que “o PP fai”, “o PP di”. Entonces se votamos en contra abróncannos, se votamos a favor abróncannos tamén, en definitiva nunca actuamos ben, grazas a Deus que me fale a Deputada de Cultura, agora creo que xa non é de cultura tampouco, de lexitimidade e credibilidade cando precisamente antes de facer unha reflexión hai que mirarse no espello; en primeiro lugar vostede non está nin lexitimada para falar de credibilidade de onde ven, vostede agora fixo un papel importante cunha compañeira de Portomarín defendendo ós pais, que o apoiamos, agora faino con Carballedo, que está na súa comarca, pero vostede representa unha

porcentaxe dun concello de Antas pouco representativo, respectado e respectable, pero matematicamente pouco representativo.

Pero é que tampouco foi respectada a súa lexitimidade aquí, mire vostede onde empezou, quen defendeu os Orzamentos hoxe?, e está aí detrás e está a punto de saír pola porta; así que teña moito coidado, con humildade, e polos medicos de Carballedo, polos servizos educativos, faga un debate construtivo e no asunto que estamos hoxe debatendo, non lle poña leccións a ninguén, porque hai xente que nos pode dar leccións pero probablemente non sexa vostede a máis indicada para chamarlle a atención a ninguén nos dous aspectos que tocou.

E cando ademáis temos anunciado un voto favorable, e son preto das cinco da tarde, e queremos mandar unha mensaxe construtiva, non provoque, porque iso realmente non lle vai conducir a nada; e o máis importante de todo iso é que a xente nos escoite falando de maneira construtiva e en positivo. Entonces esta iniciativa ten o apoio de tódolos Deputados que representan o Partido Popular”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente anunciase que hai un Rogo e duas Preguntas regulamentariamente formulados polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

.- Neste momento pide a palabra o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, membro do Grupo Provincial Socialista, para facer un Rogo, séndolle concedida pola Presidencia.

Intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, para manifestar o seguinte:

“Faime chegar a Xunta de Persoal un escrito que paso a ler: “A Xunta de Persoal da Deputación Provincial de Lugo que esixe que os descualificativos contra o Xefe de Servizo de Recursos Humanos non se recollan na Acta. As cuestións políticas que se debatan entre políticos non deben en ningún caso referirse ós empregados provinciais”. Está asinado polo presidente da Xunta de Persoal.

Simplemente se me deu traslado disto, e eu o que fago é lelo neste apartado de Rogos e Preguntas, porque tampouco sabía moi ben en que apartado tiña que facelo, para que quede en Acta”.

.- A continuación pide a palabra o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para facer un Rogo, séndolle concedida pola Presidencia.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Xa que se falou ó principio de que nos faltaba información porque non nos chegaban as emendas, eu solicito que, igual que nos fan chegar as mocións cando se convoca o Pleno, se nos fagan chegar tanto as emendas que puidera haber a calquera cousa como as Preguntas e Rogos regulamentariamente formulados, darnos alo menos vinte e catro horas para poder preparar algo, senón é un pouco subrealista como foi hoxe a votación dos Orzamentos”.

.- Rogo presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ás convocatorias en réxime de concorrència competitiva, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular na Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o próximo pleno da Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Dadas as queixas que temos recibido en relación ás bases que regulan as convocatorias para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a

- entidades e clubs deportivos da provincia (axudas á actividade competitiva federada, e axudas para a organización de evento deportivo)
- entidades asociativas culturais da provincia para a realización de actividades de interese cultural

e visto que nas últimas Xuntas de Goberno da Deputación de Lugo se aprobou declarar a perda do dereito de cobro dunha cantidade considerable das subvencións concedidas, este Grupo considera preciso revisar estas bases para as vindeiras convocatorias.

En concreto naquelo que se refire aos criterios xerais para a valoración, así como ao tipo de gastos subvencionables.

Polo anteriormente exposto o Grupo Provincial Popular, rógalle:

Revisar para as vindeiras convocatorias as bases que regulan a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia e entidades asociativas culturais da provincia para a realización de actividades de interese cultural”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Estas perdas de dereitos de cobro moitas veces son de 2015 e 2016, antes non se facía isto e agora estámolo levando a cabo, non obstante intentaremos revisar as convocatorias nese sentido, pero creo que o problema ven de atrás non de agora”.

P R E G U N T A S

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao complexo de Augasmestas, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta

En relación á moción aprobada por unanimidade na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial celebrada o 31 de xullo de 2018 pola que se *“insta ao equipo de Goberno da Deputación a que corrixa as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga”*, desde o Grupo Provincial Popular rexistramos o 24 de setembro de 2018 a seguinte pregunta:

“¿Qué pasos ten dado o Goberno da Deputación de Lugo desde o 31 de xullo para cumprir ese acordo e, polo tanto, para corrixir as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga?”

Neste senso, na sesión ordinaria de 25 de setembro de 2018 o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo manifestou o seguinte: *“Nese sentido xa se falou co concesionario e estamos buscando presupostos, non obstante pásolle a palabra ao Deputado de Turismo para que lle aclare a pregunta”*. E o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno provincial, dixo o seguinte:

“En canto a esta pregunta, dous aspectos fundamentais, un deles é ter unha reunión co adxudicatario para poñer enriba da mesa as distintas interpretacións que poidan xurdir dos pregos de adxudicación. E froito tamén desa reunión é que os servizos técnicos desta Deputación fixeran un proxecto de viabilidade para implementar e para poder dar solución definitiva á depuración das augas residuais do complexo.

Neste momento existen tres proxectos posibles para dar solución a ese problema, proxectos que haberá que mirar se cumpren tódalas especificacións tanto da Confederación Hidrográfica coma do Concello de Quiroga, e despois valorar a posibilidade de poñelas en marcha. Polo tanto as solucións están enriba da mesa e están xa en marcha”.

En relación sobre se o custe dese proxecto sería asumido por parte da Deputación Provincial, o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde respondeu o seguinte:

“Neste momento existen eses proxectos, e unha vez que vexamos a súa viabilidade teremos que falar co concesionario e tomar a decisión oportuna. Neste momento non está tomada a decisión de se vai ser a Deputación ou o concesionario da infraestrutura de Augasmestas”.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿Qué pasos ten dado o Goberno da Deputación de Lugo desde o 25 de setembro para corrixir as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas, é dicir, cales son as conclusións da reunión mantida co adxudicatario e en que situación se atopa a súa posta en funcionamento?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“En relación a esta pregunta sinalarlle dous aspectos que resumen cales son as conclusións da reunión mantida co adxudicatario e en que situación se atopa a súa posta en funcionamento. En relación á anterior consulta que fora contestada tamén pola miña parte dicir que das tres opcións que había para a depuración das augas residuais, xúntase xa un proxecto de peche perimetral que esixe a Xunta de Galicia para aqueles establecementos de campamento turístico, polo tanto existe xa o proxecto de peche perimetral tamén. Consultadas as opcións de depuración na Confederación Hidrográfica antes de facer a súa tramitación son acordes ó ordenamento que se esixe para os verquidos.

E con respecto á outra cuestión de cales son as conclusións da reunión mantida co adxudicatario, lamentar que ata o momento non se tivo esa reunión por causas sobrevidas de que o representante da empresa adxudicataria atópase no estranxeiro dende hai un mes e, segundo as informacións que teño, ata o 26 de decembro non vai vir; por tanto teremos que agardar a que regrese o mes que ven”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, en relación co centro de recría, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta

Na sesión plenaria ordinaria de 27 de xuño de 2017 aprobouse a adxudicación da contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación Provincial de Lugo “Gayoso Castro” a favor da entidade Recría Castro S.L.U. Un centro no que se teñen investido máis de 13 millóns de euros.

O 8 de novembro de 2017 o Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo e o responsable de Recría Castro S.L.U. asinaron o contrato da concesión pública para a xestión do Centro de Recría da Granxa Gayoso da Deputación e o propio Presidente da institución provincial anunciaba que a mesma abriría a principios de 2018.

Finalmente, o Centro de Recría da Deputación Provincial de Lugo “Gayoso Castro” abriu e entrou en funcionamento o 5 de xuño de 2018.

Desde este Grupo, despois de que pasaran máis de cinco meses desde que este centro abrira as súas portas e visto a cantidade investida no mesmo por parte da Deputación de Lugo, consideramos necesario interesarnos polos datos técnicos, a día de hoxe, sobre o seu funcionamento.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿Cales son os datos técnicos, a día de hoxe, sobre o funcionamento do Centro de Recría “Gayoso Castro”, é dicir, cal é o número total de animais (en lactancia, en corentena, en boxes individuais, en boxes colectivos e en naves de transición), cal é o número de baixas que se produciron (no caso de terse producido e as causas) e cal é o número de animais devoltos ás explotacións de orixe (no caso de terse producido e as causas)?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Se me permite o Sr. Presidente quixera facer unha suxestión a tódolos Grupos Políticos ou ós Deputados, creo que temos que recurtar os tempos porque son xa as catro e media da tarde, e creo que nos pasamos moito nas contestacións; isto é unha suxestión, cadaún que tome nota e deberíamos empezar a pensar niso.

Con relación ó centro de recría Gayoso Castro, a data 23 de novembro pásanos os datos seguintes o director da Granxa don Miguel Angel Fernández López. Eu titularíao como un centro de primeiro nivel, quixera e invítoos a que vaian ver como se encontran os animais neste momento.

Como digo, a 23 de novembro entraron 465 becerras, as cales proceden de 39 gandeiros. No mes de xuño entraron 167 animais; en xullo 73; en agosto, 47; en setembro, 61; en outubro, 80; e en novembro 37. Das 465 están aloxadas nas instalacións do centro de recría da seguinte maneira: 113 xovencas lactantes en boxes individuais, 125 xovencas en boxes colectivos, 158 xovencas en cama quente na nave 1, e 60 xovencas en cama quente na nave 2, porque van avanzando segundo van entrando.

Ata o 23 de novembro de 2013 houbo oito baixas de animais lactantes, o que supón unha porcentaxe moi baixa de tódolos animais que entraron. Quero dicir que o manexo é envidiable, creo que se lle pode recomendar a calquera gandeiro que as novillas que nazan nesa gandeiría as leven alí.

E teríamos algúns animais máis, este é un reproche que unha tal Marta Muñoz se sacou da manga o pedir para tuberculose con cinco anos atrás e hai gandeirías que se ven prexudicadas, senón hoxe habería máis novillas. E non deixemos de recoñecer que algunhas gandeirías deixan de mandalas por temas económicos porque aínda non chegaron a ver que ese rendemento está manifestado.

Eu que visito varias gandeirías a verdade é que a crianza deses animais son superiores ó que se fan nas casas, non temos máis que falar ben, hai un cambio na alimentación, no manexo, na propia explotación, e eu invítoos a que, cando a dirección da empresa o permita, o vaian ver porque é digno de ver”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.